

Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria II



XUNTA DE GALICIA

**GUÍA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL
NON DISCRIMINATORIA II**

XUNTA DE GALICIA

Edición

Xunta de Galicia
Presidencia
Secretaría Xeral da Igualdade

Selección e elaboración de fichas

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, GÁLIX

Coordinación

Montse Pena Presas
Pilar Sampedro Martínez
(GÁLIX)

Redacción de fichas

María López Sández
Montse Pena Presas
Pilar Sampedro Martínez
(GÁLIX)

Glosario de autoras e autores

Ánxela Gracián
(GÁLIX)

Glosario de ilustradoras e ilustradores

Pilar Sampedro Martínez
Manuel Figueiras F.
(GÁLIX)

Deseño e maquetación

Manuel Figueiras F.

PRESENTACIÓN

Di Tzvetan Todorov que a relación cos valores lle é inherente á literatura, xa que a escritura é un acto de comunicación no que se busca o acordo, acordo en nome de valores comúns. Por iso, dun momento histórico no que a literatura, e particularmente a infantil e xuvenil, se consideraba fundamentalmente como un instrumento ao servizo do ensino da lingua e da capacidade de expresión oral e escrita, pasouse a darlle un papel fundamental na transmisión de valores e na formación da persoa. A literatura infantil e xuvenil é comunmente usada non só como expresión da capacidade creativa, senón tamén como a maneira de facer chegar determinadas mensaxes que se consideran imprescindibles para que nenos e nenas poidan entender o mundo e as relacións entre as persoas.

Por seren os valores realidades dinámicas, cambiantes, oscilantes en función dos cambios sociais e culturais, crenzas básicas para a nosa interpretación do mundo e para dotar de significado os acontecementos da nosa existencia, a literatura infantil e xuvenil reflicte tamén nos últimos anos a profunda transformación social que supón a imparable equiparación en dereitos das mulleres con respecto aos homes. E, a pesar de que o protagonismo masculino segue sendo maioritario, nos últimos anos, ao compás das transformacións vividas no papel das mulleres nas sociedades occidentais e, con elas, na nosa propia, apareceron rapazas protagonistas, nenas resoltas, princesas valentes e intrépidas que converten en príncipes a nenos apoucados e sensibles, pais que len contos e que teñen un papel máis activo e cariñoso no ámbito do fogar e nais profesionais que lles dan a réplica ás tradicionais princesiñas que agardaban o bico do seu príncipe azul ou ás bruxas malvadas que empezoñaban os fogares.

De toda esta transformación dáse cumprida conta no volume que se presenta, no que se fai unha escolma, como continuación a un traballo desenvolvido xa no 2004 para o período inmediatamente anterior, daquelas obras máis significativas da literatura infantil e xuvenil en galego nas que se recolle máis claramente o valor da igualdade, o protagonismo feminino ou a ruptura con esquemas preestablecidos e xa caducos en relación con aptitudes e comportamentos marcados polo sexo das persoas protagonistas.

A Secretaría Xeral da Igualdade e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través do seu Seminario Permanente de Educación para a Igualdade, levan máis dunha década traballando na formación e na información do profesorado, e das nais epais, cara á súa decidida implicación na consecución dunha escola coeducativa e igualitaria, na que desaparezan ideas preconcebidas e prexuízos de carácter sexista e que permita o desenvolvemento libre e integral das persoas. Deste traballo dan mostra un numeroso conxunto de publicacións utilizadas na educación das persoas máis novas que hoxe completa esta *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria (2005-2007)*.

PRESENTACIÓN

Para favorecer a súa utilización, o documento estrutura as lecturas en grupos de idade, resume as temáticas máis interesantes de cada obra relacionadas coa educación e, para saber máis, propón obras relacionadas que lle permiten á persoa lectora afondar máis na temática elixida.

Esperamos que este volume, que elabora a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) por proposta da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e que incorpora consellos útiles e propostas de actividades para a utilización das lecturas recomendadas na aula, sexa un instrumento valioso tamén para todos aqueles pais e nais preocupados polas lecturas infantís. Todas elas foron escollidas para que as fiestras polas que os nosos fillos e fillas, o noso alumnado, ven o mundo, se abran de par en par.

Marta González Vázquez
Secretaría Xeral da Igualdade

Continuando o traballo iniciado en 2004 coa publicación da *Guía de literatura infantil xuvenil non discriminatória*, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) presentan agora unha continuación desa angueira, sempre inacabada. Este novo volume vai encamiñado, do mesmo xeito ca o anterior, a continuar promovendo a igualdade entre nenas e nenos, entre mulleres e homes. Aínda que a igualdade conta, hoxe, cunha ampla base legal, segue sendo insuficiente en diferentes ámbitos, entre os que está o educativo. Por este motivo, esta segunda parte da guía (que recolle obras publicadas nos anos 2005, 2006 e 2007 e que ten tamén como destinatarios principais aos mediadores e mediadoras) tenta:

- Destacar obras en que as nenas cumpren un papel protagónico activo e senlleiro.
- Sinalar narracións en que tanto as cativas como os cativos se ven liberados dos roles de xénero máis estereotípicos.
- Reflexionar textos en que o maltrato e a violencia, en calquera das súas formas, son claramente condenadas ou se establece unha reflexión profunda a partir delas.
- Valorizar os saberes tradicionalmente considerados femininos.
- Impulsar os valores de igualdade, paz e tolerancia a través da literatura.
- Achegar outras culturas para que se coñeza a situación de nenas e mulleres en ámbitos diferentes ao europeo.

Todo isto para tentar acadar que as cidadás e os cidadáns do futuro consigan construír un mundo e unha sociedade en que a igualdade sexa unha palabra chea de significacións reais. Aínda así, nos últimos anos, a mellora foi máis que evidente, como amosa xa a propia análise dos textos da literatura infantil e xuvenil galega. Se no período que se alonga entre 1975 e 1985, os personaxes masculinos copaban o 61,22% dos papeis protagónicos¹ (algo que non debe sorprender, xa que é común aos comezos da maioría das literaturas infantís), a partir de 1985 comezan a producirse unha serie de innovacións –entre as que está o tratamento das personaxes femininas– que posibilitan que neses anos se publiquen as primeiras obras feministas da LIX galega: *Pericles e a balea* (1984) de Xohana Torres e *O segredo da pedra figueira* (1985) de María Xosé Queizán. Os finais dos anos 80 e a década de 90 trouxeron o establecemento dunha nómina de autoras e autores que se consolidou, conseguindo premios literarios dentro e fóra das nosas fronteiras. Da súa man esváense as imaxes máis estereotipadas da década anterior e aumenta considerablemente o número de personaxes femininas e a variedade de liñas temáticas en que estes aparecen.

¹ Segundo o que se recolle en Pena Presas, Montse (2009). "Imágenes de niñas en la literatura infantil y juvenil gallega". En *Los Clásicos y su influencia en la Literatura Infantil y Juvenil*. Actas del I Congreso Internacional de Literatura Infantil y Juvenil. Valencia, 23 al 25 de abril de 2008. Valencia: Universidad Católica de Valencia. 219-229.


Por último, nesta última década as rapazas e as mozas están cada vez máis presentes nas ficcións, polo que aparecen voces femininas realmente singulares e profundas, mais tamén caracteres masculinos que se afastan do modelo de masculinidade máis tradicional. Este semella ser o tempo, afortunadamente, de dar voz e visibilidade a esas outras, a eses outros, que ata o de agora só ocupaban lugares periféricos. Así o demostra a selección de obras que agora presentamos. A organización das mesmas nesta guía estrutúrase por chanzos na competencia lectora:

- Prelectorado e lectorado inicial (entre 0 a 5 anos de idade)
- Lectorado autónomo (6-10 anos)
- Lectorado mozo (11-14 anos)
- Lectorado de fronteira (de 15 anos en diante)

Amais, cada volume seleccionado vai acompañado da súa ficha básica (título, autor ou autora, ilustrador ou ilustradora, colección, editorial, número de páxinas, ano de publicación e mencións –se é que as ten). A esta séguelle o argumento, a través do cal os e as mediadoras poderán comprobar se o texto é do seu interese ou non; as temáticas relacionadas coa igualdade (que chamamos “eixos coeducativos e non discriminatorios”) e unhas propostas de traballo concretas, pensadas en relación ao apartado anterior, que tentan fomentar a reflexión sobre os roles de xénero, as clases sociais, outras culturas, momentos históricos concretos, a importancia de determinadas mulleres na historia, etc... Alén disto, engadiuse un novo apartado, o de “obras relacionadas” co texto traballado: para continuar profundizando nos valores, nos temas e nos motivos que nel aparecen.

Finalmente, estas páxinas péchanse cun breve glosario de autoras e autores e outro de ilustradores e ilustradoras, que establecen unha idea máis completa de quen son as persoas que deron lugar a que esta guía de literatura non discriminatoria puidese ser redactada. A literatura adoita reflectir a problemática e a ideoloxía do seu tempo, polo que todo texto literario conta cunha mensaxe, da que ás veces os creadoras e creadores non son conscientes. Por este motivo, o que se pretende con este volume é visibilizar aquelas obras que suscitan a reflexión en torno aos prexuízos sexistas. É preciso continuar procurando unha viraxe nos cambios de actitude en torno aos papeis tradicionais de homes e mulleres para conseguir unha sociedade máis igualitaria e, polo tanto, máis xusta. Quizais cómpre contiar nese proverbio árabe que di “libros, camiños e días, dan ás persoas sabedoría”. Que ocorra o mesmo coa igualdade.

Montse Pena Presas
Pilar Sampedro Martínez
GÁLIX



Alba é unha nena de oito anos, filla dun conde, que leva unha vida feliz no castelo da súa vila. Mais, de súpeto, xorde un problema: nunha casa do lugar, un polo medrou e medrou ata ser tan grande que os seus donos decidiron abandonalo na fraga. Alí seguiu medrando e medrando ata supor un perigo moi grave para os habitantes da vila, porque engulía todos os alimentos e a xente tiña medo e non ousaba nin ir cortar leña para quentarse. Os mozos e mozas do lugar fixeron unha batida, pero regresaron mazados e malferidos. Tampouco os soldados conseguiron darlle caza. Entón, Alba tivo unha idea e decidiu ir falar co enorme polo, ao que chamaban Capón, en honra da finada avoa do conde do lugar, chamada Caponata. Con grande valentía, a nena faloulle ao animal xigante e propúxolle un trato: irían xuntos á vila e alí daríanlle cantas lambetadas quixese e podería engulir máis e máis, para que os nenos visen que podía comer e comer sen que lle doese o bandullo; mais se finalmente lle doía a barriga, tería que marchar para sempre. Así o acordaron. Na vila, todas axudaron a Alba levando máis e máis lambonadas ao Capón. Ao cabo duns días, a xente empezou a dudar, porque xa as provisións estaban a piques de se esgotar e o Capón seguía engulindo, pero Alba animounos, porque notou que nos últimos días comía máis a modo. De súpeto, despois dun mes, o Capón caeu morto ao chan. Acabara o pesadelo, mais a vila quedara sen comida, xusto agora que era Nadal. Alba propuxo asar o Capón, que deu para que comesen todos a fartar ata que volveron medrar as sementes. Dende entón, en Vilalba iniciouse a tradición de cebar un capón e comelo asado polo Nadal.

Luz Soriano Radío
Mariana Riestra (il.)
Xiz de Cor
Baía Edicións
28 páxs.
2005

Alba de Vilalba

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A asociación da personaxe feminina a valores tradicionalmente masculinos como a valentía e a resolución de problemas colectivos.
- ▼ A recreación, en feminino, do personaxe do heroe que salva ao pobo.
- ▼ A resolución non violenta de conflitos.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Argumentar por que o personaxe de Alba rompe cos tópicos arredor das personaxes femininas típicas. É a filla dun conde e vive nun castelo, pero lonxe da pasividade, sae da casa e, con astucia e valentía, resolve un problema colectivo.
2. Facer unha comparación completa do personaxe de Alba: case non coñecemos as súas características físicas, mais pola contra coñecemos os seus gustos e tamén a súa iniciativa e valentía. É unha personaxe feminina caracterizada desde a acción.
3. Comparar a actuación de Alba cos intentos previos de resolver o problema: a batida para matar ao Capón e o envío de soldados.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Álvarez Cáccamo, Xosé María (2001). *Dinosaurio Belisario*. Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora.
- ▲ Carballeira, Paula (2006). *A cabana de Babaiajá*. Santiago: Laiovento, col. Escena Aberta.
- ▲ Fariña, Anxo (2005). *Dulcinea, a nena cabaleira*. Vigo: A Nosa Terra, col. Don Quixote e Breogán.



Alba de Vilalba



Natasha vivía coa súa nai nunha casa pobre no medio da estepa. Sentíase soa e aburrída e gustáballe moito que chegasen viaxeiros para preguntarlles mil cousas. Pola noite, cando había visitas, facían un lume a carón da casa, conversaban e tocaban o acordeón. Unha noite de chuvia en que Natasha e a súa nai estaban soas, alguén petou na porta. Era un home vestido de negro e aterecido de frío. Mentres o home tomaba unha cunca de caldo, Natasha viu que lle faltaba un dedo e o viaxeiro explicoulle que llo cortara a bruxa Babaiaigá, que vivía moi lonxe, onde a estepa xa non tiña nome. Pola mañá, moi cedo, Natasha partiu en busca de Babaiaigá.

A nena camiñou e camiñou ata caer rendida, pero un moscardo amosoulle o camiño. As escaleiras da cabana de Babaiaigá estaban feitas cos miles de dedos que lles cortara aos que ousaran achegarse por alí. Cheiraba a ovos podres e había patas de galiña coas que a bruxa se movía para impedir que a nena entrase. Babaiaigá estaba dentro, peiteando o seu corvo negro. Entón, uliu a Natasha e comezou a perseguila mentres o corvo berraba: "Cóllea! Mátaa! Cócea!" O gato e o can, dos que a nena se compadecera, axudáronlle enredándose nas pernas de Babaiaigá e chantándolle os dentes. A bruxa subiu novamente á cabana e perseguiu a Natasha coas súas xigantescas patas de galiña. Cando a nena xa non puido correr máis, deixouse caer; mais a cabana esvarou e caeu tamén. Co golpe, Babaiaigá tragou os dentes de ferro e cravou as unllas no corazón. Natasha, cansa, quedou durmida e o moscardo, logo, guiouna de volta á casa. Desde entón, en Rusia dise que, cando sopra o vento na estepa, un corvo negro vai chamando co peteiro nos vidros buscando a Natasha.

Paula Carballeira

(adaptación dun conto tradicional eslavo)

Pablo Otero (il.)

Escena Aberta

Edicións Laiovento

39 páxs.

2006

A cabana de Babaiaigá

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ Asociación da personaxe feminina a valores tradicionalmente masculinos como a valentía, a iniciativa e a resolución de problemas.
- ▼ Utilidade de sentimentos como a compaixón para modificar a conduta.
- ▼ Valoración de pobos diferentes a través das súas tradicións.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar a conduta de Natasha, poñendo de relevo a súa curiosidade polo que hai máis alá da estepa e a súa valentía para emprender a viaxe e enfrontarse á proba.
2. O texto mantén a pegada da representación teatral e o contacontos. Pódese acompañar unha execución total ou parcial coas pezas musicais que se suxiren.
3. Utilizar o conto para coñecer as tradicións orais doutros pobos e as semellanzas que gardan coas nosas.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Álvarez Caccamo, Xosé María (2001). *Dinosaurio Belisario*. Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora.
- ▲ Carballeira, Paula (2006). *Smara*. Pontevedra: Kalandraka, col. Seteleguas.
- ▲ Soriano Radío, María Luz (2005). *Alba de Vilalba*. A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de Cor.



A cabana de Babaiagá



Chocolata é unha hipopótama que está a se bañar nunha lagoa cando o seu amigo Teófilo lle di que na cidade hai unha estupenda casa de baños. Levada da curiosidade, ao día seguinte, Chocolata emprende o camiño da cidade. Para non chamar a atención, decide entrar nunha tenda de roupa, onde mercá un chándal con cremalleiras, un camisón rosa e un bikini de talla súper, e nunha zapatería, onde proba unha chea de pares antes de escoller uns tenis aos que se lles acenden unhas luces ao camiñar. Logo vai a un restaurante comer, aínda que nin a mesa nin a cadeira eran moi acaídas para a súa corpulencia de hipopótama, e o menú sáelle algo caro. Ás cinco chega por fin á casa de baños, onde a bañeira era demasiado estreita, o bikini demasiado pequeno e a auga demasiado escasa para se mergullar, aínda que nada disto amarga a Chocolata. Antes de regresar, vai a unha librería para lle mercar un regalo a Teófilo e escolle un libro sobre a selva africana. No hotel de tres estrelas no que pasa a noite tampouco as cousas se axustan demasiado ás medidas de Chocolata. Ao seu regreso á lagoa, Teófilo e as amigas de Chocolata recíbena felices e ávidos de novidades. Alí, na lagoa, está o mellor baño do mundo.

Marisa Núñez
Helga Bansch (il.)

O

OQO Editora

29 páxs.

2006

Prix du livre Espace Enfants 2007

Chocolata

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A valoración dunha personaxe feminina activa, curiosa e viaxeira, desexosa de coñecer cousas novas e tamén capaz de valorar as propias.
- ▼ A afirmación das propias necesidades e circunstancias, por riba dos valores e talles estandarizados das modernas sociedades urbanas.
- ▼ A valoración da amizade e dos amigos de ambos sexos.

PROPOSTAS DE TRABALLO


1. Comparación da contorna natural e urbana e do xeito en que cada unha delas satisfai as necesidades dos personaxes.
2. Reflexión sobre o carácter estandarizado dos bens de consumo e a uniformización que pretenden nos seus consumidores.
3. Reflexión sobre o carácter de Chocolata, a súa curiosidade, iniciativa, boa disposición en situacións navidasas e incómodas e a súa valoración da amizade e da súa contorna.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Arbat Serarols, Carles (2006). *Si, son gorda*. Valencia: Brosquil Ediciones.
- ▲ Arnal, Txabi e Susanna Widmann (2003). *O arco das cores*. Pontevedra: Kalandraka.
- ▲ Casalderrey, Fina (2007). *Gordiño recheo*. Vigo: Edicións SM-Xerme, col. O Barco de Vapor.



Chocolata



Breogán agasalla á súa amiga Sabela co *Don Quixote* polo seu aniversario porque é a súa obra favorita. Despois da festa, o protagonista volve á casa e le outra volta as aventuras de Quixote e Sancho. Non obstante, no medio da lectura, queda durmido e soña que se une ao cabaleiro e ao seu axudante na procura da casa de Dulcinea do Toboso, a eterna amada de don Quixote.

Cando atopan o fogar, a dama non está, mais si a súa filla, tamén de nome Dulcinea. Por este motivo, os tres amigos deciden esperar e amañarse para a comida cun baño no río. Mais, de súpeto, sucede algo inesperado: Furandón, o ladrón que máis rouba na Mancha, foxe coa roupa de Quixote, Sancho e Breogán. A nena Dulcinea, alertada polos berros dos tres, detén o ladrón e dálle una malleira que o fai marchar amedrentado. Don Quixote, impresionado coa actuación da rapaza, noméaa cabaleira de honra. Namentres, Breogán fica ollándoa ata que esperta do seu soño. De volta á realidade, dáse de conta de que quizais a rapaza Dulcinea coa que soñou é na realidade a súa boa amiga Sabela.

Anxo Fariña
Anxo Fariña (il.)
Don Quixote e Breogán
A Nosa Terra
32 páxs.
2005

Dulcinea, a nena cabaleira

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A valorización da amizade entre nenos e nenas.
- ▼ A constatación da valentía das mulleres.
- ▼ A demostración de que as nenas e mozas non só son princesas a quen os cabaleiros lles dedican os seus triunfos.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Reflexionar co alumnado: Breogán e Sabela lévanse moi ben. Cantos amigos e amigas teñen eles e elas do outro sexo? Xogan ao mesmo cos do seu mesmo sexo que cos do sexo contrario? Propiciar que poñan exemplos (amosarlles que é bo que todos e todas teñamos amigos e amigas. Non por sermos rapaces temos que nos divertir só con rapaces nin por sermos rapazas temos que xogar sempre ás bonecas).
2. Reparar na comprensión lectora do alumnado. Por que Don Quixote nomea á nena Dulcinea cabaleira de honra?
3. Quixote pensa que "todo bo cabaleiro ten que ter unha princesa a quen lle dedicar as súas vitorias". Cuestionar coas cativas e cativos esta afirmación: as nenas e as mulleres só poden ser princesas? Ou poden salvar a outros seres humanos? Que nos di a obra sobre isto?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ López Rodríguez, Xavier (2000). *Catro pitas*. A Coruña: col. Tucán, serie azul.
- ▲ Soriano Radío, Luz (2005). *Alba de Vilalba*. A Coruña: Baía, col. Xiz de Cor.
- ▲ Villar, Miro (2002). *Carlota e a bota perdida*. Vigo: Xerais, col. Merliño.



Dulcinea, a nena cabaleira



Neste relato cóntase unha historia que sucedeu hai moitos anos, nun pequeno país situado nun recuncho perdido do Himalaia, onde un dragón tiña sometida a poboación. O rei decidiu que antes de morrer debía facer o posible para liberar ao seu pobo desta tiranía, polo que lles encarga aos seus tres fillos a solución a este problema. O que consiga vencer ao dragón será proclamado sucesor.

O fillo máis vello, un home de armas, buscará nas forxas do máis alá a espada máis temperada; o segundo dos fillos, un home de ciencias, vai aos gabinetes dos máis reputados magos á procura do veneno máis poderoso; o pequeno, que sempre tivo máis trato coa súa nai, e se pode considerar un home das artes, pídelle permiso ao pai para quedar no reino buscando nos libros, pero sen competir cos irmáns maiores pois non se ve como rei do país. Nin a espada nin o veneno poden co dragón e os irmáns son derrotados.

Entón, o pequeno pide a un artesán a construción dun espello cóncavo que sitúa na saída da cova do dragón. Cando o monstro se ve, asústase da imaxe que proxecta ata o punto de morrer de medo e fame sen atreverse a saír. Cando entran os irmáns, descubren que a cova era unha mina de zafiros, diamantes e rubís, o que cambiará o destino do país. No momento en que o rei quere nomear a Liluc herdeiro, este lémbrolle que prefire ser conselleiro do reino e casar coa filla do vidreiro; daquela o rei decide que gobernarán alternativamente os fillos maiores e terán en conta, sempre, a sabedoría de Liluc.

O autor retoma os contos clásicos e a súa habitual indefinición espazo-temporal para darlle un tratamento distinto, ao introducir aspectos de civilizacións como a oriental e a árabe, e ao engadirille novas opcións acerca do máis ou menos desexable na conduta dun príncipe. A narración está escrita utilizando repeticións e outros recursos literarios que propician a sensación de que está sendo contada oralmente.

Xavier Queipo
Maite Ramos (il.)
Merlín
Edicións Xerais
59 páxs.
2005

O espello e o dragón

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A demostración de que non todos somos iguais –no papel do irmán pequeno– e de que cada quen ten a posibilidade de elixir o propio futuro.
- ▼ A importancia da figura materna á hora de saber aceptar as diferenzas entre os seus tres fillos e de fornecelles acubillo.
- ▼ A introdución de diferentes culturas na obra a partir das viaxes que realizan os dous príncipes.

PROPOSTAS DE TRABALLO


1. Rematado o 2º capítulo pódese realizar unha posta en común para mostrar as expectativas que cada un e cada unha ten acerca de cal dos irmáns conseguirá vencer ao dragón.
2. Introducir a posibilidade de que un dos fillos do rei fose muller e falar do que sucedería nese caso: como se supón que cambiaría o relato, cal sería o papel que cada un lle encomendaría nesa outra historia, etc.
3. Definir cun adxectivo que o cualifique, o máis exactamente posible, a cada un dos personaxes desta historia: nai, pai, Liluc, Januc, Kiruluc...
4. Responder ás preguntas: Cal é a ensinanza que sacarías deste texto? A que outros lugares, coas súas respectivas culturas, poderían terse achegado os fillos do rei?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Méndez, Raquel (2008). *Os tres porquiños*. Pontevedra: OQO, col. O.
- ▲ Portela, Max (2008). *Don Pol e o pequeno Pin*. A Coruña: Baía, col. Xiz de Cor.
- ▲ Quesada, M^o Fe (1991). *Polgariño*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.



O espello e o dragón



Un vello mago tiña tres fillas e ao morrer déixalles en herdanza un pote e unha culler de pau. Cando a filla máis vella remexe no pote aparécelle un saco do que, cada vez que o sacode, caen corenta moedas de ouro. Ao remexer, a mediana atopa unha corneta de prata con dúas boquillas, cando sopra por unha delas preséntanse cen xinetes ao seu servizo e cando sopra pola outra desaparecen. E á máis nova tócalle un cinto de coiro cunha lenda que di: "Se quero ir, vou". Esta decide probar sorte e marcha coñecer o príncipe máis fermoso do que se ten noticia. El é un fachendoso que se aproveitará da rapaza e que non só conseguirá quedar co cinto, senón tamén cos obxectos máxicos das outras irmás. A protagonista, indo polo bosque desesperada, atopa unha maceira e unha ameixeira e descobre que cando come da primeira médralle o nariz e cando come da segunda volve ao seu ser. Por este motivo, decide regresar onda o príncipe e consegue que coma da mazá. Así, o mozo fachendoso verase na obriga de devolverlle todo –o que era dela e o que era das irmás– para conseguir que o nariz volva ao seu.

Xogos de rima e ilustracións dun expresionismo abstracto achegan calidade e completan esta interesante historia.

Paco Liván
Iván Prieto (il.)

O

OQO Editora

44 páxs.

2005

Manda narices!

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A posta en evidencia de que as mulleres poden xogar tamén roles activos e protagonistas nas relacións afectivas co outro sexo.
- ▼ A demostración de que todas as experiencias, aínda que en principio sexan negativas, son fundamentais para a aprendizaxe persoal.
- ▼ A ligazón das calidades físicas ao corpo masculino, habitualmente vencelladas ao feminino.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Contraponer esta narración a outra protagonizada por unha muller fermosa e fachendosa. O conto pode ser ideado polo propio alumnado.
2. Buscar obras ou historias de mulleres listas que conseguen saír adiante grazas á súa intelixencia.
3. Escribir unha historia na que o enganador saia enganado, como sucede nesta.
4. Comentar as ilustracións e as impresións que estas lles suscitan.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Ferrer, Ánxeles (2006). *Tres princesas namoradas*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.
- ▲ Núñez, Marisa (2007). *Ovos duros*. Pontevedra: OQO, col. Q.
- ▲ Presunto, Ana (2006). *Pedra, pau e palla*. Pontevedra: OQO, col. O.



Manda narices!



Luisiño é un neno que se ergue pola mañá co timbre do reloxo despertador. Frega os ollos e vai ao baño. Almorza e dispónse a ir á escola despois das advertencias do seu pai: cómpre que non fale con descoñecidos, debe cruzar só cando o semáforo está en verde e, sobre todo, debe evitar os nenos robots, os maiores inimigos dos nenos humanos. Luisiño emprende o camiño, agarda no semáforo a que se poña verde...

Ax-B10 é un neno-robot que se ergue co son do avisador mecánico. Prende os seus circuitos, dálles brillo ás placas metálicas de identificación, desentupe os furados alimentadores de información, descarga residuos e sae, despois de oír os consellos de mamá robot: cómpre que non fale coas máquinas intelixentes, debe cruzar co semáforo en verde e, sobre todo, debe fuxir dos nenos, porque son os maiores inimigos dos robots pequenos. De camiño á escola das pequenas máquinas intelixentes, despois de agardar a que o semáforo se puxese verde... atópase cun neno que estaba a cruzar.

As historias de Luisiño e Ax-B10 transcorren en paralelo. Cada unha comeza por un lado do libro... e atópanse no medio. Un neno e un robot amigos!

Miguel Vázquez Freire
Xosé Tomás (il.)
Rodeira
42 páxs.
2007

O neno que tiña medo dos robots
O robot que tiña medo dos nenos

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS


- ▼ A valoración do diferente como esencialmente igual a nós.
- ▼ A revisión do medo que esperta en nós "o outro" como algo baseado no descoñecemento.
- ▼ A valoración da amizade como ponte entre persoas e culturas.

PROPOSTAS DE TRABALLO


1. Facer un cadro coas accións que levan a cabo Luisiño e Ax-B10 ao erguerse polas mañás. Comparar coas propias accións que levan a cabo nenos e nenas.
2. A que temos medo cando saímos á rúa? Reflexionar coa rapazada sobre os nosos medos e as nosas actitudes cara aos "diferentes". Quen de nós ten amigos vidos doutras partes do mundo, ou con outra cor de pel? Facemos as mesmas cousas, compartimos os medos, temos os mesmos sentimentos?
3. Imaxinemos agora a visita de Luisiño á casa de Ax-B10 e ao revés. Que sorpresas levarían e cantas cousas novas aprenderían?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Casares, Carlos (2007). *A galiña azul*. Vigo: Galaxia, col. Os duros.
- ▲ Fernández Paz, Agustín (2009). *Valados*. Vigo: Xerais, col. Merlín.
- ▲ Oli (2009). *Leocadio, o león*. Vigo: Xerais, col. Merlín.



O neno que tiña medo dos robots
O robot que tiña medo dos nenos



Petra é unha elefante que se ve gorda. Súa nai dille que a gordura é fermosura, pero ela non se acepta, así que vai preguntando que pode facer para adelgazar: o crocodilo explícalle que para ter músculo como el hai que facer moito exercicio, a cebra dille que para verse delgada ela se viste con raias verticais e a serpe opina que o mellor é comer só unha vez á semana. Petra vaine intentando todo, pero nada lle dá resultado, así que se vai co loro Enrico, o seu amigo, na busca doutras xentes que lle puidesen axudar. Entón atopan o elefante Fortunato, un xoguetón do que axiña se fai amiga; mentres xogan e se divirten esquece o seu problema de gordura. Namóranse e emprenden xuntos o camiño de volta á casa. Nel van atopando animais de moi diferentes tipos: gordos, delgados, musculosos, etc. Con eles fan unha gran festa na que todos e todas se divirten moito. O segredo está en seguir sendo tal e como se é.

Helga Bansch
Helga Bansch (il.)
Eva Mejuto (trad.)

O

OQO Editora
34 páxs.
2007

Petra

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A denuncia da importancia excesiva que se lle outorga na sociedade actual ao aspecto físico.
- ▼ A promoción da necesaria e sa aceptación de unha mesma.
- ▼ A exemplificación de que os afectos non responden tan só á semellanza física ou psíquica, senón que xorden coas persoas coas que nos sentimos amparadas.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Responder ás seguintes preguntas: Pode un elefante ser delgado? E unha serpe ser gorda? Pode un hipopótamo ser esvelto? E unha xirafa ser baixa? Elaborar listaxes de animais tendo en conta características físicas aparentemente inmutables.
2. Debater en torno ás modas acerca do corpo, de estar delgados ou gordas, morenos ou brancas,... de como foron cambiando ao longo do tempo e de cal é o risco de cada unha destas modas.
3. Preguntar, na familia, quen tentou adelgazar nos últimos tempos, que métodos utilizou, que tipo de réxime, se estaba controlado/a por un médico ou médica, etc.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Arbat Serarols, Carles (2006). *Si, son gorda*. Valencia: Brosquil Ediciones.
- ▲ Casalderrey, Fina (2007). *Gordíño recheo*. Vigo: Edicións SM-Xerme, col. O Barco de Vapor.
- ▲ Pavón, Mar (2010). *Ranilda*. Pontevedra: OQO Editora, col. O.





Manuel é un mestre xubilado e viúvo, que ultimamente está triste. A súa única filla é pediatra e está en África curando nenos e nenas; un traballo do que o pai se sente moi orgulloso. A pesar dos libros e o gato que o acompaña, chega un momento no que se atopa só e decide pórllle remedio. Coloca un anuncio na porta da súa casa ofrecéndose para ser adoptado por unha familia con nenos. A primeira familia coa que entra en contacto non lle gusta porque o rapaz era agresivo e a nai moi consentidora. A segunda familia que se achega a el é unha nai con trixemelgos: dúas nenas e un neno, que son todo o contrario, educados e amables. A eles tamén lles gusta ler e Manuel está nesa casa coma no ceo.

As ilustracións apoian o relato achegando novas claves como as cores frías e quentes, que acompañan os sentimentos do protagonista ou introducen elementos que remarcen o significado do texto.

Fina Casalderrey
Mª Fe Quesada (il.)
Merlín
Edicións Xerais
57 páxs.
2005

¿Quen me quiere adoptar?

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A importancia do papel das nais e dos pais na educación dos fillos e as fillas.
- ▼ As relacións interxeracionais e a demostración de que todos e todas precisamos sentirnos queridos e acompañados, independentemente da idade que teñamos.
- ▼ A relevancia que ten a solidariedade internacional e o labor que realizan diferentes organizacións sen ánimo de lucro.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Reflexionar en torno ás adopcións que coñecen, os adultos e adultas que adoptan nenos ou nenas e as causas que as ocasionan. Opinar acerca de novas posibilidades, como a adopción de anciáns que tamén precisan unha familia que os atenda ou lles faga compañía.
2. Comentar os dous modelos de familias que presenta o relato, como é cada unha delas e como educan aos seus fillos e fillas. Tentar guiar o debate: cal é a diferenza, a quen lles lembran, como cren que se debe actuar, etc.
3. Buscar información acerca de Organizacións non Governamentais que realizan labores de solidariedade aquí ou nos países en vías de desenvolvemento ou subdesenvolvidos. Realizar un power point para presentarlle esta documentación ao resto do grupo e pensar en posibles formas de colaborar con elas.
4. Contestar: Por que Manuel vai engadindo información no cartel? Que tipo de datos vai achegando? Que lle parece a Manuel que a súa filla se atope en Africa mentres el está só? Todos os maiores opinarían o mesmo? Como sería o cartel no que cada un/ha se ofrece para ser adoptado/a?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Casalderrey, Fina (2007). *Un cabalo de lume*. A Coruña: Baía, col. Mar de Letras.
- ▲ Casalderrey, Fina (2004). *Eu son eu*. Vigo: Xerais, col. Paseniño.
- ▲ Heras, Chema (2002). *Avós*. Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora.



¿Quen me quere adoptar?



O sorriso de Daniela foi pousarse no corazón de Roberta, unha hipopótama gordecha e triste de tanto estar a dieta, e obrou o milagre: Roberta foi a unha pastelería, comeu unha torta de merengue e sentiuse feliz. Tanto que o seu sorriso foi pousarse no corazón de Aniceto, un vello mono reumático e rosmón, que, coas cóxegas do sorriso na barriga, recuperou a alegría xuvenil e o amor. O sorriso de Aniceto voou ata ao corazón de Camila, unha elefanta gris farta de que todo fose sempre gris e igual; o sorriso de Aniceto fixo que se puxese a cantar e bailar, que cambiase as súas roupas grises por outras de cores e, por suposto, que sorrise. O sorriso viaxou entón ata Avelina, unha avestruz que ía levar ao asilo a súa vella tartaruga, que xa só lle daba problemas; mais o que fixo foi entrar nunha sombreirería e mercarlle a Nana, a súa tartaruga, un bonito chapeu: "Ao demo as tarefas importantes", dixo, e sorriu. É a quenda agora de Marcial, un chacal mandón e todopoderoso que, tras recibir o sorriso, trocou o seu exército polas orquídeas. E o sorriso voou ata pousar novamente no corazón de Daniela.

O sorriso de Daniela traza así unha viaxe circular que vai pasando dun animal a outro. Cada un deles é o reverso dun tipo humano recoñecible para o lectorado adulto: o vello rosmón que se queixa das dores, a muller farta da rutina, a que xa non atura o traballo das cargas familiares e pensa en recorrer ao asilo, o home déspota que exerce o poder sen alegría...

Carmen Gil
Rebeca Luciani (il.)
Manuela Rodríguez (trad.)
Maremar
Kalandraka
32 páxs.
2007

O sorriso de Daniela

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A presenza dunha protagonista feminina na que o que importa non é o seu físico, que nin sequera se describe, senón a súa actitude alegre e aberta á vida.
- ▼ A presentación de tipos humanos que introducen á infancia en aspectos da vida adulta a través dun disfrace animal que os fai máis atractivos e que enfoca aspectos conflitivos dende unha visión alegre e positiva, como, por exemplo, a non aceptación física dunha mesma ou dun mesmo a través do personaxe de Roberta.
- ▼ A valorización da amabilidade e actitude positiva como un valor importante e con capacidade para mellorar a sociedade.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Seleccionar algún dos personaxes e debuxar o antes e o despois de que lles chegase o sorriso ao corazón.
2. Imaxinar outros posibles personaxes aos que puidese chegar o sorriso e a transformación que se produce neles.
3. Imaxinar o sorriso voando pola clase, tocando o corazón dos nenos e nenas. Que farían, como se sentirían? Que pasaría cando camiñasen pola rúa e chegasen á casa, sempre co sorriso na cara?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Álvarez Cáccamo, Xosé María (2001). *Dinosaurio Belisario*. Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora.
- ▲ Arnal, Txabi (2009). *O corazón do xastre*. Pontevedra: OQO, col. Q.
- ▲ Docampo, Xabier (2005). *De cores e de amores*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.



O sorriso de Daniela



Titiritesa é unha princesa que vive no reino de Trasantonte con seus pais, o rei Tartufo e a raíña Mandolina, e a quen lle encanta montar a cabalo. Mais a súa nai non quere que teña cabalos, senón que se comporte como unha princesa prototípica e espere un príncipe con quen casar. Titiritesa, atristurada, decide entón marchar das súas terras. No seu camiño atopa a un novo amigo, o burro Bufaldino, con quen chega ao reino de Pasadomañá. Alí, o rei Godofredo estaba vivindo unha gran traxedia: a súa filla Wendolina fora secuestrada por Paposete Dumbocado, monstro terrible que goza comendo nenos e nenas. Titiritesa e Bufaldino deciden ir na procura de Wendolina, a quen conseguen liberar agasallándolle ao monstro un fermoso xersei azul, aprendéndolle a tocar a fruta e animándoo a que se faga vexetariano.

No longo camiño de volta a Pasadomañá, as dúas princesas decatáronse de que algo moi especial estaba a ocorrerlles. Aquela noite compartiron soños: soñaron que a Bufaldino lle medraran ás e voaba, soñaron que coñecían a Xan Dacova, ata que deron co soño definitivo: namoraran a unha da outra. Ao chegar ao reino de Wendolina, díxeronlle ao seu pai que querían casar: Godofredo sorprendeuse, mais tamén aceptou a nova con agrado. No medio da voda chegaron Tartufo e Mandolina, que estaba arrepiada de ver casar á filla con outra muller, ata que Titiritesa a fixo rir moito coa fórmula que lles ensinara Xan Dacova. Finalmente, Paposete consegue outro xersei novo e empeza a dar clases de fruta, os dous reis fican amigos e Titiritesa e Wendolina marchan coñecer mundo no lombo de Bufaldino.

Xerardo Quintiá
Maurizio A. C. Quarello (il.)

O

OQO Editora

30 páxs.

2007

Titiritesa

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A posta en valor da iniciativa e da autonomía feminina.
- ▼ O tratamento respectuoso e normalizado da homosexualidade.
- ▼ A importancia de elixir o propio destino, aínda que isto supoña unha ruptura cos condicionamentos familiares e os sociais de cerna máis tradicional.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. A raíña Mandolina quere que Titiritesa sexa unha princesa "como as demais". Incitar ao alumnado a que describa cómo son as princesas dos contos que coñece. En que se asemellan e en que se diferencian de Titiritesa?
2. Incidir na comprensión lectora do alumnado. Quen libera a Wendolina de Paposete Dumbocado? Como o consegue?
3. Propiciar que as rapazas e rapaces expresen a súa opinión sobre o final do relato a través de diferentes cuestións: Estaban contentas ou tristes as familias de Wendolina e Tiritesa pola súa voda? E elas mesmas? Sorprendeute o final? Por que? É habitual nos contos que dúas princesas casen?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ De Haan, Linda; Nijland, Stern (2004). *Rey y rey*. Barcelona: Serres.
- ▲ Guerrero, Luisa (2005). *La princesa Ana*. Barcelona: Ellas Editorial.
- ▲ Neira Cruz, Xosé Antonio (2008). *Unha chea de familias*. Vigo: Galaxia.



Titiritesa



As irmás princesas Aldonza, Fabiana e Drusila viven moi tranquilas ata que se namoran de Bernal, un cabaleiro dos arredores, que gusta das tres por igual. Sabedoras da complicada situación, deciden que será o amado quen elixa entre elas. Este, confuso, pide que cada unha confeccione un xibón: a que o faga mellor resultará a elixida. Tras días de tecer e tecer, Fabiana e Drusila decátanse de que o xibón de Aldonza é o máis fermoso, así que llo agochan. Non obstante, axiña se arrepiñen e confesan diante da súa irmá. As tres comezan a darse de conta de que tecer para un mesmo cabaleiro é unha parvada, polo que deciden consultar á súa madriña, a maga Dorinda. Esta recoméndalles que sexa Bernal quen faga tres capas para elas, para que non teña tanta fachenda. Cando as tres fermosas capas están rematadas, as irmás comprobaban que a de Aldonza é case igual ao xibón que esta cosera para Bernal. Todas están de acordo en que a parella comece unha vida xuntas, na que Bernal –que se afeccionara a coser– non deixará de facer mantas para a súa amada.

Ángeles Ferrer
Ángeles Ferrer (il.)
Árbore
Editorial Galaxia
28 páxs.
2006

Tres princesas namoradas

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A posta en valor dos vencellos afectivos entre as mulleres, a partir da boa relación que demostran as tres irmás (a pesar de estaren namoradas do mesmo cabaleiro).
- ▼ A importancia de valorarse a unha mesma.
- ▼ A demostración de que actividades consideradas tradicionalmente femininas tamén poden ser gozadas polos homes.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. No conto aparecen diferentes personaxes femininos. Quen son? Que relación teñen entre si ao longo da historia?
2. Reflexionar co alumnado sobre a idea de Bernal de que as tres irmás cosan para el. É oportuna? Por que pensas que a maga Dorinda lles recomenda as súas afilladas que sexa Bernal quen cosa para elas?
3. Incitar á reflexión sobre os contos que o alumnado coñece. En cantas desas narracións a princesa queda esperando ao seu príncipe ou é o príncipe quen escolle á súa amada? Ocorre o mesmo en *Tres princesas namoradas*?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Fernández Paz, Agustín (2001). *Ana e o tren máxico*. Vigo: Xerais-Caixa Nova.
- ▲ Pillado Vega, Ana (2009). *Carlota e o príncipe azul*. Vigo: A Nosa Terra, col. Lila Lilaina.
- ▲ Quintiá, Xerardo (2006). *Titiritesa*. Pontevedra: OQO, col. Q.



Tres princesas namoradas



Aldara vive nunha aldea da Terra Cha. Un día de agosto, cando a herba seca estaba a punto para ser recollida, o ceo cubriuse de súpeto ameazando cunha treboada. Se chovía sobre a herba segada, aínda sen recoller, estragariase a colleita. A súa nai estivera poñendo a punto ao tractor, despois dos días de traballo da sega, e o seu pai, un auxiliar xeriátrico que estaba de vacacións eses días, estivera traballando na horta. Os tractoristas puxéronse a traballar, mais un tractor estragouse por falta de aceite, outro enforcou, a outro rompeulle unha roda e non había repostos... así que foi a nai de Aldara a que, traballando arreo, apañou toda a herba da aldea. Mentres, o pai facía os traballos da casa e miraba orgulloso á súa muller desde o tendedeiro da roupa.

Cando pola tarde descargou a treboada, a herba estaba toda recollida. Só algún veciño, como o Xosé, se negou a que lle axudase unha muller, e por riba unha tractorista! Os veciños da aldea reuníronse todos na casa de Aldara, onde o papá preparara unha estupenda cea para todos. Aldara, cando medre, tamén quere ser tractorista!

María de Mata
Mariana Riestra (il.)
Contos da Igualdade
Baía Edicións
31 páxs.
2006

Un día de treboada

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS


- ▼ Asignación non convencional dos roles de xénero.
- ▼ Valorización do traballo feminino e a súa contribución á comunidade.
- ▼ Valorización do traballo do home no fogar.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar que gañan homes e mulleres coa incorporación da muller ao mundo laboral e a do home ao coidado dos fillos e as tarefas do fogar.
2. Comentar a actitude do Xosé: por que se negaría a que Carme lle axudase? Que prexuízos lle fan actuar así, en contra mesmo dos seus intereses?
3. Facer unha listaxe dos traballos que lles gustaría facer cando sexan adultos. Como imaxinan as súas vidas, o seu día a día?
4. O propio libro inclúe 10 actividades

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Álvarez Núñez, Sabela (1988). *O rei da nada e outros contos*. Vigo: Xerais, col. Merlin.
- ▲ Barrio, Imelda (2009). *Nera, a ferreira*. A Coruña: Baía, col. Contos da Igualdade.
- ▲ Fernández Paz, Agustín (2005). *A escola dos piratas*. A Coruña: Rodeira, col. Tucán.



Un día de treboada



Como un día chuviñento máis, Marta vai á escola, que se atopa no alto da vila. Todo semella normal na súa clase de 4º: ri cos seus amigos e amigas (Daniel, Beatriz e Antón), goza cos contos da súa profesora Ana e atura como pode a obsesión regulamentaria de dona Clara, a directora do centro, e de don Martín, o xefe de estudos.

Non obstante, de súpeto o edificio do colexio escórase cara á dereita e nin alumnado nin profesorado saben qué está ocorrendo. Logo todos comprobaban que a escola se converteu nunha sorte de balsa que aboia río abaixo ata chegar ao mar.

Dona Clara e don Martín, sempre obsesionados co programa, preparan unhas horas de estudo alternativas relacionadas cos ríos e a súa fauna e flora, mais o profesorado rebélase –especialmente Damián, o outro profesor de 4º– e négase a sentar á rapazada. O que queren mestras e mestres é que todo o colexio viva a experiencia como o que realmente é: unha aventura irrepetible. Así, Damián deixará de ser el mesmo para converterse no famoso Capitán Kidd, para gozar –canda a súa clase– cos contos que Ana lle narra ao seu grupo e, en definitiva, para darlle unha oportunidade ao mundo da fantasía, que nunca antes se atrevera a probar.

As autoridades, preocupadas, envían ao rescate da escola, amais dun helicóptero que vixía a situación permanentemente, a unha famosa científica, Antía Vilariño, que entra no edificio para tentar averiguar o motivo do desprazamento. Ela descubrirá que Marta, a súa mestra Ana e boa parte dos seus compañeiros e compañeiras desexaron previamente que o colexio se movese, iniciando así, de maneira inconsciente, esta curiosa e divertida aventura.

Agustín Fernández Paz

Luis Filella (il.)

Tucán

Rodeira

159 páxs.

2005

Premio Edebé de Literatura Infantil 2005

A escola dos piratas

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A mostra dunha grande variedade de personaxes femininos (Marta, dona Clara, Ana, Antía, Beatriz...) que desenvolven papeis activos e ben diferenciados no texto.
- ▼ A dignificación laboral das mulleres a través de diferentes ocupacións que foxen da etiquetaxe "traballo masculino"/"traballo feminino".
- ▼ A condena dunha educación baseada no autoritarismo, no castigo, na repetición e nunha programación que non teña en conta a fantasía.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Identificar o grupo de amigos e amigas de Marta e o profesorado da escola facendo un pequeno esquema que determine quen é quen. Preguntar ao alumnado se Marta xoga máis con nenas ou con nenos; e se no seu colexio hai máis mestras ca mestres. Propiciar que o alumnado pense no seu caso concreto e no da súa escola.
2. Antía Vilariño é a científica que descobre por que a escola se move. A partir do seu exemplo, fornecer ao alumnado dos nomes, as historias e as vidas doutras mulleres científicas. Facer unha pequena reflexión de por que son menos coñecidas ca os seus homólogos homes.
3. Analizar en que se diferencian as clases de Ana e de Damián. Que actividades realiza habitualmente cada mestre? Preguntar ao alumnado cales preferiría.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Fernández, Ana María (1997). *Carabicolé*. Vigo: Xerais, col. Merlin.
- ▲ Fernández Paz, Agustín (2005). *A noite dos animais*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.
- ▲ Riveiro, Breogán (2009). *Olga e o dinosauro*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.



A escola dos piratas



O terceiro fillo dun muiñeiro recibe en herdanza do seu pai unha gata, fronte á casa e o muíño que recibiron os seus irmáns. A gata animao a ir coñecer unha princesa que busca pretendente. O muiñeiro e a princesa namóranse con loucura, pero a nai oponse ao matrimonio. A través do seu enxeño, a gata consegue facer pasar ao fillo do muiñeiro polo Marqués de Garabás e que saia adiante o compromiso, aínda que a princesa sabe ben –e, ao final, tamén o sospeita a nai– que se trata do seu muiñeiro.

Estamos ante unha reescritura teatral, en verso, do conto clásico de Perrault na que os espazos e as referencias se galeguizan (o muiñeiro que reparte a súa fortuna entre os tres fillos é de Cea e a gata lévalle á princesa “Castañas, noces e grelos. / Tomates das nosas hortas. / Pementiños sen tratar”). O gato do conto de Perrault transfórmase, aquí, nunha gata de gracioso discurso feminista: “Si, Pallaso, de que nos contos sexan sempre protas os machos, eu estou ata as patas”. A modernización do conto inclúe un léxico anovado, a inclusión de *rapp* e fortes doses de ironía e humor.

Ademais de ao propio conto d’O gato con botas fanse chiscadelas a outras obras e autores clásicos, desde Shakespeare, a través de referencias aos personaxes de Puck ou Romeo e Xulieta, ata O principião: “Pero non é o esencial invisible aos ollos, Nani?”.

Ánxeles Cuña Bóveda
 Antela Costa Muñoz (il.)
 Foradeserie
 Laiovento
 49 páxs.
 2005

A gata con botas

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A ruptura do tóxico do “viviron felices para sempre”. A raíña recoñece explicitamente a súa infelicidade e desexa algo distinto para a súa filla, malia que despois demostre ter moitos prexuízos de clase. A súa felicidade, en todo caso, atópase –así o di a princesa– nas ciencias e as artes, e non no matrimonio.
- ▼ A integración da faceta intelectual na muller. A princesa escribe ensaios, comedias e contos. Non desexa ser amada pola súa beleza e cando lle presentan os pretendentes afirma: “Preferiría brincar e coñecer o mundo”.
- ▼ A transformación en personaxe feminina dun protagonista clásico dos contos infantís caracterizado pola súa intelixencia e astucia.
- ▼ A introdución do tema da non discriminación por cuestión de clase: “Dende o esmoleiro ata a raíña todos nacemos iguais”.

PROPOSTAS DE TRABALLO


1. Facer unha lectura dramatizada da obra e escenificar algunha das escenas por parte das nenas e nenos.
2. Caracterizar as personaxes femininas: a raíña, a princesa, a gata.
3. Comentar afirmacións da obra que inciden en valores:
 “Non quero levarte a un circo nin venderte a unha cadea de cosméticos... As portas están pechadas para os que non teñen nada, sabes?” (p. 12).
 “Os da túa especie fan moitas falcatrudas cos que temos catro patas... se eu che contase” (p. 12).

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Almodóvar, Antonio (2004). *A verdadeira historia de Carapuchiña*. Pontevedra: Kalandraka, col. Os Contos do Trasno.
- ▲ López Salamero, Nunila e Cameros Sierra, Myriam (2009). *La cenicienta que no quería comer perdices*. Barcelona: Autoedición.
- ▲ Torres, Xohana (1985). *Pericles e a balea*. Vigo: Galaxia, col. A Chalupa.



A gata con botas



Amira ten dezaseis anos e vive no deserto, onde coida dun pequeno rabaño de cabras. O que máis desexa é que chegue a tardiña para preparar a súa cabana e poñerse a contar historias aos nenos e nenas. A guerra, a fame, a seca... levan lonxe aos que a escoitaban e ela fica tan triste que decide marchar do oasis nunha caravana ata chegar ao mar. Alí tampouco coñece a ninguén, mais seguindo os consellos dun vello encantador de serpes, que anda a pedir esmola, cruza o océano na procura dun futuro mellor. Convértese nunha de tantas inmigrantes ilegais, e cando é detida pola policía sente que a chama un neno, un dos que escoitaban os seus contos. Aínda nesas condicións tan extremas, a protagonista e o rapaz non poden negar a ledicia do reencontro, porque Amira, convertida nunha nova Sherezade, poderá compartir con el os relatos das mil e unha noites.

Josep Antoni Fluixà
 Anna Clariana (il.)
 Ignacio Chao Castro (trad.)
 Andavía
 Edicións Xerais
 23 páxs.
 2005

A narradora do deserto

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A recuperación do mito de Sherezade, que implica a salvación por medio das historias e dos contos.
- ▼ A importancia de continuar transmitindo a tradición como elemento inherente aos pobos.
- ▼ A valorización da determinación e da valentía das mulleres a través do protagonista.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Animar ao alumnado a que pescude mulleres que saben contar vellos contos, cantar antigas cantigas ou bailalas. Entrevistasas, escoitalas e gozar de toda a súa sabedoría.
2. Tentar descubrir o país no que puido suceder esta historia. Buscar información acerca do país escollido e presentala aos compañeiros e compañeiras.
3. Ler o conto de Simbad e outros d'As Mil e unha noites. Coñecer a historia de Sherezade.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Babarro, Xoán (2003). *Eu voguei por Mar de Chocolate*. León: Everest Galicia, serie Verde.
- ▲ Fernández Paz, Agustín (2009). *Lúa de Senegal*. Vigo: Xerais, col. Sopa de Libros.
- ▲ Rivas Torres, Merçè (2002). *Nassima á sombra dos talibán*. Vigo: Ir Indo, col. Contacontos.



A narradora do deserto



En primeira persoa, Muriel vai relatando o seu sentir desde que está na barriga de súa nai ata que xa camiña. Todo comeza o día no que o pai regresa á casa transformado nun auténtico monstro peludo, empeñado en ser un verdadeiro machista que lle crea problemas á muller e á nena –que ha de simularse neno para sobrevivir a semellante situación–. Unha serie de elementos surrealistas (os sapos que bota o pai pola boca e que Argos, o can, vai comendo; a transformación do corpo do pai aumentado ata límites insospeitados e cuberto de pelos verdes; as cereixas que caen do estampado do vestido da nai e son comidas polos sapos; as súas bágoas convertidas en cristais ao caer ao chan;...) vannos dando a pista dunha realidade certamente disparatada e onírica. Teremos que chegar case ao final para descubrir que Muriel –o protagonista– ten once anos e está pasando por unha enfermidade na que a febre lle produciu eses pesadelos, nos que se cría nena cun pai machista e nos que mestura a información que ten acerca do embarazo de súa nai e da película de lobishomes que acaba de ver. Porén, o pai está ao pé da cama e ademais de coidar do neno, fai os labores da casa, e coincide con Muriel en que hai homes así de ruins, que tratan mal a familia e lle fan dano ás mulleres.

O soño de Muriel, e polo tanto a primeira parte do relato, constitúe unha verdadeira enumeración de características e situacións machistas en relación a como o pai trata a nai, o que opina da súa roupa, do seu traballo e formación; de como a vai pechando na casa centrada neses traballos domésticos e illada do mundo exterior; a violencia que exerce sobre os obxectos e sobre eles; o empeño en facer de Muriel un machote coma el, o rexeitamento ante a posibilidade de ter unha filla, etc. Como en Mr. Jekyll e Mr. Hyde, de pai transfórmase en monstro peludo.

Fina Casalderrey
Irene Fra (il.)
Árbore
Editorial Galaxia
 110 páxs.
 2007

Ola, estúpido monstro peludo

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS


- ▼ A denuncia do machismo e das consecuencias que leva aparelladas.
- ▼ O maltrato ás mulleres e o maltrato infantil como consecuencia dunha actitude non igualitaria entre homes e mulleres.
- ▼ O papel salvador dos libros e das historias na vida dos nenos e nenas.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. No texto aparecen diferentes situacións relacionadas co machismo. Cales son? Debater: é necesario que as persoas que sofren machismo lle fagan fronte e falen publicamente do maltrato que sofren?
2. Realizar un cadro no que se anote como se distribúen os traballos domésticos entre os diferentes membros da familia de cada lector ou lectora.
3. Observar a importancia que teñen para Muriel os contos que súa nai lle le. Cadaquén pode escribir as historias que lle contaban ou lían cando eran nenas e nenos.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Casalderrey, Fina (2007). *Xela volveuse vampira*. A Coruña: Baía, col. Contos da Igualdade.
- ▲ Comino, Sandra (2007). *A casaña azul*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.
- ▲ López Rodríguez, Xavier (2007). *Cor gris vida*. Vigo: Tambre, col. Catavento.



Ola, estúpido monstro peludo



Partindo dun conto popular magrebi, Marisa Núñez narra a historia dun carboeiro que ten dúas fillas: a maior, engreída e presumida; e a pequena, traballadora e moi intelixente. A familia vive nas terras dun rei caprichoso, amante das adiviñas, que goza presentando ante os seus súbditos enigmas que ninguén é quen de resolver. Un día, o carboeiro, agobiado, decide contar coa axuda da filla pequena para dar coa solución dun deses xogos de palabras propostos polo mandatario. A filla consegue resolvelo, deixando ao monarca abraiado, polo que este lle proporá diferentes adiviñas que sempre acaban sendo resoltas acertadamente.

Amosada a intelixencia da moza, o rei decide casar con ela. A única condición que lle pon é que nunca debe demostrar que ela é máis intelixente ca el. Se o fai, verase obrigada a marchar do palacio. Non obstante, un día, vendo a un home en apuros diante do tribunal real, a raíña decide darlle a chave para retrucar ao monarca. Este, que coñece perfectamente as habilidades da súa muller, decátase de que foi ela quen axudou ao forasteiro. Inmediatamente, obrígaa a abandonar o pazo, permitíndolle levar o seu ben máis prezado. A raíña non se renderá e acabará por levar ao seu home canda ela ao novo fogar, demostrándolle así que a intelixencia é unha calidade difícil de ocultar.

Marisa Núñez
Teresa Lima (il.)

Q
OQO Editora
56 páxs.
2007

Ovos duros

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ Valorización da iniciativa e da intelixencia feminina.
- ▼ A importancia de amosar a personalidade dunha tal e como é.
- ▼ A necesidade de, en ocasións, aceptar as propias limitacións

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Explicar por qué motivo a filla pequena do carboeiro é a elixida polo rei para casar con el.
2. O rei pídelle á súa futura muller que nunca deixe a súa palabra por riba da del. Por que pensas que o fai? A quen lle ten medo? (Guiar as respostas do alumnado en canto sexa posible).
3. Lembrar e crear narracións en que se poña de relevo a intelixencia feminina. Preguntar ao alumnado se coñece algún conto en que a intelixencia, a picardía ou a sensibilidade da protagonista a libren de situacións complicadas. Animalos a facer un pequeno exercicio literario no que unha nena resalte pola súa afouteza.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Aleixandre, Marilar; Domech, Carme; Rey, Jorge (2001). *El-Rei Artur e a Abominable Dama*. Vigo: Ir Indo, col. Elefante Contacontos.
- ▲ González Costa, Teresa (2010). *A filla do ladrón de bicicletas*. Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín.
- ▲ Reimóndez, María (2008). *Lia e as zapatillas de deporte*. Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín.



Ovos duros



No reino de Baldaio naceu unha princesiña tan pequena que buscaron para ela un nome curto, para que non avultase moito. Chamáronlle Li. Pero ocorreu algo terrible: unha sombra emerxeu por un furado e a escuridade cubriu o reino. Os habitantes imaxinaban que un enorme dragón escuro devoraba as luces. A princesa Li decidiu entón emprender unha viaxe polo reino para atopar unha solución. Tivo que enfrontarse coas arañas, as ratas, unha píntega devoradora no fondo dun lago, os lobos... A princesiña herdara dos seus pais o poder de se transformar en animal e, valéndose dos seus poderes e o seu valor, foi vencendo e gañando aliados.

Ao longo da viaxe, Li ía atopando mensaxes inxuriosas na que a chamaban fedorenta e mocosa ou presaxiaban a súa morte, pero ela seguiu adiante para vencer a sombra e descubrir quen escribía as mensaxes. Visitou a Vellaboa, unha anciá sabia que vivía no corazón da fraga e que lle deu consellos, ratificando a súa intención de protexer os contos cando fose raíña. Tamén lle dixo que esculcara por terras e augas e esquecera os aires. Despois de despedirse de Vellaboa, descendeu por un furado a un mundo subterráneo, un val verde cheo de gando no que Antolin mantiña a salvo as razas máis puras, agardando a que Baldaio acabase sendo unha potencia gandeira. Ao subir novamente, a princesiña Li, "de corpo pequeno pero de ideas moi grandes", descubriu que as culpables eran unhas aves de rapina, as Tartarañas, e, convertida nunha delas, derrotounas e puido volver a casa.

Xoán Babarro
Manolo Uhía (il.)
Montaña Encantada
Everest Galicia
66 páxs.
2007

A princesa que venceu a sombra

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A asociación da personaxe feminina a valores tradicionalmente masculinos como a valentía e a resolución de problemas colectivos.
- ▼ A recreación, en feminino, do personaxe do heroe que salva ao pobo.
- ▼ A aparición da personaxe da anciá que almacena un saber útil para a colectividade.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar as diferenzas entre a princesiña Li e as princesas prototípicas dos contos de fadas.
2. Facer unha caracterización completa do personaxe de Li: do seu físico case coñecemos só a súa pequenez; mais, pola contra, coñecemos moi ben as súas calidades, os seus poderes, a súa iniciativa e valentía. É unha personaxe feminina caracterizada desde a acción.
3. Facer unha listaxe dos perigos aos que se enfrenta Li.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Morandeira, Luisa (2005). *Valentino*. Pontevedra: OQO, col. Q.
- ▲ Quintiá, Xerardo (2007). *Titiritesa*. Pontevedra: OQO, col. O.
- ▲ Soriano Radío, María Luz (2005). *Alba de Vilalba*. A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de Cor.



A princesa que venceu a sombra



O pobo dos *inuit* prepárase para a caza das baleas. Este ano é especialmente importante para a súa supervivencia, porque a pesca do verán foi escasa. Por iso, tanto mulleres como homes participan na caza e deixan aos nenos ao coidado dos nove anciáns da aldea. Unha nena (Nunavut) e un neno (Sailik) quedan con Mamá Helga, nome que quere dicir "muller forte, invulnerable". Aínda que Mamá Helga non é *inuit* por orixe, é a persoa da aldea que mellor coñece as tradicións, os costumes e as lendas, e cóntalles a Nunavut e Sailik a lenda de Sedna, a Deusa do Mar.

Sedna, temerosa de que o seu pai a obrigue a casar contra a súa vontade, voa ata á illa dos paxaros ao lombo dunha portentosa gaivota/home. Pero axiña descobre que foi enganada e que queren facela prisioneira nunha pobre cabana. Soa, pasa os días a remendar a casoupa con peles de peixe. Tras un ano de sufrimento e silencio, sae da súa boca unha canción que guía onda ela ao seu pai, quen lle recrimina a súa desobediencia. Cando tentan escapar, a gaivota ataca ao pai de Sedna e ela deféndeo dunha pedrada, dándolle ocasión ao pai de matar á gaivota. Perseguidos polos paxaros mentres escapan nun *kaiak*, o pai guinda a Sedna ao mar para salvarse e cando ela intenta agarrarse á embarcación córtalle os dedos un a un. Dos dunha man nacen as baleas; dos da outra, as focas. Sedna, engulida polo mar, convértese nunha serea, na Deusa do Mar.

Tras a historia, a Nunavut aparéceselle en soños o seu pai para pedirlle que interceda ante Sedna pola súa vida, para que non morra afogado. Pola mañá volven os cazadores. O pai de Nunavut, que caera ao mar durante a caza, sobreviviu milagrosamente.

Xoán Abeleira
 Jacobo Fernández Serrano (il.)
 Nunavut
 Edicións Xerais
 71 páxs.
 2005

Sedna, a deusa do mar

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A participación das mulleres nos traballos da tribo en pé de igualdade cos homes.
- ▼ Valorización do personaxe da muller madura, encarnada en Mamá Helga.
- ▼ Presentación metafórica, emocionalmente intensa pero expresada en termos alegóricos, da situación de maltrato.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Reflexión sobre as mulleres e o traballo. Na tribo dos inuit as mulleres non adoitaban participar na pesca das baleas, pero ante a necesidade únense aos homes nesta tarefa: "á fin de contas, unha muller vale tanto coma un home, e ás veces máis" (p. 10).
2. Análise das distintas personaxes femininas: a nai de Nunavut, que coas demais da aldea se une á caza de baleas; Mamá Helga, que queda ao coidado dos nenos e nenas e lles transmite a sabedoría do pobo, as lendas e tradicións; Nunavut e Sedna.
3. Reflexión sobre os malos tratos. Sedna é vítima dobremente, do seu pai e da misteriosa gaivota/home que a maltrata e lle causa pavor. Tras o ano de silencio na casoupa, cando pide axuda quen acode é o seu pai, que a fai novamente vítima de violencia. Tiña Sedna algunha outra alternativa?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Casalderrey, Fina (2007). *Ola, estúpido monstro peludo!* Vigo: Galaxia, col. Árbore.
- ▲ Comino, Sandra (2007). *A casaña azul*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.
- ▲ Neira Cruz, Xosé Antonio (2009). *Un bico de amor e de vida*. Vigo: Galaxia, col. Árbore Musicontos.



Sedna, a deusa do mar



Mariña é gorda. Está contenta de ser como é: gorda, lambona, alegre e rechamante. Gústalle vivir entre xente moi diversa, pero é consciente de que hai xente cruel que se ri dos que son diferentes. Ela ten dificultades para mercar roupa ou para caber en segundo que sitios, por iso, ás veces ponse triste, viste roupas escuras e comeza un réxime para adelgazar. Menos mal que, un bo día, unha velliña cega que canta jazz descúbrelle as súas capacidades para o canto; e cantando, cantando, Mariña chega ao máis grande e alto escenario que existe: a Lúa, onde todos a admiran e ninguén lle fai sombra. O único problema é que Mariña se sente soa: de que lle serve ser a gorda máis admirada do mundo se non ten a ninguén con quen compartilo? Decide volver á Terra e ao anonimato, e remata a historia cando se apunta á banda de jazz para ser feliz e facer igualmente feliz ao resto da xente.

Album de ilustracións de gran expresionismo e esaxeración, con fortes angulacións, cores vivas e elementos surrealistas que enchen as páxinas de movemento e permiten outra lectura que acompaña á textual.

Carles Arbat Serarols
 Carles Arbat Serarols (il.)
 Alba Piñeiro (trad.)
 Estrella Polar
 Brosquil
 38 páxs.
 2006

Si, son gorda

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A defensa das diferenzas entre as persoas como un valor inherente á riqueza da humanidade.
- ▼ A tentativa de romper coa ditadura dos estereotipos físicos, amosando a sobrevaloración que ten esta calidade na sociedade actual.
- ▼ A posta en evidencia de que a gordura pode deberse á constitución física dunha persoa ou a unha enfermidade, e non unicamente a cuestións de descoído persoal.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar e comentar o seguinte texto: "Mariña anoxábase porque a xente era cruel. Divertíalle compartir o seu barrio con homes baixiños, xigantes, mulleres fortes, xente fea ou guapa, co nariz grande, a cara chea de pencas, artistas, banqueiros, arquitectos, albaneis, equilibristas... Mariña quería vivir nun mundo cheo de xente diferente, pero os demais empeñábanse en convertelo nun mundo que se ría de quen era diferente". Pensar nas veces en que alguén (nós mesmos/as) nos temos rido doutro porque non respondía ás convencións sociais máis prototípicas e imaxinar como se sentirían esas persoas.
2. Buscar información acerca de dúas enfermidades relacionadas coa imaxe corporal: a anorexia e a bulimia. Centrarse nos riscos que comportan e nas manifestacións sociais que poden provocalas.
3. Observar, a través de imaxes de arte, como os gustos en canto a maior ou menor peso foron diferentes ao longo da Historia. Os e as maiores da casa tamén nos poden achegar información ao respecto de cales eran as modas nos seus tempos, se coincidían coas actuais ou non...
4. Procurar información acerca de persoas que conseguiron o recoñecemento público a pesar de partir de situacións de diferenza (como unha discapacidade física ou psíquica, unha enfermidade crónica de calquera tipo, etc...)

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Casalderrey, Fina (2007). *Gordíño recheo*. Vigo: Edicións SM-Xerme, col. O Barco de Vapor.
- ▲ Pavón, Mar (2010). *Ranilda*. Pontevedra: OQO Editora, col. O.
- ▲ Saiz, Raquel (2010). *Nariz de ouro*. Pontevedra: OQO Editora, col. O.

Si, son gorda





Fina vive no 2º A dun edificio coa súa nai, que traballa nun ultramarinos; co seu pai, que é o primeiro en saír da casa para ir traballar á imprenta malia que sexa a súa nai a que se ergue máis cedo; con Coral, unha gatiña que Fina atopou nun colector de lixo e con Tita. A Coral púxolle o nome Tita, polo limpa que é. Tita chegou á casa cando naceu a nai de Fina (Felicitas) e coidou dela e do tío Felipe, que agora vive en Madrid, cando eran pequenos. Logo, coidou de Fina desde que naceu. Tita é grande, misteriosa e boa. Fina tamén ten unha amiga que vive no piso de enfrente (Cristiniña), aínda que ela agora quere que lle chamen Cris.

A vida de Fina é feliz, pero un día Tita desaparece. Fina non se atreve a preguntar onde está, por medo a que lle digan que está no cemiterio. Un día, entra no cuarto de Tita e queda durmida na alfombra, coas zapatillas de Tita postas e abrazada a unha foto súa que estaba na mesiña de noite. Atópaa a súa nai, e choran as dúas. Logo, trascorrido certo tempo, pregúntanlle se quere ir ver a Tita. Pero se ela pensaba que estaba morta! Fina descobre, así, que Tita estaba nun asilo. Xa non podía traballar coma antes e ela non quería ser unha carga. Mais un día a nai de Fina ten unha sorpresa para contarlles: Tita ten mozo! Unha excursión cos amigos e amigas do colexio, a festa de aniversario de Fina, nada diso iguala a ilusión de que, ao final, Tita veña vivir ao 3º, que deixara libre unha veciña un tanto pesada. Agora, cando volva da escola, Fina poderá estar na casa de Tita e Matías todo o tempo mentres non volva a súa nai. E polas tarefas da casa non ten que preocuparse, Leonor atopou unha hora para axudarlle nas máis difíciles.

Concha Blanco
Noemí López (il.)
Montaña Encantada
Everest Galicia
79 páxs.
2006

Tita

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ Valorización da personaxe da muller madura e da súa contribución afectiva aos nenos.
- ▼ A visión positiva da vellez como unha fase da vida na que se pode, mesmo, atopar o amor.
- ▼ A humanización da personaxe da cuidadora, coa que se establece un nexo afectivo, fronte ás visións máis mercantilizadas ou meramente laborais.
- ▼ A visión do ámbito familiar como unha rede de afectos.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Describir os personaxes da historia, prestando atención ás tres xeracións de mulleres: a nena, a nai, Tita.
2. Ambos pais traballan e ambos son afectuosos. Analizar os papeis de cada un e comentar a seguinte afirmación: "Papá é o primeiro que sae da casa, aínda que a primeira en erguerse é mamá". Pode servir para introducir unha reflexión sobre a conciliación da vida familiar e laboral.
3. E os nenos e as nenas? Teñen eles tamén unha Tita, unha muller que non é a súa nai, nin unha tía nin a súa avoa, pero que os coida e pasa tempo con eles? Que significa ela para eles? Botaríana de menos, tanto coma Fino, se desaparecese?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Babarro, Xoán e Fernández, Ana María (1985). *Primeiro libro con Malala*. Madrid: Edicións SM, col. O Barco de Vapor.
- ▲ Carballude, Pepe (2007). *Miña avoa ten 13 anos*. Vigo: Tambre, col. Ala Delta.
- ▲ López Rodríguez, Xabier (2007). *Cor gris vida*. Vigo: Tambre, col. Catavento.



Tita



Esta é a historia das tres irmás Barreira, que son ladroas, coma as súas devanceiras. Oculta é a maior e encántalle tirar o brillo de ouro e moedas para untalo polo corpo e lucir así maior resplandor; Lucía é a segunda e ten a mesma teima que a súa irmá, por iso tenta brillar como unha estrela de cinema; Xusta é a pequena e só lle gusta roubar para sobrevivir, aínda que tamén quere ser a máis brillante.

Oculta, obsesionada con brillar máis ca o sol do verán, vailles propondo ás irmás diferentes estratexias para conseguilo: roubar espellos e deitarse sobre moedas de ouro; ou roubarlle ao regato a auga e somerxer nela as xoias e os tesouros. Non obstante, das dúas experiencias saen maltreitas, polo que Xusta chega á conclusión de que brillar máis ca o sol é imposible. Un día le nun libro que as labregas e labregos son as persoas máis felices do mundo, así que decide mercar unha granxa e comezar unha nova vida.

Namentres, Lucía e Oculta continuaron ideando estratexias para brillar máis sen conseguilo. A que lucía máis esplendorosa ca nunca era Xusta, aínda que fose a conta dos seus veciños, a quen lles desaparecían animais, ou das súas veciñas, que plantaban para que fose a moza quen recollese as súas froitas e verduras. A pequena das irmás seguiu brillando, especialmente cando tivo unha nena, resultado da súa especial relación co veciño. O primeiro atraco da cativa foi roubar o corazón da nai. As súas tías foron visitala e a rapaza tamén se fixo co seu corazón. Finalmente, vendo á neniña, as tres irmás Barreira cumpriron o seu desexo: xuntas brillaron máis ca o sol do verán.

Txabi Arnal
Elena Odriozola (il.)
Marisa Núñez (trad.)

Q
OQO Editora
29 páxs.
2007

Tres irmás ladroas

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A mostra de personaxes femininos (Ocultá, Lucía, Xusta e a nena) que desenvolven papeis distintos na narración e que aparecen representadas nun oficio habitualmente asociado a personaxes masculinos.
- ▼ A ensinanza de que posuír bens materiais non garante a felicidade.
- ▼ O respecto á diferenza e ás opcións persoais de cadaquén.
- ▼ A valorización da vida no campo.

PROPOSTAS DE TRABALLO


1. Analizar as tres irmás Barreiro. En que se asemellan e en que se diferencian? Teñen antecedentes familiares nas súas "accións"? Consideras que a nena -filla e sobriña delas- seguirá os seus pasos?
2. Reflexionar sobre a obra: nun momento da narración, Xusta comeza a brillar máis ca as súas irmás. A que se debe ese "brillo"? Seguiu actuando igual que Oculta e Lucía? Pareceche que a súa elección foi a acertada? Argumenta a resposta.
3. Procurar no texto as estratexias que poñen en práctica Oculta e Lucía para brillar máis ca o sol do verán. Algunha ten éxito? Agora escribe ti, baseándote nas delas, unha técnica para tentar captar o resplandor solar.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Arnal, Txabi (2009). *O corazón do xastre*. Pontevedra: OQO, col. Q.
- ▲ Ferrer, Ánxeles (2006). *Tres princesas namoradas*. Vigo: Galaxia, col. Árbore.
- ▲ Graña, Bernardino (2009). *No castelo de Marbel*. Vigo: A Nosa Terra, col. Contos do Bernardino.



Tres irmás ladroas



En primeira persoa, cóntanos Fernando o verán que comparte con Saida, unha nena saharauí que pasa as vacacións na súa casa. El é o prototipo negativo de fillo único, un rapaz bastante consentido e que se aproveita da súa situación. Os dous irán á casa da avoa na aldea, onde o pai e a nai os deixan con Truco, o can. Alí estarán tamén con moitas amigas e amigos, cos que xogan a diferentes cousas, especialmente a un xogo de "mouros e cristiáns" que converterán en algo diferente. Saida axudaralle a Fernando a dominar os seus medos cun método que lle ensinou seu avó e que é infalible. A curiosidade do rapaz fixéralle remexer na bolsa da nena o día da súa chegada e descubrir a man de Fátima, unha especie de amuleto que –segundo el– funciona igual que as medallas da avoa. Despois de compartir avoa, amigas e pais, aldea e mar con Fernando, Saida debe marchar, pero antes terá que pasar por algunha situación desagradable (como cando unha señora a insulta). Mais o Fernando que deixa xa non é o mesmo que atopara, xa que, igual que a nena, el tamén cambiou, ao aprender valores e crenzas doutra cultura e, sobre todo, o valor da amizade.

Eva Peydró
Sergio Cordero Hermida (il.)
Silvia Gaspar (trad.)
Árbore
Editorial Galaxia
102 páxs.
2005

As vacacións de Saida

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A reivindicación de que non existen xogos/xoguete para nenas e xogos/xoguete para rapaces, senón que todos poden ser compartidos por ambos sexos.
- ▼ A proposta de xogos alternativos, en que a violencia e o racismo queden eliminados e nos que se fomente o cooperativismo e a tolerancia.
- ▼ O valor da solidariedade internacional.
- ▼ A denuncia e a condena da xenofobia e o racismo que ás veces padece a poboación inmigrante.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Comentar a reacción dos diferentes personaxes ante a señora que insulta a Saida.
2. Explicar como a experiencia do verán compartido con Saida –que se converte para el nunha amiga e case nunha irmá– propicia que Fernando cambie.
3. Realizar unha pequena investigación na que se vaia recollendo a que xogan os nenos e as nenas, no recreo ou no parque. Escribir unha redacción que se titule: “O meu xogo favorito”.
4. Investigar cal é a situación do Sáhara e o seu pasado. Indagar se no noso arredor hai algunha familia que acollese a unha nena ou a un neno saharauí; se é así, tentar entrevistalos.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Fernández Paz, Agustín (2009). *Valados*. Vigo: Xerais, col. Merlín.
- ▲ Moure, Gonzalo (2003). *Palabras de caramelo*. Vigo: Xerais, col. Sopa de Libros.
- ▲ Pérez Otero, Amalia (2008). *Yared e a súa nova familia*. Vigo: Nova Galicia Edicións, col. Contos de Mamá.



As vacacións de Saida



Nun pequeno reino, á beira do Nilo, gobernaba un rei coñecido pola súa valentía. Cando tivo un fillo púxolle Valentino coa esperanza de que herdase ese trazo do seu carácter pero algo fallou. O pequeno era agradable e bondadoso, gustaba da cociña, a música e os libros e detestaba a caza e a guerra. Un día, o rei, farto desta situación, decide enviolo a unha cacería a pesar das súas queixas e enfermidades finxidas; mais nela, mentres os outros corren tras os animais, el observa a natureza.

Valentino, distraído nestas tarefas, pérdese e faise de noite, polo que decide subir ao alto dunha árbore. Porén, esvara e cae sobre un animal que bota a correr e o leva ao lombo mentres el berra, medoñento: "¡Aiiiiiiiiii!". Cando pasaba por un reino descoñecido, a princesa do lugar namórase ao descubrir a sensibilidade e delicadeza que se agochan detrás dun berro que parecía de guerra. Casan, pero o príncipe aínda ha de pasar por outras probas nas que se pretende medir a súa valentía: ante un feroz león que ataca rabaños e pastores ou ante un exército inimigo que os invade. Valentino sempre sairá vitorioso coa axuda da princesa e do seu berro de guerra, que en realidade o é de medo. Só cando é proclamado rei declara que nunca máis se volverá falar de guerras nin de batallas.

Este relato parte dun conto orixinal de Etiopía e enriquecese cunhas imaxes expresivas, de cores planos, que achegan información, unhas veces ampliada e outras case en contradición co texto, a modo de aceno ao lector. Por exemplo, na imaxe final, tanto os animais como os nenos desmenten a ausencia total da palabra guerra.

Luísa Morandeira
Renata Gallio (il.)

Q
OGO Editora
54 páxs.
2005

Valentino

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A exemplificación de que non todos os homes nin todas as mulleres teñen que ser iguais só por pertencer a un mesmo sexo.
- ▼ A capacidade de ser un mesmo, sen pensar no que os demais esperan de nós.
- ▼ A valorización de calidades asociadas coa feminidade (como a sensibilidade ou a dozura) a través dun personaxe masculino.
- ▼ A aceptación das persoas tal e como son.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Partir da situación de cadaquén, observando como é cada persoa e tentar pescudar que espera o resto dela. Indagar acerca das expectativas de cada persoa e do que cada unha quere facer no futuro. Tentar comentar se nalgún momento sentiron que non cumprían esas expectativas.
2. Comparar nas últimas páxinas da obra o texto e as imaxes. Opinar acerca dos xoguetes bélicos e os xogos violentos. Analizar as imaxes para ver en que casos achegan información que non nos ofrecía o texto.
3. Realizar unha pequena enquisa para investigar os gustos dunhas e outros, en base a preguntas do tipo:
 - Nenos: Como son as nenas que máis che gustan? Que afeccións ha de ter unha nena para ser amiga túa? Xogas ao mesmo con elas que cos teus amigos rapaces?
 - Nenas: Como son os nenos cos que che gusta xogar? Que afeccións ten que ter un neno para ser amigo teu? Xogas con eles ao mesmo que coas túas amigas?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Del Mazo, Margarita (2009). *A máscara do león*. Pontevedra: OQO, col. O.
- ▲ Oli (2009). *Leocadio, o león*. Vigo: Xerais, col. Merlin.
- ▲ Patacrúa (2006). *Loboferoz*. Pontevedra: OQO, col. O.



Valentino



Xela é unha mestra moi querida polas nenas e nenos da súa clase e, un ano máis, todas están felices de que sexa ela a súa profesora. Non obstante, este curso nótana moi cambiada: xa non está contenta, coma outrora, non lles conta historias, e fisicamente parece moi desmellorada (con manchas no pescozo, profundas olleiras e mal amañada). O seu comportamento é moi estraño para o alumnado, que chega a pensar que a súa mestra se converteu en vampira.

Un día, Breixo, convencido de que a profesora está enferma, decide agasallarlle unha camelia branca para ver se a anima un pouco. Mais Xela esquece a flor e o rapaz lévalla á súa casa, onde ninguén lle abre. No camiño de volta, Breixo coñece a unha sorte de trasno miúdo en forma de nena e con poderes máxicos, que responde ao nome de Rute e que lle concede un desexo. A partir dese día, Xela deixa de ir á escola e, cada vez máis firmemente, os rapaces e rapazas da súa clase pensan que é unha vampira.

Alarmado pola ausencia da profesora, Breixo pídelle á súa amiga con poderes máxicos que lle permita descubrir o que acontece. Rute consegue que polas paredes da casa de Xela se poida ver –coma se fosen transparentes– e os dous amigos contemplan como Cibrán, o home da mestra, a maltrata física e psicolóxicamente. A nena-trasno decide converter a Cibrán nun horrible e xigante cocho, polo que o problema de Xela desaparece. Pocos días despois, a profesora volve ás aulas.

Fina Casalderrey
 Noemí López (il.)
 Contos da Igualdade
 Baía Edicións
 55 páxs.
 2007

Xela volveuse vampira

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A firme condena dos malos tratos contra as mulleres e a denuncia da situación que viven as mulleres maltratadas.
- ▼ A aprendizaxe de que cómpre non fiarse das aparencias.
- ▼ A importancia de ter iniciativa propia.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar o personaxe de Xela. Como era ao principio segundo as súas alumnas e alumnos? Que cambia despois? Que pensan que lle ocorre?
2. Breixo decídese a pescudar o que está sucedendo coa mestra. Coa axuda de quen o consegue? Que farías ti se estiveses na súa situación?
3. Debater: había motivos para desconfiar de Cibrán, o home de Xela? Procurar no texto datos que indiquen que si e datos que indiquen que non. Que conclusión tiras da historia: os homes que maltratan ás mulleres teñen unhas "características especiais" ou, pola contra, é moi difícil coñecer como se comporta alguén na casa coa súa familia?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Barrio, Imelda (2009). *Nera, a ferreira*. A Coruña: Baía, col. Contos da Igualdade.
- ▲ Casalderrey, Fina (2007). *Ola, estúpido monstro peludo*. Vigo: Galaxia, col. Arbore.
- ▲ Paz, Begoña (2005). *Norocai. Libro primeiro. A illa durmida*. A Coruña: Baía, col. Meiga Moira.



Xela volveuse vampira



Unha rapaza vive co pai que a maltrata (despois de que a súa nai os abandonara) e cunha madrasta que finxe non ver para evitar problemas co seu home. A nena vive coa ilusión de visitar a avoa (unha velliña tenra e sabia) e pasar o tempo cun amigo moi especial. Os capítulos da historia vanse alternando con edicións dun programa radiofónico no que se conta a lenda da vila, desde o momento no que vivían os aborixes ata que foron case aniquilados e quedaron os brancos, a posterior chegada dos emigrantes, etc.

A transición que o narrador realiza entre o pasado do lugar en que se desenvolven os acontecementos e o momento actual, alicérase na historia dunha familia e un fogar, o dun emigrante español que vive co seu fillo e unha aborixe, que sobrevive á loita cos brancos. Os dous mozos namóranse, pero a rapaza nega ese amor porque lle prometera aos seus non ter nada que ver con aqueles que, chegados de fóra, acabaran con eles. O mozo morre de enfermidade e ela farao de pena. Despois destes sucesos, a casa vólvese azul nun día determinado. O alcalde é un especulador que tamén fai negocio coa casa azul, que pon á venda. Fronte ao alcalde e o pai, que representan o negativo da sociedade, sitúanse a Cintia e o seu amigo Bruno, a avoa e o seu amigo libreiro, que representan o ben que remata vencendo ao mal. Unha historia con final feliz no que a xustiza se cumpre.

Sandra Comino
 Jorge Magutis (il.)
 Ánxela Gracián (trad.)
 Árbore
 Editorial Galaxia
 157 páxs.
 2007

A casiña azul

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A exemplificación das relacións interxeracionais positivas entre mulleres, que conforman unha xinea feminina.
- ▼ A mostra de diferentes personaxes femininos non estereotipados (a avoa, a nena, a nai, a muller do pai...), que cumpren distintas funcións na narración.
- ▼ A valorización do sentimento amoroso, sexa cal sexa a idade das persoas (o amor na adolescencia; o amor na terceira idade)
- ▼ A abordaxe e a condena dos malos tratos contra as mulleres e as nenas.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Da novela tírase a idea de que non só maltrata quen exerce violencia, senón tamén os que a ven con indiferenza. Observar as reaccións dos diferentes personaxes da narración fronte á violencia e comparar co que sucede na realidade ante situacións violentas –xa sexan verbais ou físicas.
2. Debater acerca do amor nas diferentes etapas da vida e o dereito a sentilo e gozalo.
3. Definir a cada unha das mulleres que aparecen na historia empregando dous ou tres cualificativos. Ver quen se identifica con quen e realizar un pequeno psicodrama no que se estableza un diálogo entre elas defendendo cada unha a súa posición. Os demais poden debater acerca de con quen están máis de acordo.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Alampont, Pascual (2004). *O inferno de Marta*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Comino, Sandra (2008). *Así en la tierra como en el cielo*. Buenos Aires: Editorial Sudamericana.
- ▲ Comino, Sandra (2008). *El pueblo de mala muerte*. México: Comunicarte Editorial.



A casiña azul



Unha moza de 19 anos, fermosa e de clase social alta, decide, en contra do criterio familiar, viaxar á India como cooperante durante as vacacións de verán. Silvia acaba de rematar o primeiro ano da carreira de medicina e entende a súa vocación de xeito moi diferente a como a exercen o seu pai (cirurxión estético da clase alta de Barcelona) e mais a súa nai (dedicada á cirurxía reconstructiva). A rapaza pensa que a estadia na India é o que necesita para coñecerse a si mesma e entender os seus sentimentos, escapar da trampa de facilidade na que podería caer pola súa beleza e mesmo aclarar a súa relación sentimental con Arturo, que antes de marchar a feriu chamándolle "Miss ONG". A viaxe non a defrauda. Chea de experiencias e emocións, vai resultar realmente iniciática. Na máis extrema das situacións, enfróntase a uns asaltantes que pretendían roubar os medicamentos que trasladaba ao hospital.

No hospital, Silvia coñece á doutora Roca e ao doutor Giner, que dedican a súa vida ao duro traballo no RHT. Alí, os pacientes non deixan de chegar e son atendidos sen os recursos que a medicina ten no primeiro mundo. Coñece a Leo, un capaz oftalmólogo que aínda está rematando a carreira e que ao principio se mantén distante de Silvia por prexuízos de clase que finalmente acaban superando. Pero, sobre todo, coñece as distintas facetas da India: a fascinación de Mahendra, unha especie de príncipe indio que vive case recluído na súa mansión, lembrando a súa muller e os seus fillos falecidos traxicamente; a Viji, unha moza coxa e sen un ollo, afectuosa e traballadora, que ama e envexa á irmá que vai casar porque sabe que ela non casará nunca; a Sahira, unha nena á que se sente estrañamente unida e que morre producíndolle a Silvia unha crise nerviosa; a Lakshmi, outra nena, que foi vendida polo seu pai, prostituída e abandonada ao enfermar, pero á que conseguen salvar, ofrecéndolle unha segunda oportunidade... O final do verán é un novo comezo para Silvia. Decide ir vivir soa, vólvese máis autónoma, gaña o respecto dos pais. Finalmente, a protagonista volve a Barcelona para seguir estudando, pero sabendo que o próximo verán volverá á India.

Jordi Sierra i Fabra
Pilar Saborido Otero (trad.)

Periscopio

Rodeira

286 páxs.

2006

Premio Edebé de Literatura Xuvenil 2006

Chamando ás portas do ceo

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A paridade e equivalencia dos personaxes masculinos e femininos, que comparten unha contorna de traballo e unha dedicación vocacional relacionada coa axuda aos necesitados.
- ▼ A presentación, respectuosa e dende unha visión positiva, das diferenzas culturais e dos distintos roles da muller na cultura occidental e na India.
- ▼ A relativización da importancia da beleza na construción da identidade feminina e contraposición deste valor con outros, como o talento, o traballo, a valentía e a perseveranza.


PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Describir en profundidade o personaxe de Silvia e analizar a súa experiencia na India como un proceso formativo. Que dá e que recibe Silvia da súa experiencia como cooperante?
2. Analizar as diferenzas culturais que se aprecian entre os valores occidentais e a sociedade india. Silvia ten que recordarse a si mesma en varias ocasións os principios do bo cooperante, entre os que se encontra non xulgar con ollos occidentais. Cústalle aceptar os casamentos amañados a idades tan temperás, a distinción en castes... En que aspectos podemos captar a discriminación da muller na sociedade india? É doado ver as inxustizas de culturas alleas, mais tamén deberíamos de ser capaces de poñer a nosa en perspectiva e captar as súas.
3. Reflexionar sobre a importancia dos microcréditos no desenvolvemento do Terceiro Mundo. No capítulo XVI Mahendra e Silvia manteñen unha conversa sobre os microcréditos impulsados por Muhammad Yunus, "o banqueiro dos pobres", e di Mahendra: "Sabías que o 94% das persoas que piden este tipo de créditos son mulleres?" (p. 224).
4. Facer un debate sobre os catorce mandamentos do bo cooperante, utilizándoos como unha pauta de conduta para unha multiculturalidade rexida polo respecto. Este debate poderá apoiarse na lectura do capítulo XIII, onde Silvia reflexiona sobre eles.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Alfaya, An (2007). *Illa Soidade*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Reimóndez, María (2006). *Usha*. Vigo: Xerais, col. Merlin.
- ▲ Sierra i Fabra, Jordi (2007). *Do outro lado do espello*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.

Chamando ás portas do ceo



Unha moza de quince anos relata, en primeira persoa, o seu verán nun campamento de montaña. Vai esfiañando as súas relacións coas amigas, as monitoras e os rapaces que coñece; lembrando a Carlos –un amigo especial que neste tempo está compartindo as vacacións na praia co resto dos seus compañeiros e compañeiras– e á familia. A falta de entendemento co pai, ao que considera machista, desconfiado, intolerante e interesado, constitúe unha teima da rapaza, que se ve privada de liberdade e percibe a dor que este crea sobre outros membros da familia (como a avoa, que vendeu as súas propiedades para que el puidese mercar un piso mellor e agora ten que irse a unha residencia porque non hai sitio para ela e porque, ademais, tamén se ve prisioneira).

As inxustizas familiares únense as sociais cando coñece unha familia de portugueses que son tratados dunha maneira totalmente inxusta; a forma na que son desaloxados da vivenda e se ven obrigados a vivir debaixo dunha ponte ou a perda do fillo que esperan son elos dunha cadea de explotación que se aproveita da necesidade de traballo dos inmigrantes.

O autor sitúa a novela no Brumoso literario no que xa ambientara outras obras, homenaxe a eses lugares que van perdendo habitantes, e homenaxe a eses habitantes non galegos que falan a nosa lingua.

Xavier López Rodríguez
 Catavento
 Tambre
 115 páxs.
 2007

Cor gris vida

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A diversidade de personaxes femininas que mostra a obra: a adolescente que busca unha liberdade responsable, a nai que non traballa fóra da casa, a avoa que perdeu a liberdade que tiña e con ela as propiedades, a monitora solidaria e aberta, a inmigrante portuguesa cargando coa peor parte dunha situación de explotación, etc.
- ▼ A protesta polo exceso de poder masculino, encarnado na figura do pai.
- ▼ A potenciación e a valorización das relacións interxeracionais.
- ▼ A denuncia pola situación de explotación que viven as persoas máis desfavorecidas socialmente.
- ▼ A mostra de diferentes modelos de familias.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar as diferentes personaxes femininas que aparecen na obra, centrándose en debullar as súas características máis senlleiras.
2. Opinar sobre o que lle sucede á avoa da novela: o trato que lle dan, o feito de que non a leven de vacacións, pero tampouco a deixen invitar a un amigo, a maneira na que mesmo á neta lle molestaba sacala a pasear... A novela e os comentarios entre o alumnado debe ser o punto de partida dunha reflexión persoal acerca da relación que cada un e cada unha mantén coas persoas maiores da súa familia.
3. Contestar:
 - Por que lle dedicará o autor esta novela ás súas irmás?
 - Na novela, como é a relación de cada unha das mulleres da casa co pai?
 - En que lugares de fóra de Galicia se fala galego?
4. No texto aparecen as migracións de ida e de volta, por un lado os inmigrantes portugueses, e doutro, os mozos que veñen de vacacións desde Bilbao ou Barcelona porque son fillos e fillas de familias que tiveron que emigrar a eses lugares para buscar traballo. Realizar unha investigación, neste sentido, para facer visible unha e outra na contorna do alumnado.
5. Explicar o seguinte fragmento dentro do contexto da novela:
 - "Eusebio ten máis sorte ca min. É máis libre, xa agora.
 - Debería desexar que sexa outro rapaz o que veña. Polo seu propio ben.
 - Pero gustaríame que fose unha nena."

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Carballude, Pepe (2007). *Miña avoa ten trece anos*. Vigo: Tambre, serie verde.
- ▲ Casalderrey, Fina (2007). *Ola, estúpido monstro peludo*. Vigo: Galaxia, col. Arbore.
- ▲ Comino, Sandra (2007). *A casa azul*. Vigo: Galaxia, col. Arbore.

Cor gris vida



Amina Nwapa é unha rapaza africana que chega coa súa nai dende Nixeria para asentarse en Galicia. O desenvolvemento dos seus primeiros días na escola, as súas reaccións ante o novo mundo e a acollida desigual que Amina atopa entre os seus compañeiros e compañeiras (dende o racista rexeitamento de Severo, ata a actitude agarimosa de Sara, a mestra) constitúen a espiña dorsal desta novela, pensada para un público a partir dos dez anos.

O texto céntrase, moi especialmente, na amizade que se establece entre Amina e Ió, unha rapaza muda, a través dos debuxos que esta lle agasalla á súa nova amiga africana. Non obstante, logo da celebración do Día da Paz na escola, Ió desaparece misteriosamente da cidade. Só Amina, interpretando as imaxes que a súa compañeira lle regala, conseguirá atopala á beira da lagoa que Ió pinta insistentemente. Ali, ambas saberán que, amais da súa complicidade, comparten diferentes dores: a rapaza africana, a de ter que deixar a súa terra natal en busca dunha vida mellor; a galega, a vivencia dos malos tratos por parte do pai.

A historia constrúese alternando unha narración en 3ª persoa con outra en 1ª persoa, a través das cartas que Amina lle escribe ao seu curmán Edu. A obra conta coas características propias da escrita de Fina Casalderrey: o humor, a sensibilidade e a capacidade de introducir diferentes valores transversais sen esquecer o coidado literario.

Fina Casalderrey
 Patricia Castelao (il.)
 Sopa de Libros
 Edicións Xerais
 123 páxs.
 2007

A lagoa das nenas mudas

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A condena de actitudes racistas e a promoción activa dunha cultura de paz.
- ▼ O tratamento dos malos tratos e as súas consecuencias, coa consecuente promoción dunha educación non sexista.
- ▼ A introdución de diferentes elementos da cultura nixeriana, a través de distintos elementos lingüísticos, gastronómicos e literarios (lémbrese especialmente á autora Flora Nwapa).

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar por que Amina e Ío se fan amigas. En que se asemellan e en que se diferencian?
2. Os malos tratos ás mulleres están a ser, desafortunadamente, un fenómeno bastante común en España. Procurar na novela que personaxe os sofre e como lle afectan na súa vida cotiá. Reflexionar, en grupo, que se pode facer para previlos e para axudar ás mulleres maltratadas.
3. Pescudar na obra varios dos datos que se achegan sobre a cultura nixeriana. O alumnado ampliará ese coñecemento con informacións que aparezan na rede, de maneira que se acaben coñecendo as principais características culturais do país.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Arnal, Txabi (2010). *Caixa de cartón*. Pontevedra: OQO, col. Contextos.
- ▲ Babarro, Xoán (2004). *Sempre Hausa*. Vigo: Galaxia, col. Arbore.
- ▲ Fernández Paz, Agustín (2009). *Lúa do Senegal*. Vigo: Xerais, col. Sopa de Libros.
- ▲ Montalbán, Carmen (2008). *Estás na lúa*. Pontevedra: Kalandraka.



A lagoa das nenas mudas



A avoa de Bea foi vivir a unha residencia, pero Bea vai visitala todas as tardes cando remata os deberes para acompañala lembrándolle as historias que a avoa lle contaba a ela e á súa irmá Lucía cando eran pequenas. Ademais, a nena vaille lendo as cousas que ela escribe agora, sobre si mesma, sobre a súa irmá, sobre o seu primeiro mozo. Na residencia, Carme espera cada tarde con impaciencia a visita da súa neta.

Bea descríbese a si mesma como gorda e peluda e, ademais, con lunares e con pelos na cara. Mide un cincuenta e tres e pesa sesenta e cinco quilos, así que cando vai á praia faino en sitios lonxe da casa para non bater con xente coñecida. Gústalle vestir de chándal, porque di que é o que mellor lle senta ao seu tipo de "foca nova". Malia todo, Bea non é unha moza acomplexada e ela mesma reconece que ten moitos amigos, que lle cae ben á xente e que sempre a escollen delegada, feitos que atribúe a ser boa compañeira, deixar os apuntamentos, non acusar das falcatruadas dos demais nin presumir do que sabe.

Bea acaba tamén coñecendo a outros internos da residencia que lle descubren as distintas caras da humanidade: a bondade e a soidade dun cesteiro que lle agasalla unha fermosa caixa de vimbio e que se preocupa por ela e pola súa avoa; mais tamén a maldade dun esquizofrénico perigoso, que foi internado pola forza despois de matar á súa muller tras sufrir anos de maltratos.

Ao final, a avoa Carme falece dun derramo cerebral, pero antes Bea prométtelle que, aínda que ela xa non estea alí para lerlle o que escriba, seguirá escribindo igual.

Pepe Carballude
David Pintor (il.)
Ala Delta
Tambre
102 páxs.
2007

Miña avoa ten 13 anos

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A valoración das relacións interxeracionais e do papel das avoas no coidado e transmisión das historias e da tradición.
- ▼ A presenza dunha protagonista caracterizada pola sensibilidade que racha cos tópicos de construción da identidade feminina a través da beleza, xa que se describe como abertamente fea, sen que iso reduza o personaxe á autocompaixón.
- ▼ A aceptación dunha mesma e doutros membros da familia.
- ▼ A introdución, a partir dun personaxe secundario, do tema dos malos tratos e da violencia machista.
- ▼ A introdución do tema da violencia na guerra civil a través da historia de Arturo, avó de Bea que morreu "paseado".

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Caracterizar á protagonista facendo un retrato completo: trazos físicos, carácter, afeccións, sentimentos, accións.
2. Prestar atención ás diferentes personaxes femininas que aparecen na novela: Bea, a súa irmá Lucía, a nai, a avoa. Elaborar unha listaxe coas características de cada unha delas e expor con cal se identifican máis e por que.
3. Debater sobre o tema dos malos tratos a partir do personaxe de Luís. Resulta sorprendente que sexa aparentemente amábel e descubrir que é un maltratador? En que momentos a súa conduta apunta á súa condición de maltratador?
4. As avoas e os avós son, a miúdo, fonte inesgotábel de contos e historias. Comentar na clase quen lles contou a elas e a eles os primeiros contos e mesmo contar en voz alta algunha historia que lles contasen as avoas ou os avós.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Blanco, Concha (2006). *Tita*. A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada.
- ▲ Casalderrey, Fina (2005). *¿Quen me quere adoptar?* Vigo: Edicións Xerais, col. Merlin.
- ▲ López Rodríguez, Xabier (2007). *Cor gris vida*. Vigo: Tambre, col. Catavento.



Miña avoa ten 13 anos

A noite da raíña
Berenguela

XOSÉ A. NEIRA CRUZ



Camaleón



Esta peza teatral, Premio Lazarillo 2004, narra a historia de Berenguela, que casada con Alfonso VII por obriga, vese condenada a vivir nunha corte bastante particular. Nela, quen de verdade manda non é o rei, senón os seus achegados: o conde de Traba e o arcebispo Xelmírez; e nela aniña aínda o espírito da súa sogra, a raíña Urraca, convertida agora nunha pega que se lles aparece a personaxes con connotacións negativas. Mais nesa corte existen tamén almas xenerosas, que serán o refuxio da protagonista, como a de frei OdranoeL, grande inventor infravalorado, obrigado a reescribir a historia ao gusto do arcebispo, e como Dorotea, a súa moderna e divertida dama de compañía.

Os aduladores do rei, sedentos de poder, quererán desfacerse de Berenguela: un porque pensa que non cumpre co seu papel de raíña debidamente, e outro porque ter a tumba dunha dama nova e importante na súa catedral lle conferiría a sona que sempre quixo para si. Polo medio, introducindo o elemento máis humorístico da obra e rebaixando o peso histórico da mesma, o xogar Reinaldos (namorado da raíña) e o seu cabalo Sinforoso (que goza levándolle a contraria ao seu amo). Enmarcando toda a historia principal, atópanse Comba, unha nena coa que ninguén quere xogar, e o vello das pombas, o encargado de explicarlle á rapaza a tradición que conta que, todos os 24 de xullo, a raíña Berenguela sae do seu sepulcro na catedral de Santiago para procurar ao seu amado e transmitir ás mozas que atopa a súa impactante beleza.

Xosé A. Neira Cruz

Kiko Da Silva (il.)

Camaleón

Planeta & Oxford

120 páxs.

2005

Premio Lazarillo 2004

A noite da raíña Berenguela

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ Os diferentes e non estereotípicos modelos de muller que achega a obra (a raíña Berenguela, a raíña Urraca, Dorotea e a propia Comba).
- ▼ A defensa da liberdade como dereito esencial de todos os seres humanos
- ▼ A valorización da amizade entre dúas persoas de diferente sexo e idade.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar os distintos personaxes femininos que aparecen nesta peza teatral. Por que se podería afirmar que ningún deles responde aos estereotipos da súa época?
2. No texto aparecen dous paxaros como símbolo do ben e do mal. Cales son e que simbolizan? Que personaxes se vencellan a un e a outro?
3. Procurar información sobre a raíña Berenguela e elaborar un breve traballo sobre ela e a súa época.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Blanco Amor, Eduardo (2000). *Romance de Micomicón e Adhelala*. Vigo: Galaxia, col. Sete Mares.
- ▲ Neira Cruz, Xosé Antonio (2005). *O armiño dorme*. Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste.
- ▲ Moure, Teresa (2009). *Unha primavera para Aldara*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.



A noite da raíña Berenguela



Norocai é unha illa gobernada polo rei Cordón, que ten dous fillos xemelgos. Un deles, Ordón, seméllaselle moito e gusta da pesca; o outro, Abdón, é o preferido da nai. Cando morre o pai deixa escrito que o reino se dividirá en dúas partes, unha para cada fillo, pero a muller dálle a mellor a Abdón e condena a Ordón a gobernar nas terras pantanosas. Abdón non ten descendencia, mais coa axuda dun mago logrará que a muller dea a luz unha filla. El quería un neno, polo que decide expulsar ao mago, que o maldí. A partir de entón, Abdón terá varios fillos, pero todos cunha estraña enfermidade que lles fai tremer continuamente, como se tivesen moito frío. Isto condenará ao reino a queimar todos os seus bosques para darlles calor aos seus habitantes ata que queden sen árbores.

Namentres, a súa única filla, Caula, trabala amizade co que fora axudante do mago e agora é bibliotecario. A través del, a moza pasará moito tempo lendo ata que se decide a atravesar as terras coñecidas e ir na busca do Gran Mago para que axude aos seus irmáns. Esta complicada viaxe realízase ao tempo que o espía do reino de Abdón, Minimus, tenta entrar nas terras do rei Ordón na busca de máis leña. Este espía descobre que a familia real vive nun palacio subterráneo comunicado por túneles e abastecido por unha substancia escura que arde e dá luz. Cando volve, faino coa princesa Admira que quere coñecer aos seus primos e venderlles o líquido combustible coa condición de que o rei Abdón pida publicamente perdón a Ordón pola inxustiza do reparto do herdo paterno.

Ao tempo, Caula retorna coa sabedoría suficiente para resolver o problema dos irmáns, mais ninguén a quere escoitar: o desprezo dos pais e a soberbia da prima obrígana a tomar a decisión de marchar de novo. Farao con Cepillo, o rapaz que recollera na viaxe e co que se comprometera a buscarlle axuda, de maneira que a historia queda aberta a novas aventuras.

Begoña Paz
Beatriz Parra Moracho (il.)
Meiga Moira
Baía Edicións
159 páxs.
2005

Norocai. Libro Primeiro. A illa durmida

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A denuncia da discriminación que sofren as mulleres en moitas monarquías existentes.
- ▼ A posta en valor da sabedoría, elemento que a protagonista acada grazas aos libros.
- ▼ A protesta nidia contra a ignorancia de quen considera inferiores ou menos capaces ás mulleres.

PROPOSTAS DE TRABALLO


1. Organizar ao alumnado en grupos e propiciar que se documente acerca das discriminacións que padecen as mulleres polo feito de selo. Utilizar fontes orais, gráficas e dixitais. Cada grupo ocuparase dunha cultura diferente.
2. Realizar un debate arredor dos prexuízos, de diferentes tipos, que xera a ignorancia.
3. Analizar a relación das mulleres coa política: procurar datos de monarquías nas que gobernan as mulleres e datos doutras nas que só poderán ser consortes ou rexentas. Facer o mesmo cos países presididos por mulleres e cos países presididos por homes. Presentar información cualitativa e cuantitativa.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Alfaya, An (2007) *A lenda da lúa de Montealto*. Santiago: Sotelo Blanco, col. DocexVintedous.
- ▲ Cabana, Darío Xohán (1993). *As viaxes do Príncipe Azul*. Vigo: Galaxia, col. Arbore.
- ▲ Queizán, María Xosé (1985). *O segredo da Pedra Figueira*. Vigo: Tintimán (actualmente reeditada na colección Fóra de Xogo de Xerais).



Norocai. Libro Primeiro. A illa durmida



Usha/Uxía é unha rapaza que vive con súa nai –médica cooperante– dende hai dous anos na India, concretamente no estado de Karnataka. Ao longo destas páxinas vai describindo o seu día a día na escola, a súa amizade con Lakshmi e a súa relación especial con Deepak, as cousas que bota de menos de Galicia, os fitos culturais máis relevantes do novo país, os lugares que coñece e os seus soños para cando sexa adulta (entre eles, ser directora de cine).

A súa existencia é tranquila na aldea, ata que ocorren dous acontecementos que o cambiarán todo. Primeiro, á casa de Lakshmi chega a súa curmá maior, Savitri, moi tristeira. Coa axuda da nai de Usha descubren o que lle pasa á moza: os pais queren apartar dos estudos para que teña un casamento amañado e se esqueza do seu amado Rama. A médica conseguirá que os pais cambien de opinión e que finalmente Savitri acabe cumprindo o seu maior soño: estudar medicina *ayurbédica*.

Ao mesmo tempo, a nai de Usha sae ferida nunha manifestación convocada en protesta polas mortes e polas violacións de rapazas que estaba levando a cabo o exército. O suceso trae consecuencias para a protagonista: na escola un grupo de rapaces advirtelle violentamente que é mellor que a súa nai se deixe de meter en problemas e que volvan ao seu país. Non obstante, nai e filla vense obrigadas a viaxar a Galicia de inmediato porque un petroleiro encallou na costa enchendo todo de chapapote.

María Reimóndez
Iván Sende (il.)
Merlín
Edicións Xerais
146 páxs.
2006

Usha

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ O dereito á educación das mulleres e a denuncia dos matrimonios concertados (costume vixente en diferentes lugares do mundo).
- ▼ A protesta contra a violencia que sofren as mulleres nas súas formas máis diversas (psíquica e física).
- ▼ A valorización da autonomía e da independencia como necesidade básica das mulleres.
- ▼ A introdución de diferentes elementos culturais da India (costumes, gastronomía, feitos lingüísticos, relixiosos, etc...) que permiten o coñecemento da súa realidade.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Usha e Lakshmi son moi boas amigas e a súas nais tamén se levan moi ben. Porén, hai moitas diferenzas entre a súa situación familiar. Iniciar unha reflexión co alumnado sobre cales son as distincións máis importantes entre as dúas amigas, incidindo en como isto non afecta á súa relación.
2. Savitri, a curmá de Lakshmi, quere estudar. Procurar na obra por que os seus pais se opoñen a isto. Animar aos mozos e mozas a que pescuden en que outros lugares do mundo seguen existindo matrimonios concertados.
3. Insistir na comprensión dun dos elementos máis senlleiros da obra. Por que e onde é atacada a nai de Usha? Que se reivindicaba na manifestación que axudou a organizar?
4. A India é un país moi interesante en que se falan idiomas moi diferentes, tal e como conta Usha. Comentar co alumnado que datos deste país van aparecendo ao longo da obra. Dividir a aula en grupos e propor diferentes traballos de investigación que pescuden que linguas se falan en cada zona e cales son os costumes máis característicos de cada estado.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Babarro, Xoán e Fernández, Ana María (1995). *As vacacións máxicas de Jonh Liberty*. Madrid: Alfaguara-Obradoiro, serie azul.
- ▲ Carballeira, Paula (2006). *Smara*. Pontevedra: Kalandraka.
- ▲ Reimóndez, María (2008). *Lía e as zapatillas de deporte*. Vigo: Xerais, col. Merlín.



Usha



Cando era tempo de inverno é un conxunto de oito contos unidos pola lembranza nostálxica da mocidade vivida no clima social e moral do franquismo. O tempo pasado, as vidas malogradas, os primeiros amores e os amores que remataron en maltrato ou morte vanse enfiando ao longo dos relatos. A morte, normalmente de personaxes próximos ou coñecidos dos narradores e narradoras, maioritariamente en primeira persoa, simboliza dalgún xeito a propia mocidade que tamén morreu. Nun dos contos dise que o pasado é como un fillo morto, e aquí hai certamente unha dor da lembranza, aínda que se desprenda tamén unha forte afirmación da vida. Algúns personaxes acadan unha forza difícil de conseguir nunha narración breve, por exemplo a Chelito que dá título ao quinto conto, muller fermosa e amante do baile que despois de quedar viúva dun músico co que viviu unha feliz historia de amor acaba maltratada polo segundo home, fascista que a obriga a ir recatadamente a misa e a reclúe na casa. Nun último acto de rebeldía, sae bailar á praza e cando el vén espetarlle "aquelas catro letras" e cruzarlle a cara, ela revírase e berra: "Viva a República!" e "¡Fascista, cabrón!", e remata os seus días recluída nun manicomio. Son moitas as mulleres que morren e sofren: Luci, morta nun accidente; Sara, violada e esganada cerca do vertedoiro; a Chelito, maltratada e confinada no manicomio; a Muda, vítima das faladorías, do abuso sexual na familia, que se aforca na súa casa; Mercedes e Aurora, que teñen que servir na casa de quen humillou ao home e ao pai. Na dedicatoria, de feito, destácase ás mulleres "que soportaron en silencio tanta ignominia".

Pepa Barrios
 DocexVintedous
 Sotelo Blanco
 75 páxs.
 2006

Cando era tempo de inverno

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A presenza de personaxes femininas fortes, dotadas de iniciativa, rebeldía e autoafirmación. A voz feminina coma unha voz de resistencia durante o franquismo.
- ▼ A pluralidade de tipos femininos e masculinos, que rachan calquera maniqueísmo e se saen dos estereotipos.
- ▼ A revisión do papel da muller na historia e, concretamente, o sometemento e represión moral ao que se viu sometida durante o franquismo.
- ▼ O rexeitamento dos sistemas ditatoriais e totalitarios.


PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar as distintas formas de violencia que sofren as mulleres no conxunto dos contos: violencia física e sexual, exclusión social e represión moral.
2. Prestar atención aos diferentes personaxes femininos que aparecen nas historias e tamén aos masculinos, que abranguen dende o amigo cómplice ata o violador, maltratador e asasino.
3. Recabar lembranzas familiares sobre o clima social e moral do franquismo.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Alfaya, An (2006). *A sombra descalza*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Fernández Paz, Agustín (2002). *Noite de voraces sombras*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Mayoral, Marina (2009). *Quen matou a Inmaculada de Silva?* Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.

Cando era tempo de inverno



Fran Alonso
Fóra de Xogo
Edicións Xerais
127 páxs.
2006

A obra está formada por nove cartas de amor non convencionais, todas elas escritas por mulleres que fan visible a súa situación de marxinalidade e discriminación. Amor e desamor é o motivo que as leva a escribir, pero as protagonistas principais son as dramáticas circunstancias nas que viven estas mozas e nenas. As misivas responden a un proxecto persoal do autor centrado en visibilizar as problemáticas das mulleres, xa que son quen leva a peor parte nos conflitos armados ou en situacións extremas. "Illegal" é a carta dunha africana inmigrante sen papeis á súa cuñada para informarlle da morte do home no mar, no medio da difícil travesía cara ao paraíso europeo e como sobreviviu ela grazas á solidariedade. En "Desde as tebras", unha médica escribelle ao seu home, mentres está secuestrada no medio da guerra de Iraq (país onde estaba traballando). Nela repensa o papel dos que, coma ela, queren cambiar a realidade a través da súa acción solidaria nunha ONG e as súas a contradicións, xa que van curar os feridos polas armas dos seus países. "Confesión" aborda a homosexualidade, dende a dor persoal dunha moza atormentada polo silencio, a soidade, e o medo a confesar a súa orientación sexual. Enviada por correo electrónico á súa mellor amiga, serve de catarse ao tempo que lle pide confidencialidade e lealdade. En "Sahara, améndoa amarga", unha moza de dezasete anos escribe a carta na que renuncia ao seu amor, un compañeiro que quedou en Cuba estudando, cando ela tivo que volver a causa da asma. Agora, no campamento de refuxiados onde vive, séntese prisioneira nesa casa de paso e xunta a súa dor persoal coa dor polas condicións adversas dun pobo negado. "Zé, volcán de amor" escribese desde Cabo Verde. É a derradeira carta que lle envía unha muller ao seu home que sabe morto e nela vaixe desenvolvendo o fío dunha vida de abandono, engano e humillación, acusada falsamente de adúltera polo home que si o foi e cuidando dos fillos e o pai sen recibir cartas nin cartos que lle axudaran a sobrevivir. En "O que nunca me preguntaches", unha moza filipina cóntalle a un vigués (desde o prostíbulo no que traballa) como ser muller é unha desgraza no seu país, como foi violada, como foi sometida a maltratos e explotacións, a pesar da súa curta idade. "A carta inesperada" é a resposta a unha misiva que vén do pasado, dun mozo (agora xa case un vello) republicano, que vive no exilio, e chega á casa na que a súa antiga moza vive, casada cun avogado falanxista. Unha resposta que pretende mostrar o mellor dos mundos, pero pola que escapa a dor. En "A guerra", unha muller que auxilia as vítimas de conflitos armados escribelle ao home que compartiu con ela a guerra de Sarajevo sentíndose esgotada e vencida por tanta dor inútil: mulleres violadas por soldados, mulleres ás que lles desapareceron os homes e non saben se están casadas ou viúvas, etc. En "Lonxe", unha adolescente inmigrante escribelle ao mozo que deixou en Uruguai, para convencelo de que desista de vir a vela e poñan fin a ese amor de xuventude que só lles pode provocar máis dor e inadaptación.

Cartas de amor

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A posta en evidencia de que o xénero feminino é a metade da humanidade que leva a peor parte en situacións de desamparo.
- ▼ A denuncia de diversas situacións de conflito (a guerra e a posguerra iraquí; o eterno problema do Sáhara; a problemática dos cidadáns e cidadás sen país, etc...)
- ▼ A abordaxe de cuestións problemáticas –moitas veces ausentes dos libros infantís e xuvenís–, polo que teñen de duras para quen as sofre (case sempre mulleres) como a violación ou a prostitución.
- ▼ A exemplificación do sufrimento que padecen moitas persoas homosexuais polo rexeitamento social.
- ▼ A problemática variada dos e das inmigrantes legais e ilegais (dende a dificultade por chegar, á dificultade de adaptación e á nostalxia que viven).

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Ler cada unha das cartas e analizar as diferenzas que se poderían atopar se fosen escritas por homes.
2. Realizar un debate sobre as diferentes opcións sexuais, tanto en mulleres como en homes, e as posibles diferenzas que puidese haber.
3. Observar as consecuencias da inmigración legal ou/e ilegal. Comentar situacións relacionadas coa emigración ou coa inmigración que coñecemos; entre-vistara algúns destes protagonistas e tentar sintetizar os puntos positivos e negativos destes movementos sociais.
4. Ler outros textos onde se poida atopar a presenza de mulleres nas guerras e reflexionar acerca do seu papel de vítimas.
5. Realizar unha pequena investigación acerca da prostitución ao longo da historia ou dos grandes negocios da prostitución actual, a súa relación coa inmigración ilegal, a presenza desa actividade económica na prensa ou na internet sen estar penalizada, etc.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Aleixandre, Marilar (2008). *A cabeza de Medusa*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Aneiros, Rosa (2009). *As de bolboreta*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ VV.AA. (2001). *Ninguén está só*. Lugo: Tris-Tram e Amnistía Internacional.

Cartas de amor



Teresa Moure
Fóra de Xogo
Edicións Xerais
94 páxs.
2007

Nos primeiros anos xuntos, a Rosa e o Chicho ían de porta en porta e de vila en vila vendendo o que levaban no carromato; mais, despois de que a terceira filla morrese ao pouco de nacer, Rosa decidiu que era tempo de asentarse, pois, no seu sentir, “unha é de onde ten os seus mortos”. Coa axuda dos irmáns dela, construíron unha casa en Ferreira e puxeron unha taberna, para que ningún fillo seu volvесе pasar frío nunca. A casa dos Lucarios foi medrando á par que o número de fillos e netos. Xuntáronse, así, tres xeracións nun mesmo escenario. De feito, é unha das netas de Rosa a que escribe a historia para regalárllela aos seus avós polo seu 60 aniversario.

As tres xeracións convertéronse en testemuña do decorrer da historia, cunha traxectoria que resume, de seu, a da Galicia das últimas décadas. Dende os tempos do carromato, nos que se inicia a narración, chegamos ata o momento no que Rosa e Chicho instalan un baño na casa, malia que isto sexa visto na vila como unha excentricidade. E, se nela fora unha idea avanzada a de querer ter unha cama para cada fillo, aos netos xemelgos mércanlles uns “berces homologados” e a casa que a neta Iria, que traballa na capital, fixo nunha leira ten tres cuartos de invitados con cadanseu baño. Na xeración dos fillos, hai xa unha muller que estuda medicina en Santiago, a Leocadia, que destaca desde nena pola súa rara perfección e as dotes curativas. Un dos fillos, o Daniel, restaura o vello muíño, convertido agora en casa de turismo rural con recendo a *nouvelle cuisine*.

As transformacións son, polo tanto, consubstanciais á novela e a narradora non permanece neutra perante os cambios que se van abrindo paso por entre o fluír dos acontecementos. Do texto despréndese unha evidente defensa da diversidade, do ecoloxismo e do amor á propia cultura. Emerxen, do discurso, temas de actualidade, como o problema forestal dos eucaliptos e os incendios, o feísmo urbanístico e o abandono da propia identidade; mais o final é esperanzado, pois a narradora manifesta a súa intención de viaxar polo mundo e logo asentarse en Ferreira para continuar alí, nunha vila da que poida sentirse orgullosa, a estirpe dos Lucarios.

A casa dos Lucarios

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ Presenza de mulleres fortes, con capacidade de decisión e de transformación da realidade circundante.
- ▼ Diversidade dos personaxes, masculinos e femininos, das súas actitudes e vivencias de parella e das súas opcións de vida. Defensa da liberdade individual e a diversidade.
- ▼ Presentación, a través das tres xeracións, dos cambios sociais que mudaron a posición da muller galega na sociedade.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar o personaxe de Rosa: o seu papel de nai, a súa actitude aberta aos cambios, a súa iniciativa, decisión e capacidade de traballo.
2. Prestar atención aos diferentes personaxes femininos. Elaborar unha listaxe coas características de cada un deles e expor con cal deles se identifican máis e por que.
3. Comentar a seguinte resposta de Rosa: "non teño un fillo diferente, teño sete fillos diferentes" (p. 71).
4. Falar coas avoas e avós sobre os cambios nos modos de vida: como eran as casas nas que elas/es viviron cando eran pequenas/os, que ideas había sobre como debían comportarse as mulleres e os homes, quen ía estudar e quen ficaba na casa, que tarefas facía cada un... Comparar cos costumes actuais.
5. Redactar, de xeito semellante a como fai a narradora do relato, unha pequena historia familiar.
6. Facer un debate sobre os temas que a narradora apunta nas últimas páxinas: a actitude dos galegos cara ao contorno paisaxístico e natural, o feísmo urbanístico, a falta de orgullo polo propio, etc.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Alfaya, An (2006). *A sombra descalza*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Moure, Teresa (2005). *Herba moura*. Vigo: Xerais, col. Narrativa.
- ▲ Queizán, María Xosé (1985). *O segredo da pedra figueira*. Vigo: Tintimán (actualmente, reeditada na col. Fóra de Xogo de Xerais).

A casa dos Lucarios



Clara é unha moza de dezaseis anos que está a pasar unha tempada no pazo familiar. Durante unhas obras que se realizan na vivenda, descobre un esqueleto con dúas balas no cranio. As pescudas sobre eses ósos, pertencentes supostamente a un home asasinado, levarana a indagar sobre o pasado dos seus avós (especialmente do autoritario don Pablo) e sobre o posicionamento que estes tomaron durante a Guerra Civil.

Para iniciar a súa investigación, a protagonista contará coa axuda de Miguel, un amigo de quen namorará por primeira vez e que a fará consciente dunha realidade que ata entón lle pasaba desapercibida: para determinadas persoas –entre as que están os seus pais– as clases sociais seguen tendo sentido. Igualmente, o coñecemento da familia do seu amigo abrialle a fiestra aos sufrimentos que viviron as xentes do bando republicano durante o conflito. Estes feitos, mais sobre todo a descuberta dos segredos e do papel que xogaron os seus durante a guerra, propiciarán que Clara deixe atrás a adolescencia e entre na idade adulta.

Agustín Fernández Paz
Fóra de Xogo
Edicións Xerais
220 páxs.
2006

Corredores de sombra

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A autonomía e a personalidade da protagonista, que é quen de enfrontarse aos valores que lle tentan impor dende a familia.
- ▼ A capacidade para aceptar a realidade familiar sen renunciar a escoller o propio destino.
- ▼ O tratamento acaído e respectuoso da homosexualidade.
- ▼ A facilidade para amosar mulleres de diferentes idades e condicións.
- ▼ A abordaxe da Guerra Civil dende a perspectiva dos dous bandos.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar o personaxe de Clara e a súa evolución. Contrastar os seus valores cos da súa familia. Son os mesmos?
2. A capacidade de decidir libremente sobre a sexualidade é un dereito fundamental das persoas. Na novela hai un personaxe que simboliza, en especial, esta elección. Quen é? Que papel xoga na vida de Clara?
3. No texto hai personaxes que representan o bando dos vencedores e o dos vencidos durante a Guerra Civil. Cales son as súas características? Reflexionar sobre o rol que cada un deles desenvolve na novela, prestando especial atención ás mulleres.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Alfaya, An (2006). *A sombra descalza*. Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Fernández Paz, Agustín (2002). *Noite de voraces sombras*. Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Mayoral, Marina (1994). *Tristes armas*. Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo.

Corredores de sombra



Gemma Lienas
Silvia Gaspar (trad.)
Costa Oeste
Editorial Galaxia
311 páxs.
2006

A obra parte dunha cita de José Antonio Marina acerca da transmisión actual do amor, de como os fillos e fillas asumen de forma natural o fracaso dos seus pais nas relacións, e da necesidade dun modelo positivo para crer que o outro e a outra poden ser tamén unha fonte de felicidade. Na introdución, a autora explica os motivos para a realización desta obra: a falta de educación sexual nas mulleres, nun mundo cheo de contidos sexuais na publicidade e os medios de comunicación, e os graves riscos que esta situación provoca.

A novela, escrita ao xeito de diario, está formada por vinte e dous capítulos e un epílogo nos que a protagonista, Carlota, detalla os motivos polos que se lle ocorre comezar a escribir: o encontro con Flanagan –o mozo detective protagonista de varias novelas–, a compra dos cadernos para crear os seus respectivos diarios vermellos (de paixón, de sexo e sentimentos) e as diferentes situacións polas que vai pasando.

A obra, amais dun texto literario, pode considerarse un texto de autoaxuda cun interese didáctico, no que as situacións se encadean para que a posible lectora vaia aprendendo: que as cousas non son o que parecen e que quen semella un xenófobo ás veces non o é; que a sexualidade non ten data de caducidade e os maiores continúan tendo experiencias aínda que aos máis novos lle resulte estraño; que o sexo non só está na pel e nos órganos xenitais senón –e sobre todo– no cerebro; que as rapazas teñen pouca información sexual; os mitos acerca da sexualidade e as súas diferentes manifestacións; os diferentes obxectivos ante as relacións sexuais; que hai relacións de dominación ou de paridade; as diferenzas entre homes e mulleres nas relacións sexuais; as diversas opcións sexuais, os métodos anticonceptivos, as enfermidades de transmisión sexual, etc. Carlota promete que recollerá as experiencias propias e alleas que lle confíen, pero tamén toda a información á que accede a través de documentación e preguntando ás persoas adultas. Así, nada quedará fóra deste diario que pretende ser, tamén, unha obra divulgadora de educación sexual para mozas.

O diario vermello de Carlota

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A importancia da educación sexual para as mozas e mozos.
- ▼ A promoción da educación para a igualdade, a denuncia do peso dos estereotipos sexuais na sociedade patriarcal e a súa influencia na sexualidade de homes e mulleres.
- ▼ A mostra de que a sexualidade é un elemento da vida das persoas que evolúe cos anos, mais que non desaparece.
- ▼ A abordaxe da puberdade e adolescencia como un período en que existen diferentes cambios físicos e psíquicos e se descubren novos sentimentos.
- ▼ A mostra de novos modelos de familia.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Entrar na páxina que recomenda o libro, <http://www.centrojoven.org>, e noutras que traten este tipo de temática para buscar informacións relacionadas coa sexualidade que resulten de interese.
2. Escribirlle á autora achegándolle a opinión sobre o libro e realizándolle propostas sobre outras obras que tamén se consideren necesarios (o seu correo está a disposición do lectorado na páxina 299 da obra).
3. Reflexionar arredor deste texto e concluír se ten cambiado a situación á que fai referencia:

–Ou sexa que un rapaz que che trata como se foses unha cativa e que te sobreprotexe está establecendo unha relación que non é de paridade entre el e máis ti. Dito doutra forma, se te sobreprotexe é porque está convencido de que el está por riba de ti, que ti lle pertences, que ten dereitos sobre ti, de maneira que nun momento en que se lle vaia a pelota, en lugar de protexerte, cascarache. Mercedes míraa coa boca aberta.

–Ti cres?

Estou segura. Máis vale que trates de establecer unha relación de igualdade en vez de ires buscando un príncipe azul que se ocupe ti. Porque o príncipe azul facilmente se pode transformar nun maltratador.

–Refíreste á violencia de xénero?”
4. Dividir ao alumnado en grupos. Cada equipo debe escoller entre todas as temáticas tratadas na obra a que máis lle interese, procurar información, recoller notas de prensa –se é o caso– e presentarlle un estudo en profundidade aos compañeiros e compañeras.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Martín, Andreu (2006). *O diario vermello de Flanagan*. Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste.
- ▲ McPherson, Ann e Macfarlane, Aidan (1994). *Eu tamén son maniática*. Vigo: Xerais, col. Xabarín.
- ▲ McPherson, Ann e Macfarlane, Aidan (2004). *O novo diario dun xove maniático*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.

O diario vermello de Carlota



N' *O diario vermello de Carlota* nárrese como a protagonista coñece a Flanagan e o anima a que, ao tempo que ela escribe o seu diario vermello sobre o sexo visto e vivido por unha moza, el poida facer o mesmo desde o punto de vista dun mozo. Nesta obra, o famoso detective xuvenil Flanagan introduce o diario argumentando a necesidade de falar de sexo porque ninguén pode negar a súa importancia e polos riscos que a mocidade corre cando non sabe todo o que cómpre sobre este tema. A continuación, o protagonista, retoma o relato de cando e como coñece a Carlota e comeza a escribir estas notas.

Flanagan, ademais de narrar as súas relacións con Carlota e Nines, a súa moza de sempre, infórmase sobre o tema da sexualidade preguntándolle a amigos, á irmá, ao doutor Bardet, recollendo conversas con compañeiros e buscando en libros de consulta e enciclopedias. Así vai enfiando documentación sobre a puberdade e os cambios físicos e psíquicos, as diferenzas entre homes e mulleres nas relacións sexuais e na consideración social, a atracción e a reprodución.

Aínda que escritos por diferentes autores, *O diario vermello de Carlota* e *O diario vermello de Flanagan* (e este a dúas mans) semellan as dúas caras da mesma moeda: a mesma historia contada en cada caso por un protagonista distinto (mozo e moza), que recollen todo o que ten que ver coa sexualidade desde o punto de vista de cada un dos sexos.

Andreu Martín / Jaume Ribera

Silvia Gaspar (trad.)

Costa Oeste

Editorial Galaxia

286 páxs.

2006

O diario vermello de Flanagan

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A necesidade dunha educación sexual axeitada para rapaces e para rapazas.
- ▼ A sexualidade vista por homes e mulleres. As diferenzas na percepción do sexo por parte de cada un dos sexos.
- ▼ A análise de diferentes tópicos, prexuízos, tabús e confusións que en ocasións a mocidade ten con respecto ás relacións sexuais.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Preguntar que situacións lles resultan máis sorprendentes ou interesantes da novela e dar pé a que as comenten grupalmente.
2. Explicar estes ou outros fragmentos e relacionalos con situacións vividas ou coñecidas: "Os rapaces bromeamos moito con iso de que as rapazas van ao lavabo de dúas en dúas, e coas suposicións sobre o que se dirán encerradas alí dentro, pero se elas souberen que ton utilizan algúns mozos cando están sós e falan delas, íanselles poñer os pelos de punta. Ocorrémese que o sexo debería ser fonte de pracer e de comunicación, pero que, con demasiada frecuencia, usámolo como arma agresiva. Por exemplo, para tratar de puta a unha rapaza que o practica ou para tratar de carca e estreita a outra que decidiu non ter relacións ata o matrimonio, como se facer o amor só por pracer, en lugar dunha opción, fose unha obriga."
3. Anotar as diferenzas que aparecen no texto entre a maneira de vivir a sexualidade os rapaces e as rapazas.
4. Organizar equipos de traballo, de maneira que cada un deles se documente e remate organizando a información en torno a unha das temática de interese que se recollen no libro. Logo presentarán os resultados da procura, debidamente estruturada, ao resto do grupo.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Lienas, Gemma (2006). *O diario vermello de Carlota*. Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste.
- ▲ MacFarlane, Aidan e McPherson, Ann (2001). *O diario da outra maniática*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ MacFarlane, Aidan e McPherson, Ann (1998). *Diario dun xove maniático*. Vigo: Xerais, col. Xabarín.

O diario vermello de Flanagan



Un narrador en terceira persoa introdúcenos na historia dunha moza de dezaseis anos no tempo da descuberta da súa identidade sexual. A amizade, o que podería ser o primeiro amor ou a primeira aventura, o significado da experiencia sexual, son o cerne arredor do que se moven as reflexións desta adolescente. A relación cos pais e a irmá, a afección ao teatro e a amizade cunha compañeira constitúen a parte visible dun relato que nos conduce ao enfrontamento cunha realidade non esperada ou oculta, pero que se presentará con toda a contundencia dun achado: a da propia homosexualidade. A maneira na que a protagonista a encara e a claridade coa que se sincera con uns e outros achegan unha visión libre, sen tabús e normalizadora.

Jordi Sierra i Fabra
 Ignacio Chao (trad.)

Fóra de Xogo
 Edicións Xerais

246 páxs.

2006

Premio Ramón Muntaner 2003

Premio Protagonista Jove 2005

Do outro lado do espello

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ O tratamento normalizado do descubrimento da homosexualidade.
- ▼ A abordaxe, sen prexuízos, dos cambios físicos e psíquicos que se producen na puberdade e na adolescencia.
- ▼ A capacidade de elixir ser unha mesma cando os demais esperan outra cousa.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Propiciar que o alumnado observe, a partir da lectura, aqueles aspectos nos que cada un ou cada unha se ve reflectido ou sobre os que teñen unha opinión propia, como poden ser os cambios nas amizades cando comezan as primeiras relacións amorosas, os problemas de autoestima, as opinións que os mozos teñen das mozas e viceversa, as maneiras de ligar unhas e outros, etc. Intercambiar experiencias de maneira grupal.
2. Organizar un debate acerca da primeira experiencia amorosa e a perda de virxindade.
3. Buscar información sobre a homosexualidade no pasado e na actualidade: analizar os avances que supoñen as medidas tomadas –como os matrimonios entre persoas do mesmo sexo– e pescudar datos sobre sociedades pasadas en que a homosexualidade estaba socialmente moi ben vista (como na Grecia clásica).
4. Pensar no que faría, cada unha ou cada un, de estar no lugar de Marisa: se contaría a súa escolla sexual ou non, como e a quen o faría, etc.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ König, Ralf (2008). *Lisístrata*. Barcelona: Ediciones La Cúpula.
- ▲ Fernández Paz, Agustín (2006). *Corredores de sombras*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Neira Cruz, Xosé Antonio (2000). *As cousas claras*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.

Do outro lado do espello



Ela é unha rapaza afeita a vivir soa, xa que unicamente conta coa axuda do programa informático que seus pais –altos executivos que viaxan continuamente– deseñaron especialmente para a súa educación e o seu desenvolvemento: o X.Ela Dos 10. Non obstante, un día en que se atopa na casa con Casilda, a súa coadadora habitual, o libro que colle do andel comeza a perder letras. Del xurdirá un avión animado pilotado por Tomé, que a acaba levando cara o interior do volume.

Ela pasa por diferentes niveis fantásticos –como se se tratase dunha Alicia postmoderna– nese “mundo de dentro”. No primeiro coñecerá á N.A.I, unha especie de ser protector que lle fornecerá dun agarimo e duns cuidados “reais”. Segundo descenda de nivel, Ela irá entrando en contacto con distintos personaxes do seu universo mítico que non son o que parecen: dende caracteres literarios, como Peter Pan ou Alicia, a seres de debuxos animados ou filmes: o Rei León, os Pokemon, Dumbo, etc...

Porén, o descubrimento máis terrible producirase cando a protagonista entre en contacto con don Ataúlfo, un ruín empresario ao que só lle interesan o diñeiro e a explotación das persoas que traballan para el. Ela terá entón a oportunidade de participar no filme *Paraíso*, que ten a pretensión de ser a película de animación máis sorprendente da historia. Porén, pouco tempo despois, soa, explotada laboralmente e coñecedora das miserias do diñeiro, Ela desexará con todas as súas forzas volver á casa, feito que se producirá –logo de diferentes aventuras– cando o aviador Tomé faga a súa reaparición. De volta no mundo “real”, todo semella seguir igual; mais os pais de Ela –tras visualizar *Paraíso* sen se decatarse de que a actriz é a súa filla– daranse de conta que teñen que ocuparse dela e, por fin, daralle un nome: Alva.

Manuel Lourenzo González

Catavento

Tambre

181 páxs.

2005

Ela atopa un nome

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ O amosamento do valor, do empuxe e da intelixencia como calidades femininas.
- ▼ A ruptura de diferentes estereotipos xenéricos.
- ▼ A aceptación das persoas tal e como son.


PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Ela, na súa viaxe cara ao "mundo de dentro", pasa por diferentes situacións que supoñen capacidade de decisión e afouteza. Analizar en que momentos da novela a protagonista demostra contar con esas dúas calidades.
2. No seu percurso polo mundo fantástico, Ela vaixe topando con diferentes personaxes de contos. Pescudar no texto cales responden aos estereotipos que se esperan deles e cales non e argumentalo debidamente. (Por exemplo: é tan fero o dragón coma normalmente o describen os contos populares?; É tan doce Brancaneves como se describe nas narracións ou nas películas que dela se fixeron?)
3. Ela participa nun cásting para un filme. Reflexionar, polos comentarios que aparecen na narración, sobre que clase de moza buscaban os responsables da película para protagonizala. Por que se di que Ela é diferente?

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Álvarez Cáccamo, Alfonso (2008). *A revolución dos globos*. Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste.
- ▲ Carrol, Lewis (1985). *Alicia no País das Marabillas*. Vigo: Xerais, col. Xabarín.
- ▲ De Toro, Suso (1994). *A sombra cazadora*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.

Ela atopa un nome



Lucía, unha moza a piques de comezar os estudos de xornalismo, rememora durante a primeira viaxe en tren á cidade universitaria o seu primeiro contacto co mundo dos esmoleiros que habitaban a Praza dos Mistos, onde está o bar dos seus pais. Desde a porta do bar ou desde a xanela da bufarda, Lucía asomábase movida pola curiosidade, a compaixón e o seu incipiente espírito xornalístico. Na praza movíanse, cada un na súa illa, Cosme, un mozo que o enchía todo cos seus debuxos; un vello cego que tocaba o violín e, sobre todo, o personaxe de Soa (Soidade, nome que adoptou ao comezar a súa vida de mendiga), que ocupa o banco vermello e que se fixa en Lucía (a Mirona) do mesmo xeito que Lucía se fixa neles.

Sen que a súa nai o saiba, Lucía achégase a Soa para facer a súa primeira reportaxe xornalística para o xornal escolar. Ten que vencer a repulsión da sucidade e o cheiro e gañar a súa confianza compartindo un bocadillo e a bebida dunha lata. Pouco a pouco, vai coñecendo a historia de Soa, malia que só ao final, cando Soa marche, a coñecerá completamente, a través do Diario de Outono que deixará para ela no banco vermello. Alí descubrirá as luces e as sombras de Soa; como tamén tivo que descubrir que, entre os seus veciños, nunha zapatería ao lado do negocio dos seus pais, vivía alguén capaz de verter gasolina e prender lume a uns indixentes. Este feito supón un punto de inflexión, porque o relato, que en ningún momento cae no maniqueísmo, é iniciático e entra claramente no xénero de formación ao debullar unha aprendizaxe e formación profundamente morais e comprometidas co problema acuciante das persoas que viven na marxinalidade.

An Alfaya
 Fóra de Xogo
 Edicións Xerais
 124 páxs.
 2007

Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2007

Illa Soidade

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS


- ▼ A variedade de personaxes femininos que aparecen no texto (Lucía, a nai, Soa).
- ▼ A mostra explícita da solidariedade entre mulleres e do compromiso social desde a perspectiva dunha protagonista feminina.
- ▼ A concienciación sobre os problemas da pobreza e a exclusión social, incluíndo, ademais, un apéndice de noticias reais sobre os problemas das persoas sen teito.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar os distintos comportamentos cara á mendicidade reflectidos no texto (a implicación de Lucía, a distancia da nai, a ambigüidade do pai, a crueldade de Pío).
2. Aprofundar na relación que se establece entre Lucía e Soa. Que lle achega cada unha á outra? Soa dille a Lucía que só conseguiu vadear a súa illa. É isto realmente así?
3. Ler e comentar o dossier de prensa incluído ao final da obra.
4. Elaborar unha reportaxe sobre a mendicidade e a pobreza no contorno social dos alumnos/as.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Aneiros, Rosa (2009). *Ás de bolboreta*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Fernández Paz, Agustín (2003). *O meu nome é Skywalker*. Madrid: SM Edicións, col. O Barco de Vapor.
- ▲ Sierra i Fabra, Jordi (2006). *Chamando ás portas do ceo*. A Coruña: Rodeira.



Antoloxía de poesía galega pensada especialmente para que o lectorado xuvenil se interese polo mundo dos versos. Comeza cun limiar que o autor titula "A poesía non morde", no que se trata de tirar abaixo os prexuízos que din que a poesía é un xénero romántico, difícil, aburrido ou para tolos. Amais, Alonso explica que este volume pretende constituir unha selección de poemas próximos á sensibilidade e inquietudes dos e das destinatarias principais, que a escollo foi realizada pensando nas persoas que non están afeitas a ler poesía; e que tampouco se pretende seguir criterios en base a posibles equilibrios, senón que a fin principal é contaxiar á lectora e o lector o gusto pola poesía. Máis de cen poemas de diferente autoría, cos que a mocidade pode conectar de maneira bastante doada, forman un corpus organizado por orde cronolóxica de autores e autoras; cunha delas comeza, Rosalía de Castro, e con outra finaliza, Antía Otero. Remata cunha "Visita guiada" a modo de percorrido comentado que pretende orientar sobre as diferentes temáticas abordadas, os distintos poemas e os diversos poetas.

Fran Alonso
 Fóra de Xogo
 Edicións Xerais
 215 páxs.
 2006

Poetízate

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ Visibilización das mulleres escritoras (a antoloxía comeza cunha poeta e remata con outra).
- ▼ A poesía como expresión a través da cal as mulleres pensan acerca delas mesmas e constrúen o seu propio discurso, que se renova ao longo do tempo.
- ▼ A evolución dos roles masculino e feminino na escritura co decorrer temporal.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Comentar determinadas afirmacións de Fran Alonso nas palabras de introdución e peche do volume, canda os poemas aos que se fai alusión. Por exemplo, na páxina 193 o antologador sinala a propósito de que a escolla comece con Rosalía de Castro e remate con Antía Otero: "Foi precisamente unha muller, nun tempo moi difícil para as mulleres, a que refundiu a poesía e, en xeral, a literatura galega. A visita acaba noutra muller, pois o máis característico da poesía galega nos últimos anos é a aparición dun elevado número de mulleres poetas, cun discurso propio, conscientes da súa condición, e dispostas a subverter unha tradición dominada polo discurso patriarcal. O primeiro poema de *Poetízate* comeza, precisamente, cunha Rosalía que se rebela contra a mentalidade da súa época, cando se afirmaba que as mulleres só podían escribir sobre cousas bucólicas, e falar acerca das pombas e das flores, pero non dos problemas da condición humana. Logo, no poema "Xan" podes descubrir á Rosalía que denuncia, con ironía, o peso do traballo doméstico na vida das mulleres, algo que aínda hoxe cambiou moito menos do que debera". Analizar ditas composicións co alumnado e comentalas na aula, contrastando as súas impresións coa lectura que realiza Fran Alonso. Contextualizar debidamente o momento histórico en que escribía Rosalía de Castro.
2. Que poetas mulleres coñeces que escriban na actualidade? Coles aparecen na antoloxía? Que temas abordan as súas composicións? Prestar especial atención ás creacións de María Xosé Queizán e Marilar Aleixandre, que poden servir como punto de partida.
3. O autor afirma que a poesía escrita por mulleres resultou ser o máis destacado dos últimos anos na literatura galega, porque elas construíron, a través dos versos, unha identidade de xénero feminino. Proporlles aos alumnos e alumnas que xoguen a facer a súa propia antoloxía, procurando na obra das últimas poetas que aparecen no volume as composicións que máis lles gusten ou lles parezan máis axeitadas.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Alonso, Fran (2006). *Cartas de amor*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ En xeral, as obras das autoras que aparecen antologadas en *Poetízate* e que supoñen unha visibilización da literatura escrita por mulleres.



O príncipe herdeiro do reino dos elfos, Pyrgus Malvae, vese en perigo cando os elfos da noite e os demos pretenden asasinalo para controlar o reino. Foxe a través do portal máxico, mais este é modificado polos seus inimigos, razón pola que o príncipe aparece nun lugar diferente a onde debería ser trasladado, chegando ao Mundo Analóxico ou dos humanos. Concretamente, aparece na horta dun vello inventor, o señor Fogarty, que ten como único amigo a un neno, Henry. O rapaz está atravesando un moi mal momento familiar, debido á separación dos pais e á relación que a nai acaba de establecer coa secretaria do pai.

A cerna da obra é precisamente o encontro entre dous mundos ben diferenciados a través da amizade que o príncipe establece con estes humanos. Eles serán quen o axuden a volver ao seu reino e a loitar contra o mal, coa colaboración imprescindible da súa irmá, a afoutada e nada prototípica princesa Holly Blue. Esta trepidante novela de aventuras e fantasía, na que se mesturan as persoas con diferentes seres máxicos, é a primeira dunha saga na que o ben e o mal se enfrontan. A súa continuación son os títulos *O emperador Púrpura* e *O reino en perigo*. En 2004, foi elixida en Estados Unidos o mellor libro xuvenil do ano e na actualidade está traducida xa a máis de vinte linguas.

Herbie Brennan
Moisés R. Barcia (trad.)
Fóra de Xogo
Edicións Xerais
410 páxs.
2006

O portal dos elfos

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A promoción da tolerancia a partir do respecto polas escollas sexuais de cadaquén.
- ▼ A asunción dun rol activo, da intelixencia e da sabedoría como actitudes e calidades habituais do xénero feminino (representada no personaxe de Holly Blue, irmá do príncipe).
- ▼ O rexeitamento e a abordaxe da violencia doméstica, coas súas causas e consecuencias (a través do personaxe de Charlie, a amiga de Henry).

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Explicar as diferentes reaccións ante a situación que se produce cando a nai de Henry se namora da secretaria do seu home.
2. Describir cada unha das personaxes femininas da obra: a nai, a secretaria do pai, a amiga e a irmá de Henry, a princesa Holly Blue. En que se asemellan e en que se diferencian?
3. Buscar outras princesas intrépidas nas historias que coñezas ou na biblioteca. Poden ser personaxes principais ou secundarias de obras de ficción ou mulleres que destacaron polo seu rol activo ou pola súa intelixencia.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Brennan, Herbie (2006). *O emperador Púrpura*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Brennan, Herbie (2007). *O reino en perigo*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Tolkien, J.R. (2004). *O señor dos aneis*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.

O portal dos elfos



Nun vagón de tren permanecen xuntos unha sorte de nenos-monstro que formaron parte do circo de Mister B, e que foron abandonados xunto con Balote, o seu carcereiro, no medio de ningures. Mentres dura a espera vanse contando as diversas historias –realmente difíciles– de Nenaxirafa, Nenolifante, Nenapaxaro, Nenasiamesas e Nenopingüín, os fillos tolleitos do sétimo día, e do gardián, un mozo maltratado primeiro polo pai e logo polo empresario. Tamén se lembran os tempos en que o circo era o espectáculo máis marabilloso de todos, o esplendoroso gabinete de curiosidades de Horus o taxidermista e, en definitiva, como foron uns e outras perdendo protagonismo ante a chegada do panóptico dos autómatas, o anuncio definitivo de que chegara para asentarse o tempo do maquinismo. Atravesando a narración principal aparecen diferentes motivos que permiten contextualizar a novela no seu tempo. Así, as historias do doutor Moureau, o relato de Franquenstien, Moby Dick, Charles Dickens, o parrulo feo ou a guerra entre o norte e o sur de Estados Unidos constitúen, amais de fíos narrativos de diferente importancia e intensidade, elementos que afortalan os diferentes cambios sociais e económicos polos que se ven afectados os personaxes principais deste texto.

A diferenza entre as vidas de cada un deles e as coincidencias en canto á discriminación que todos e todas padecen, así como as discusións sobre seguir pechados no vagón ou saír buscando a liberdade nun mundo que saben adverso, son os elementos de maior fondura do texto que, sen dúbida, causará un importante impacto no lectorado.

Marcos S. Calveiro
Catavento
Tambre
157 páxs.
2007

Rinocerontes e quimeras

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ O valor da diferenza e a explicación de todo o que esta pode aparellar (marxinación, maltrato, explotación) nunha sociedade cruel, que se centra no que é diferente.
- ▼ A exemplificación de que, en determinados contextos e sociedades, ser muller é visto como unha desgraza (como exemplo, o que lle acontece a nai de Nenasiamesas).
- ▼ A influencia crucial da infancia na vida adulta das persoas.


PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar a historia de cada un dos personaxes deténdose en aspectos coma o afecto ou non dos pais, as circunstancias adversas con que se tiveron que afrontar, a hipocrísia da sociedade ou de determinadas institucións, etc.
2. Comentar detidamente a vida de Nenasiamesas, facendo fincapé na situación da nai. Traer o relato á actualidade, ver se pode haber ou non persoas nesas mesmas circunstancias ou semellantes, observar a quen se discrimina polo físico ou por outras causas e valorar cómo se podería actuar para cambiar esa situación.
3. Relacionar esta narración co que pode estar sucedendo coas persoas sen teito ou cos inmigrantes en situación de ilegalidade.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Calveiro, Marcos (2009). *O canto dos peixes*. Madrid: SM, col. O Barco de Vapor.
- ▲ Melville, Herman (1976). *Moby Dick*. Barcelona: Editorial Teide.
- ▲ Wollstonecraft, Mary (2000). *Frankenstein ou o moderno Prometeo*. Vigo: Galaxia.

Rinocerontes e quimeras



Paula, unha rapaza galega de 17 anos, viaxa á casa da súa avoa Edurne no País Vasco. Alí descubrirá que o seu pai formaba parte de ETA e que morreu poñendo unha bomba en nome da organización. O paso da adolescencia á idade adulta comeza deste xeito para a protagonista, que se verá obrigada a enfrontarse coa súa identidade para poder elixir o propio camiño. A mirada que Aleixandre deita sobre o labor da banda terrorista conta cun pouso histórico moi interesante para a xente nova, pois a partir do diario de Maite –nai de Paula– o lectorado coñecerá as primeiras intencións do comando terrorista en tempos de Franco. Ao mesmo tempo, a través das vivencias de Martín (que será o primeiro mozo de Paula) saberase dos sucesos ocorridos en 2001, co auxe da *kale borroka*.

A obra salienta pola sensibilidade amosada no tratamento dun asunto delicado como é o terrorismo, e polo didactismo de que fai gala a autora –e que non é, en absoluto, excesivo–, que introduce ao lectorado na problemática tratada a través de referencias culturais variadas (dende cancións de grupos de rock, como Los Enemigos, a versos de poetas recoñecidos, como Gabriel Aresti).

Marilar Aleixandre
 Fóra de Xogo
 Edicións Xerais
 224 páxs.
 2005

Rúa Carbón

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS


- ▼ Diferenciación e variedade entre as personaxes femininas que aparecen no texto (Paula; Maite, a súa nai; e Edurne, a avoa).
- ▼ Valorización da personaxe da muller madura, normalmente ausente nas ficcións.
- ▼ A aceptación dunha mesma e doutros membros da familia.
- ▼ A importancia da educación para a paz para afrontar a conflitividade social.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Analizar a protagonista desta historia, Paula. Por que se pode dicir que é unha adolescente que decide sobre o seu futuro? Sinalar as pasaxes da novela que amosan a evolución da súa personalidade, especialmente aquelas en que é evidente a súa autoafirmación persoal.
2. Prestar atención ás diferentes personaxes femininas que aparecen na novela. Elaborar unha listaxe coas características de cada unha delas e expor con cal delas se identifican máis e por que motivo.
3. Elaborar unha liña do tempo conxunta sobre o conflito vasco. O alumnado, dividido en grupos, deberá documentarse –a través de hemerotecas e obras de divulgación– sobre os acontecementos máis senlleiros acaecidos no conflito vasco dende 1970 á actualidade.
4. Identificar a metáfora do sangue que aparece na obra e relacionala cos acontecementos que nela se narran.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Aleixandre, Marilar (1999). *A banda sen futuro*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Landa, Mariasun (1998). *Mi mano en la tuya*. Madrid: Afaguara, col. Juvenil.
- ▲ Saizarbitoria, Ramón (2003). *La tradición de Kandinsky*. Madrid: Palas Atenea (edición bilingüe éuscaro-español).



No mesmo mundo que habita o Simbad de Cunqueiro vaise desenvolver esta nova mirada ao personaxe d'As Mil e unha noites. Saladina é a neta do vello Hakim, unha rapaza que cuida do avó, o único membro da familia que lle queda, despois de perder aos pais nun terremoto do que non garda memoria. O avó déixalle cada anoitecer unha historia a medias ("para que teñas en que soñar na noite e non acordar entre pesadelos") que rematará no día seguinte. Faino para que cando el falte as poida contar Saladina "cada vez dun xeito distinto e adornándoas ao gusto, para que cadaquén escoite nelas o que quere escoitar".

Hakim non só relata e recrea fabulando, xa que se alimenta tamén das historias que os mariñeiros chegados de todo o mundo contan na barbería do seu amigo Sadr. A súa pretensión é ser o primeiro en escoitalas de quen as viviu para que todos na cidade as saiban por el e así ao repetilas dirán que foi el quen llas contou. Explicásenos que as barberías de Constantinia foron dende sempre lugares privilexiados para escoitar historias, lendas e rexoubas traídas de todos lados polos viaxeiros. Delas non importa saber se son verdadeiras ou falsas, xa que se trata de contos e non de sucesos, como o avó lle di á neta. As fabulosas historias que escoita e conta Hakim enchen a novela, ata que o vello morre no medio do relato das Illas Cotovías. A partir de aí, a pequena Saladina substitúeo, sentada nunha cadeira da barbería, escoitando as historias e repetíndoas do dereito para o revés e do revés para o dereito para abraio de todos os que a queiran escoitar. Entre as historias que a nena relata podemos recoñecer as do propio Xavier Queipo (*A illa dos cangrexos violinistas, O espello e o dragón...*).

Xavier Queipo
Costa Oeste
Editorial Galaxia
100 páxs.
2007

Saladina

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A representación da muller que conta historias, que conserva a tradición, pero que tamén a recrea, sendo capaz de fabular a partir dela.
- ▼ A continuación da tradición literaria universal e galega: *As mil e unha noites*, *Se o vello Simbad volvese ás illas...*
- ▼ A importancia e o enriquecemento das relacións entre persoas de diferentes xeracións.


PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Procurar información na biblioteca sobre outros libros en que as mulleres sexan contistas, recreadoras ou transmisoras da tradición do seu pobo.
2. Buscar información sobre Sherezade. Quen era? En que obra literaria aparece? Que relacións pensas que pode ter con Saladina?
3. A partir da narración de Xavier Queipo, procurar as características máis senlleiras de Saladina.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Carballeira, Paula (2006). *Smara*. Pontevedra: Kalandraka.
- ▲ Cunqueiro, Álvaro (2005). *Se o vello Simbad volvese ás illas...* Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Álvaro Cunqueiro.
- ▲ Diferentes contos tirados d'*As mil e unha noites*, como *As babuchas enmeigadas* (Galaxia, 1988), en adaptación de Francesc Boada ou *Simbad, o mariño*, na versión de Ramón Álvarez (Sálvora, 1994).

Saladina



Unha novela de mulleres, escrita por unha muller e ambientada na actualidade, aínda que con analepses dirixidas ao tempo da Guerra Civil. A pesar de estar protagonizada pola última integrante dunha familia, Elsa, unha moza que acaba de cumprir dezaseis anos, a obra debulla as vivencias e os sentires de todas as mulleres da casa: os silencios da nai e os segredos que gardan a avoa e súa irmá, así como tamén a tía. Unhas vidas sometidas e resignadas á ausencia da felicidade, nunha casa abafante na que unha muller camiña descalza como unha sombra ao longo do tempo a pesar de recibir zapatos –que colecciona– cada aniversario. Só cando ela falte caerán todos os panos do teatro para deixar paso á verdade máis crúa.

A culpa como protagonista e a guerra como pano de fondo, coa infelicidade ocupando os espazos da convivencia. Unha familia que lembra a dous paseados e que ten unha culpa calada: a dunha rapaza que calza os zapatos dunha fusilada. O tempo lévaos a entregar a filla a un cacique para salvar a facenda, mentres ela seca na amargura e na dor de saber que o seu amor está na emigración americana. Pero na escuridade pairan máis verdades inconfesables, que irán sendo desveladas polo fío do que tira Elsa, a máis nova, que por fin entenderá ese ambiente raro sobre o que se sustentan a súa casa e a súa familia.

An Alfaya
Fóra de Xogo
Edicións Xerais
133 páxs.
2006

Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2005
The White Ravens 2007
Ibby Honour List 2008

A sombra descalza

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ As mulleres como vítimas da guerra nas sociedades patriarcais.
- ▼ A denuncia do poder e do control do pai –no sentido de patriarca– como causa da infelicidade de moitas mulleres.
- ▼ A mostra de que os que detentan o poder económico e social teñen a capacidade de manexar a vida das persoas que deles dependen (como exemplo, a figura do cacique).
- ▼ A evidencia de que as responsabilidades dun maltrato contra as mulleres non só é de quen o exerce, senón de quen cala e, polo tanto, consente.
- ▼ A importancia da memoria histórica: cómpre coñecer o pasado para que non se volva repetir.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Explicar as seguintes oracións que aparecen na novela:
 “A guerra é unha femia maldita que casa coa morte. Con ela trae desgrazas e converte as persoas en alimañas”.
 “A unha nena pódesele quitar case todo, menos as ilusións”.
2. Describir a cada unha das mulleres que aparecen na novela. Elaborar un mapa de relacións persoais entre todos e todas, a xeito de sociograma.
3. Realizar unha posta en común acerca das guerras e a maneira na que estas lles afectan máis ás mulleres.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Chamorro, Margot (1999). *Tempo rachado*. Vigo: Xerais, col. Merlín.
- ▲ Mayoral, Marina (2009). *¿Quen matou a Inmaculada da Silva?* Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Neira Cruz, Xosé Antonio (2005). *O armiño dorme*. Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste.

A sombra descalza



“O son das buguinas” é un pequeno texto que se acompaña coas fotos de Paco Vila Barros e no que se presenta a ONG Implicadas/os No Desenvolvemento (a súa filosofía, a forma de funcionamento e os lugares nos que actúa), que é quen promove este libro a raíz do tsunami do 2004 con textos cedidos polos diferentes autores e autoras. Da autoría de Marilar Aleixandre é “No lombo do río elefante”, no que a voz narradora dunha nena conta a súa odisea a partir do momento no que o río inunda o lugar en que viven. A súa nai morre na traxedia, polo que a rapaza debe viaxar en compañía da mestra na busca dunha familia afastada grazas á solidariedade de toda a xente que vai atopando. De An Alfaya é “Fiu, paxaro de canto fino”, unha historia na que se relata como un mestre acolle a unha nena que queda totalmente orfa cando morre a avoa e como a pequena lembra sempre a Xoel, un cooperante. “A guerra” de Fran Alonso é unha das misivas recollidas tamén no volume *Cartas de amor*. Nela, unha muller que traballa con persoas vítimas de conflitos bélicos lle escribe ao amigo co que compartiu o tempo de Sarajevo para despedirse definitivamente ante a imposibilidade de seguir cargando con tanta dor. En “Ver o paxaro voar” de Rosa Aneiros asistimos aos que semellan os últimos pensamentos dun fotógrafo que está a agonizar no deserto do Sáhara despois dun accidente. “Lúa de Senegal” de Agustín Fernández Paz é o fragmento da novela deste mesmo nome, na que unha nena inmigrante en Vigo, fala coa lúa, comentándolle o que pensa e sente, entre a lembranza do pasado e a adaptación a este novo lugar. En “O ventre do mar”, María Reimóndez escribe un relato autobiográfico arredor do tsunami que xera este volume colectivo. “O canto do papani” de Dolores Ruíz é a historia da viaxe dun pai coa súa filla ao longo da noite buscando unha médica que a cure. É este un libro solidario no que se fan presentes as guerras, os desastres naturais, o subdesenvolvemento, a morte e a inmigración, mais tamén a solidariedade.

Marilar Aleixandre

An Alfaya

Fran Alonso

Rosa Aneiros

Agustín Fernández Paz

María Reimóndez

Dolores Ruíz

Xulia Barros (il.)

Paco Vila Barros (fotografía)

Implicadas/os No Desenvolvemento / Edicións Xerais

113 páxs.

2006

O son das buguinas

EIXES COEDUCATIVOS E NON DISCRIMINATORIOS

- ▼ A denuncia de que son as nenas as que máis sofren en situacións de conflito bélico, desastre natural e, en xeral, desvantaxe social.
- ▼ A solidariedade en todas as súas formas: entre países e entre persoas.
- ▼ A mostra de diferentes situacións extremas: desastres naturais, guerras, inmigración, enfermidades, etc.

PROPOSTAS DE TRABALLO

1. Recoñecer accións solidarias na contorna máis próxima. Pescudar e tentar participar nalgunha das campañas que se poden estar promovendo desde Implicad@s no Desenvolvemento ou Bubisher, por exemplo.
2. Buscar información sobre as ONG que máis lles interesen. Poden facelo por grupos, comezando coa que promove este libro.
3. Debater acerca da situación das mulleres en diferentes situacións extremas (poden ser ás que se fai referencia nos relatos).
4. Revisar a prensa para descubrir cales son os grandes problemas aos que deben enfrentarse na actualidade as ONG.

OBRAS RELACIONADAS

- ▲ Alonso, Fran (2006). *Cartas de amor*. Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo.
- ▲ Reimóndez, María (2008). *Lía e as zapatillas de deporte*. Vigo: Xerais, col. Merlín.
- ▲ VV.AA. (2010) *Camiñan descalzas polas rochas*. Lugo: Tris-Tram/Amnistía Internacional.



O son das buguinas

ABELEIRA, XOÁN

Maracay
Venezuela
1963

É fillo de emigrantes galegos. Viviu en Venezuela ata os dez anos. Tras máis de vinte e cinco anos en Madrid, onde xa empezara a ser recoñecido non só como poeta, narrador e tradutor, senón como músico e xornalista, establécese na Coruña, onde reside dende 1999 e comeza a publicar en galego poesía e ensaio para adultos. A serie *As aventuras de Nunavut* é a súa primeira incursión na narrativa infantil galega. Dentro desta serie publicou: *O nacemento de Nunavut*, *Un día de caza*, *O caribú namorado* e *Sedna, a deusa do mar*.

xoanabeleira.blogaliza.org

ALEIXANDRE, MARILAR

Madrid
1947

Profesora de Didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela. Ensaísta, tradutora, poeta e narradora con obra tanto para adultos como para o público infantil e xuvenil. Dentro deste campo ten publicadas, entre outras, as obras: *A expedición do Pacífico* (premio Merlin e premio da Crítica, 1995), *O trasno de Alqueidón* (premio Rañolas, 1996), *A banda sen futuro* (premios Lazarillo, 1999 e Lecturas "Gálix", 2001), *Rúa Carbón* e *A Cabeza de Medusa* (premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, 2008 e White Ravens, 2009). A igualdade é un valor presente en toda súa obra.

www.marilar.org

ALFAYA, AN

Vigo
1964

Realizou estudos de Formación do Profesorado e Criminoloxía. Actualmente traballa como detective privado. Cofundadora do Teatro Avento de Vigo. Narradora para adultos. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicadas, obras de teatro e narrativa, entre outras: *¡Sireno, Sireno!* (premio Merlin, 1997), *Unha xanela para Cecilia*, *Zoa e Azor* (finalista do Premio Ala Delta, 2006 e premio Frei Martín Sarmiento), *A sombra descalza* (premio Lazarillo de Literatura Xuvenil, 2005; premio Xosé Neira Vilas, 2006 ao mellor libro infantil e xuvenil; White Ravens, 2007 e Lista de Honra IBBY, 2008) e *Illa Soidade* (premio Fundación Caixa Galicia, 2007).

www.filix.org/autores/an.html

ALONSO, FRAN

Vigo
1963

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa. Ademais de atender á súa obra de ficción, cultivando a poesía e a narrativa tanto para o público infantil e xuvenil como para os adultos, é tamén editor, tradutor e antólogo (*Poetízate*). No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicadas, entre outras, as obras: *O brillo dos elefantes*, *Cidades* (premio Rañolas, 1997; accésit do premio Lazarillo e Lista de Honra da revista CLIJ), *A casa da duna*, *A araña e mais eu*, *Cartas de amor* e *Folperas de Novoneyra*. Participa con relatos en libros colectivos como *O son das buguinas* e *Contos para levar no peto*, entre outros.

cabrafanada.blogspot.com

ARBAT SERAOLS, CARLES Graduado en Deseño Gráfico e técnico en sistemas multimedia. Traballa fundamentalmente como ilustrador con obras como *Em dic Charles Chaplin*, *Em dic Agatha Christie*, *El lladre de llibres*, *El traspás de l'Isidre* (accésit do premio Lazarillo de Ilustración, 1998), *La ciutat dels ignorants* (premio Lazarillo de Ilustración, 2002), *Que vuelvan las vacas locas* (premio Libreter de álbum ilustrado, 2005) e *El Rei del Cul Vermell*. Ás veces tamén escribe os textos dos libros que ilustra. Ao galego traduciuse a obra: *Si, son gorda*.

www.wix.com/carlesarbat/carles-arbat

BABARRO, XOÁN
Calvelo de Maceda
Ourense
1947

Traballou como profesor de Lingua e Literatura Galega. É autor de libros de texto e materiais didácticos, tradutor e mais colaborador en revistas e xornais. No campo da literatura infantil e xuvenil cultiva a narrativa, a poesía e o teatro, escribindo, en moitas ocasións, en colaboración coa súa compañeira Ana María Fernández. Entre as súas numerosas obras podemos citar: *Teatro de todo o ano*, *A chamada das tres raíñas*, *A néboa das escondidas*, *A tea de araña que todo o apaña*, *As bruxas esdrúxulas*, *Os feitizos de Medea*, *Sempre Hausa*, *A princesa de Taramundi* (premio Arume de poesía, 2009) e *Palabra era un universo paralelo* (premio Pura e Dora Vázquez, 2010). Ten recibido ademais os premios O Facho de contos en 1974, O Facho de teatro en 1983 ou O Barco de Vapor en 1985 e en 1989.

bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XoaBabar1

BANSCH, HELGA
Leoben
Austria
1957

Foi profesora e actualmente traballa como artista independente en Viena, tanto no ámbito da ilustración como da pintura. Como ilustradora infantil ten obras como *Chocolata*, *Os tres porquiños*, *O papón* e *Cocorico*. É autora tamén do texto do álbum ilustrado *Petra*, publicado en varias linguas entre elas, o galego.

www.helga-bansch.com

BARRIOS, PEPA
Lugo
1962

Profesora de Lingua e Literatura Española no ensino secundario. Narradora e poeta. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicada a obra: *Cando era tempo de inverno*.

BLANCO, CONCHA
Lires
Cee
1950

Traballou como profesora. Elaborou materiais didácticos para o ensino. É unha das pioneiras no campo da literatura infantil e xuvenil galega. Ten publicadas, entre outras, as obras: *O planeta ceboleiro*; *Os habitantes de Nepecifonilandia*, *A vaca titiriteira* (todas elas premiadas pola Agrupación Cultural O Facho, 1982, 1983 e 1991), *¿Andrómenas?* (finalista do Premio Barco de Vapor, 1988), *IA*

min que me importa! (accésit do premio Lazarillo, 1997), *A maxia da bola metálica e outros contos*, *O milagre de Carola*, *Marcelo non me o pelo*, *Quero que veñan meus pais* e *Encontros ás agachadas* (premio Pura e Dora Vázquez, 2009). Tamén acadou o premio Lecturas "Gálix", 2002 e o premio Novela por entregas de La Voz de Galicia, 2007.

gl.wikipedia.org/wiki/Concha_Blanco

BRENNAN, HERBIE

Irlanda

1940

Estudou periodismo, mais dende mozo interesouse pola psicoloxía, o mundo da física e da tecnoloxía, o deseño de xogos de mesa, os programas informáticos, a investigación psíquica, a Cábala e a Ciencia Sagrada, os vínculos entre a psicoloxía moderna e a física, así como os fenómenos paranormais, bagaxe intelectual que se reflectirá nas súas máis de cen obras de ficción e non ficción, destinadas tanto ao público adulto como ao infantil e xuvenil, obras que, nada máis saír ao mercado, se tornan en moitas ocasións *betsellers*. En galego ten publicados tres volumes da súa saga élfica: *O portal dos elfos*, *O emperador púrpura* e *O reino en perigo*.

CALVEIRO, MARCOS

Vilagarcía de Arousa

1968

Traballa como avogado. No ámbito literario cultiva a narrativa (*Festina lenta* e *Settecento*) e a poesía para adultos (*Cartas do terceiro día*, VIII premio Concello de Carral de Poesía). Aínda que se define como un escritor que rexeita as fronteiras e as etiquetas, en coleccións infantís e xuvenís ten publicadas as obras: *Sari, soñador de mares*, *Rinocerontes e quimeras*, *O carteiro de Bagdad* (premio Ala Delta, 2007), *O canto dos peixes* (premio Barco de Vapor, 2008), *O pintor do sombreiro de malvas* (premio Lazarillo, 2009) e *Centauros do norte* (premio Raíña Lupa, 2010).

alfaias.blogaliza.org

CARBALLEIRA, PAULA

Fene

1972

Licenciada en Filoloxía Hispánica. Traballa como narradora oral, directora teatral, actriz, guionista, narradora e dramaturga. É socia-fundadora do grupo de teatro Berrobombán. No campo da literatura infantil e xuvenil cultiva a narrativa, a poesía e o teatro. Ten publicadas, entre outras, as obras: *Robín e a boa xente*, *A casa redonda*, *A era de Lázaro*, *Alicia & Alicia*, *Boas noites* (premio Manuel María, 2006), *Contrás*, *Correo urxente*, *O ganso pardo*, *Mateo*, *Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima*; *Olo-iepu-iepu*, *Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico*, *Paco*, *Smara* e mais *A cabana de Babaigá*.

bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=PauCarba1&alias=Paula+Carballeira

CARBALLUDE, PEPE

Rubín
A Estrada
1956

Profesor de Latin no ensino secundario, narrador e tradutor. Como autor de literatura infantil e xuvenil ten publicadas, entre outras, as obras: *O xilgalo pintor*, *Os gazafellos* (premio Barco de Vapor, 1987), *O talismán dos druídas*, *Investigación 091*, *O deus desaparecido* (en colaboración con Andrés García Vilariño; premio Barco de Vapor, 1990), *A fraga misteriosa*, *A historia do home-can*, *S.O.S.*, *Romaxe de desventuras*, *¡Maldito D.N.I.!*, *Paisaxe con fondo gris*, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino* (premio Barco de Vapor, 2003), *Miña avoa ten 13 anos* e *Xograres dun tempo novo*.

bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XosCarba&alias=Pepe+Carballude

CASALDERREY, FINA

Xeve
Pontevedra
1951

Traballa como profesora de ensino secundario. Realizou estudos de etnografía, gastronomía, didáctica (especialmente de teatro nas aulas) e colabora habitualmente en xornais. É unha das autoras máis recoñecidas e os seus libros son un referente no campo dos valores transversais. Son súas, entre outras, as obras: *Dúas bógoas por Máquina* (premio Merlin, 1991), *O estanque dos parrulos pobres* (premio Edebé de Literatura Infantil, 1995), *As de mosca para Anxo*, *A lagoa das nenas mudas* (premio Frei Martín Sarmiento, 2009), *Eu son eu*, *Xela volveuse vampira*, *O misterio do cemiterio vello* (Premio Lecturas "Gálix", 2001), *O misterio dos fillos de Lúa* (premio O Barco de Vapor, 1994 e premio Nacional de LIX, 1996), *Quen me quere adoptar?*, (White Ravens, 2006) e *A pomba e o degolado* (premio Hache). Varios dos seus libros están na lista de honra de CLIJ, CCEI e na selección White Ravens da Biblioteca de Múnic.

fina.casalderrey.com

COMINO, SANDRA

Junín
Buenos Aires
1964

Escritora, docente e coordinadora de talleres de escritura e de promoción da lectura, investigadora de literatura infantil e xuvenil, colaboradora habitual de xornais e crítica literaria. É autora de obras como *Así en la tierra como en el cielo* e *La enamorada del muro* (premio A la orilla del viento, 1999). En galego ten publicada a obra *A casaña azul* (premio Iberoamericano "Para leer el siglo XXI", Cuba, 2001).

alfaias.blogaliza.org

CUÑA BÓVEDA, ÁNXELES

Pontevedra
1957

Fundadora da compañía Sarabela teatro. Directora do Centro Dramático Galego nos anos 2006 e 2007. Traballa como directora de escena, adaptadora, actriz e escritora. Resultado da súa contribución ao teatro infantil é a adaptación da obra *Romance de Micomición* e *Adelhalo* de Eduardo Blanco Amor e a súa posta en escena; así mesmo, adaptou e levou a escena a obra *A gata con botas*, baseado no clásico de Perrault e Tiek.

FARIÑA, ANXO

Vigo
1977

Ilustrador, escritor e deseñador de libros infantís e xuvenís en galego. Neste campo ten publicadas as obras *Os magos das formas*, *Xabi non pode durmir* e as series *Don Quixote* e *Breogán*, inspirada na novela de Cervantes; *Antón e Pompón*, contos con rima para os máis pequenos; *Os pelelliños* e *Os Megatoxos*, ambas as dúas de exitosa reedición. E, tamén, o ilustrador da serie *Os contos de Bernardino*.

www.migranha.com

FERNÁNDEZ PAZ, AGUSTÍN

Vilalba
1947

Traballou como profesor de Lingua e Literatura Galega. Foi membro fundador do colectivo Avantar e do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega. É un dos autores máis recoñecido, premiado e traducido da literatura infantil e xuvenil galega con obras que son un referente no campo dos valores transversais. Destacan, entre outras, as obras: *As flores radioactivas* (premio Merlín, 1989), *Contos por palabras* (premio Lazarillo, 1990), *Trece anos de Branca* (premio Edebé de Literatura Xuvenil, 1994), *Cartas de inverno* (premio Rañolas, 1995), *Cos pés no aire* (premio Raña Lupa, 2000), *Aire negro* (premio Protagonista Jove, 2001), *Un tren cargado de misterios* (premio Lecturas "Gálix" 2003), *O meu nome é Skywalker* (premio Barco de Vapor, 2003), *A escola dos piratas* (premio Edebé, 2005) e *O único que queda é o amor* (premio Nacional de LIX, 2008). Varias das súas obras están na Lista de Honra de IBBY, CCEI e selección de White Ravens da Biblioteca de Múnic.

bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=AguFern%E1

FERRER, ÁNXELES

Valdeorras
1957

Licenciada en Ciencias da Educación. Fundamentalmente traballa como ilustradora en obras como *Oso mimoso*, *O quirico lambón*, *Rosalía* e *A campá da lúa*, entre outras. En moitas ocasións é autora das obras que ilustra, con títulos como: *A aventura de Xanzolo*, *Aiko*, *Dunha vez era... unha montaña*, *A pequena árbore*, *Os señores meses*, *Ola, son a lúa*; *O grilo Gastón*, *A pequena árbore* e *Tres princesas namoradas*.

www.vagalumesentreherba.blogspot.com

FLUIXÁ, JOSEP ANTONI

Alzira
Valencia
1959

Actualmente é director da Fundación Bromera para o Fomento da Lectura e durante moitos anos traballou como mestre realizando e coordinando materiais didácticos para o ensino da lingua. É poeta, crítico literario e autor de obras de literatura infantil e xuvenil como *El cap magic*, *Viatge al país dels cocólits*, *Nàufrags sens illa*, *La narradora del desert* e *La ciutat dels gratacels*, entre outras. Ao galego foron traducidas as súas obras: *A narradora do deserto*, *O pirata naufragado* e *A cabeza máxica*.

GIL, CARMEN

La Línea de la Concepción

É licenciada en Ciencias da Educación e traballou durante moitos anos como mestra realizando e colaborando na edición de libros de texto e materiais didácticos. É autora de obras de teatro, narrativa e poesía para os máis pequenos. Ao galego foron traducidas as súas obras: *Un fantasma con asma* e *O sorriso de Daniela* (White Ravens, 2008).

www.poemitas.com

LIENAS, GEMMA

Barcelona
1951

É licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Barcelona. Traballa como profesora e tamén desempeña labores de edición. É feminista activa, ensaísta e narradora para adultos con obras como: *Atrapada en el espejo*, *Pornografía y vestido de novia*, *Quiero ser puta*, *Rebeldes, ni putas, ni sumisas* e *Vivir sin ellos. Los hombres no son imprescindibles...* No campo da literatura infantil e xuvenil é a creadora do personaxe da serie xuvenil protagonizada por Carlota, que nalgún caso se complementa co *Flanagan* de Jaume Ribera e Andreu Martín, da que foi traducida ao galego *O diario vermello de Carlota*.

www.gemmalienas.com

LIVÁN, PACO

Tradutor, adaptador e escritor de literatura infantil. Ten publicadas as obras: *Rato solteiro*, *Manda narices!*, *Gaspar e o pastor de lebres*, *A cousa que máis doe no mundo* e *O soño do oso rosa*. Algunha das súas obras aparecen asinadas baixo pseudónimos.

LÓPEZ RODRÍGUEZ, XAVIER

San Ciprián de Hermisende
Zamora
1956

É licenciado en Ciencias da Información e traballa como xornalista. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicadas, entre outras, as obras: *A abella na orella da ovella*, *A citación*, *A serea do deserto*, *Brumoso*, *Cacaborro*, *Catro pitas*, *Como unha pluma liviá*, *Cor gris vida*, *Días de desterro*, *Lixo*, *Noitebra*, *O aliado inesperado*, *O dromedario nadador*, *O neno que matou a Deus*, *Os globos de andar*, *Un burro hippy* e *Voces de vacas*.

bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=Xavi3pez&alias=Xavier+López+Rodríguez

LORENZO GONZÁLEZ, MANUEL

Vilaboa
1955

Licenciado en Pedagogía, traballa como profesor de Lingua e Literatura galega, realizando e coordinando materiais didácticos. Cultiva a literatura para adultos con obras como *O xardín das pedras flotantes* (premio Xerais, 2008). No campo da literatura infantil e xuvenil publicou, entre outras, as obras de teatro e narrativa: *Auto do Entroido* (premio O Facho, 1994), *No outono das fragas*, *Animais de compañía*, *A leiteira*, *Piñeco*, *Unha pantasma no colexio*, *Ela atopou un nome*, *O que é a vida*, *O patadón*, a serie *Tanis I o Mocos* e *Estanislaou, príncipe de Sofrovia*; *A música da noite* (premio Estornela, 2001) ou *Irmán do vento* (premio Merlin, 2003 e premio Frei Martín Sarmiento, 2005).

bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=ManLoure1

MARTÍN, ANDREU

Barcelona
1949

Realizou estudos de Psicoloxía aínda que traballou dende moi novo como guionista de banda deseñada, ligado á editorial Bruguera. É narrador, especialmente dedicado ao campo da novela negra, dramaturgo e tradutor. Ten unha obra ampla publicada no campo da literatura infantil e xuvenil, resultando de grande éxito a serie protagonizada por Flanagan, famoso detective xuvenil, escrita a catro mans, con Jaume Ribera. Ao galego foron traducidas as obras: *A noite que Wendy aprendeu a voar* e a serie Flanagan formada polos títulos: *Flanagan de luxe*, *Alfagan é Flanagan*, *Flanagan Blues Band*, *Flanagan 007*, *Flanagan*, *só Flanagan*; *Eu tampouco me chamo Flanagan* e *Flanagan Flash-Back*.

andreumartin.wordpress.com

MATA, MARÍA DE

En galego ten publicada a obra *Un día de treboada*.

MORANDEIRA, LUÍSA

Autora, tradutora e adaptadora galega. En galego ten publicadas as obras: *Mister Corvo* e *Valentino*. Algunha das súas obras aparecen asinadas baixo pseudónimos.

MOURE, TERESA

Monforte de Lemos
1969

Traballa como profesora de Filoloxía na Universidade de Santiago de Compostela. É ensaísta, dramaturga e narradora para adultos con obras como *Herba Moura*, *Benquerida catástrofe* e *A xeira das árbores*. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicadas as obras: *A casa dos Lucarios*, *Unha primavera para Aldara* (premio Rafael Dieste de teatro, 2007), *Mamá, ti si que me entendes* e *Eu tamén son fonte*.

bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=TerMoure1&alias=Teresa+Moure

NEIRA CRUZ, XOSÉ A.

Santiago de Compostela
1968

Traballa como profesor na facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela. Desempeñou labores de xornalista, editor, conferenciante, tradutor e director da revista *Fadamorgana*. Escribiu poesía e teatro para adultos. No campo da literatura infantil e xuvenil é autor, entre outras, das obras: *Ó outro lado do sumidoiro* e *As cousas claras* (premio Merlín, 1988 e 2000), *Valdemuller* e *Os ollos do tangaleirón* (premio O Barco de Vapor, 1997 e 1999), *O armiño dorme* (premio Raiña Lupa, 2002); *A noite da Raiña Berenguela* (premio Lazarillo, 2004), *O punta da escarola* (premio Barriga Verde, 2008) e *Sopa de xarope de amora* (Premio Manuel María, 2009). Varias das súas obras foron seleccionadas nas Listas de Honra de IBBY, White Ravens da Biblioteca de Múnic e Banco do Libro de Venezuela.

es.wikipedia.org/wiki/Xos%C3%A9_A9_Antonio_Neira_Cruz

NÚÑEZ, MARISA

Sarria
1961

É unha das responsables de edición da editorial OQO. É narradora, adaptadora, tradutora e antóloga. No campo da literatura infantil ten publicadas, entre outras, as obras: *A cebra Camila*, *O poliño pelado*, *Chocolata* (premio Internacional do Libro Infantil Espace Enfants, 2007), *Cocorico*, *Celestino Tarambainas*, *Ovos Duros*, *Tres osos e Rato Tom* e *Rato Tomasa*. Algunha das súas obras aparecen asinadas baixo pseudónimos.

PAZ, BEGOÑA

A Coruña
1965

É narradora de adultos con obras como *As mellores intencións* e *A ferida*. É poeta, membro da Xeración Bloguer e defensora da poesía de post it. Participou en volumes colectivos como *Narradoras*, *Tripulantes* e *Poesía para bacterias*. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicada a obra: *Norocai*.

lasmanerasderecogerseelpelo.blogspot.com

PEYDRÓ, EVA

Valencia
1962

Valenciana. Escritora. É especialista en tradución, educación e arte moderna. Publicou as obras *Les vacances de Saïda* e *El tesoro de Saïda*, que teñen como protagonista unha rapaza saharahuí. A primeira delas foi traducida ao galego co título de *As vacacións de Saïda*.

QUEIPO, XAVIER

Santiago de Compostela
1957

É licenciado en Bioloxía, Medicina e Cirurxía. Traballa en Bruxelas como funcionario da Unión Europea. Tamén desempeña labores de xornalista, colaborando habitualmente en suplementos literarios e revistas. É ensaísta, tradutor, poeta, e narrador, con obras de literatura para adultos como *Artico e outros mares* (premio da Crítica Española de Narrativa, 1990), *Diarios dun nómada*, *Ringside*, *O paso do noroeste* (premio García Barros, 1996) e *Malaria sentimental*, entre outros. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicadas, as obras: *Saladina*, *A illa dos cangrexos violinistas* e *O espello e o dragón*.

www.xavierqueipo.com

QUINTIÁ, XERARDO

Friol
1970

Dentro da literatura para adultos é poeta e narrador con libros como *Poesía en ruta* (premio Fermin Bouza Brey), *Finísimo po nas ás* e *Un rabaño de ovellas brancas*, entre outros. É tamén autor de guías de viaxe da xeografía galega. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicadas as obras: *A verdadeira historia do burro Feldespato*, *Titiritesa* e *Ke-Tumba Ke-Tamba*. Participou en volumes colectivos como *Tres blues e un rap*, *A semente aquecida da palabra* e *Negra sombra*. *Intervención poética contra a marea negra*.

bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XerQuint&alias=Xerardo+Quinti%E1

REIMÓNDEZ, MARÍA

Lugo
1975

Licenciada en Tradución e Interpretación, traballa como tradutora e intérprete. É militante feminista a prol das mulleres en situación desfavorecida, sendo a creadora da ONG *Implicad@s no Desenvolvemento*. É tamén articulista e investigadora. Dentro da literatura para adultos escribiu obras de poesía e narrativa, como *Moda galega* e *O club da calceta*. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicadas as obras: *A videoconsola*, *Usha*, *Lía e as zapatillas de deporte*, *O monstro das palabras*, *Pirata* e a serie *Misterio*, onde se mestura a aventura e a xeografía galega. Participou en libros colectivos como *O son das buguinas* e *Camiñan descalzas polas rochas*.

bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=MarReim%F31

RIBERA, JAUME

Sabadell
1953

Licenciado en Ciencias da Información. Escritor e guionista de banda deseñada, ligado á editorial Bruguera. É especialista en novela negra e policial. É autor, xunto con Andreu Martín, da serie protagonizada por Flanagan, famoso detective xuvenil, traducida a varios idiomas e premiada en varias ocasións con premios como o Nacional de Literatura Xuvenil 1989; o Columna Jove, 1994; Crítica Serra d'Or de creación xuvenil, 1997 e Columna, 2003. Dentro desta serie en galego foron publicadas as obras: *Flanagan de luxe*, *Alfagan é Flanagan*, *Flanagan Blues Band*, *Flanagan 007*, *Flanagan*, só *Flanagan*; *Eu tampouco me chamo Flanagan* e *Flanagan Flash-Back*.

iflanagan.com

SIERRA I FABRA, JORDI

Barcelona
1947

É licenciado en Xornalismo. Traballa como escritor, ensaísta e director da Fundación Jordi Sierra i Fabra. Foi candidato ao premio Hans Christian Andersen por España; é autor dunha extensa obra que abrangue todos os xéneros e supera xa os catrocentos libros, recoñecida con premios como o Barco de Vapor, Nacional, Protagonista Jove, Edebé Xuvenil, Gran Angular, A la orilla del viento, Abril, etc., e vertida a máis de vinte idiomas. Ao galego foron traducidas as obras: *Durmindo sobre os espellos*, *Kafka* e *a boneca viaxeira*, *As soidades de Ana*, *Do outro lado do espello*, *O meu cole* e *Nun lugar chamado Guerra*. Varios dos seus libros están na Lista de Honra CLIJ e CCEI, na selección dos "Mellores do Ano" da revista *Faristol*, Placa de prata e Libro de Oro de Ediciones SM, os mellores da Selección FGSR, do Banco do Libro de Venezuela, *White Ravens*, etc.

www.sierraifabra.com

SORIANO RADÍO, LUZ

Offenbach-Main
Alemaña
1967

É licenciada en Farmacia. Traballa como Inspectora de saúde pública. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicada a obra *Alba de Vilalba*.

**VÁZQUEZ FREIRE,
MIGUEL**

Corcubión
1951

É licenciado en Filosofía e traballa como profesor de ensino secundario, realizando diversos materiais didácticos. Desempeñou actividades de editor, articulista, crítico de LIX e director da revista de banda deseñada infantil *Golfinho*. Dentro da literatura para adultos escribiu *Galería de esquecidos de Feliciano Lovelos*. No campo da literatura infantil e xuvenil ten publicadas, entre outras, as obras: *Proxecto pomba dourada*, *A malvada María Xosé*, *Anxos en tempos de chuvia* (Lista de Honra do IBBY, 1999), *As aventuras do Gato Bógar*, *A cor do elefante*, *A princesiña Socorro*, o *trabeiro Carolo* e o *demo dos cornos* (en colaboración con Gloria Sánchez); *O neno que tiña medo dos robots*, *O robot que tiña medo dos nenos*; *María é maior* e *Contos de Reis e de Nadal*.

www.xerais.es/cgigeneral/ficha_autor.pl?id_autor=200770&id_sello_editorial_web=13&id_funcion=44

ARBAT SERAOLS, CARLES Ver entrada de Escritor.

BANSCH, HELGA Ver entrada de Escritora.

BARROS, XULIA

Buenos Aires
1968

Licenciada en Belas Artes na especialidade de escultura, introdúcese na ilustración a partir dun curso impartido por Asun Balzola e dende 1994 compaxina a ilustración editorial co deseño gráfico para serigrafía téxtil ou murais. Como ilustradora de literatura infantil, súas son as imaxes de *O cacarabicolé*, *Pedro e a nubes*, *Don Cosme e o telegrama amarelo*, *Reino verde*, *Cataventos e Cía*, *O son das buguinas*...

CASTELAO, PATRICIA

A Estrada
1974

Ten realizado estudos de Medicina e acupuntura. Traballa en carteis, imaxe de campañas, animación (*El sueño de una noche de verano*, *DonkeyXote*) e ilustración de libros escolares. Integrante do grupo de ilustradores Baobab Estudio, a súa actividade principal é a ilustración de libros de literatura infantil como a serie *Amancio Amigo*, *Sí, poesía*; *A lagoa das penas mudas*, *Unha cabana na Lúa*, *Contos prodixiosos*, *I*; *Alvaro é Alvaro*, *O sombreiro Chichiriteiro*, *Un bote de caramelos*, *El fantasma de Canterville*, *La diferencia entre un fantasma y un espectro*...

www.pcastelao.com

CLARIANA, ANNA

Terrassa
1958

A ilustradora de *A narradora do deserto* traballa como deseñadora, cartelista e ilustradora de libro escolar e de literatura infantil con títulos como os da colección *Caballo ZOO*, *Calabacín*, *Arca de Noé*, *Una mala idea*, *La Palmera Cocotera*, *¿Quién necesita un sombrero mágico?*, *La magia de Iker*, *Como un calcetín*, *O osiño de Tonia*, *Marieta*, *El soldadet de plom*, *Singlots*, *Il piccoletto*, *El senyor sol i la senyora ericó* (gañadora da cuarta edición do Premi Parcir d'Album Infantil Il•lustrat),... Foi accésit do premio Lazarillo de Ilustración 2000 con *Somriures* e autora do Cartell per al Salò del llibre infantil i juvenil (OEPLI, 1998).

annaclariana.blogspot.com

CORDERO HERMIDA, SERGIO

Ilustrador de *As vacacións de Saida*.

COSTA MUÑOZ, ANTELA Ilustradora de *A gata con botas*.

DA SILVA, KIKO

Vigo
1979

Licenciado en Belas Artes na especialidade de pintura. Como promotor da revista *BD Banda*, director da colección de álbumes homónima na editorial Faktoría K e director da revista *Retranca*, é un dos principais dinamizadores da edición galega de banda deseñada. Colaborou na revista de cómic infantil-xuvenil *Golfinho* coa serie *Fiz nos biosbardos*, así como en *Mister K* e, aínda na actualidade, en *El Jueves*. Ademais, traballa como humorista gráfico para *La Voz de Galicia*. O seu traballo gráfico en diferentes formatos mereceu recoñecementos como o Premio Ourense ao mellor autor afeccionado en 1996, o accésit no certame do INJUVE na modalidade de ilustración ou o Premio de humor do Museo da Imprensa do Porto. Como ilustrador infantil, é autor de *Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis*; *Sar, Sarela e os monstros de Compostela*; *A noite da rainha Berenguela*, *Dez contos de Andersen...* así como de *¿Que contan as ovellas para durmir?* ou *Moncho e a mancha*, de cuxo texto tamén é o autor.

kikodasilva.blogspot.com

FARIÑA, ANXO

Ver entrada de autor

FERNÁNDEZ SERRANO, JACOBO

Vigo
1971

Licenciado en Belas Artes, debuxante e retratista, recibiu o Primeiro Premio na Bienal de Caricatura de Ourense no ano 2000. É autor dos cómics *Os amigos de Archibaldo Roque* e *Aventuras de Cacavequi* (Premio Ourense de Banda Deseñada do ano 2007). Como ilustrador de libros infantís publicou a serie *As aventuras de Nunavut* (*O nacemento de Nunavut*, *Un día de caza*, *O caribú namorado e Sedna, a deusa do mar*), a das festas do ano (*O San Xoán*, *Os Maios*, *O Entroido*, *O Nadal*, *O Magosto*), *Vacas na cidade*, *Eiyou e o seu nome*, *Tres contos maravillosos*, *A filla do ladrón de bicicletas...* Ademais das imaxes, é tamén o autor do texto de *A gardería de dona Bixelmina*, *A pedra e as formigas* e *Mil cousas poden pasar. Libro I* (Premio Merlín de Literatura Infantil 2009).

jacobofernandezserrano.blogspot.com

FERRER, ÁNXELES

Ver entrada de autora

FILELLA GARCÍA, LUIS

Barcelona
1961

Ilustrador, radicado en Barcelona, que traballa no campo da publicidade, tarxetas de felicitación, libro escolar e libro infantil. Entre outras, pódense citar as súas obras: *A escola dos piratas*, *Down*, *Noche de Reyes*, *Las mil caras del diablo*, *Los reyes del barrio*, *El señor Guerra y la señora Paz*, *Las huellas misteriosas* ou *Los niños de cristal*.

filellailustracion.blogspot.com

FRA GÁLVEZ, IRENE

Mataró
1971

Licenciada en Belas Artes, realiza cursos de formación en gravado calcográfico e litográfico. Dedicase á ilustración de libros infantís e de texto. En 2005 participa na exposición *Ilustrísimos* de ilustradores españois organizada para a Feira do Libro de Boloña. Entre outros, ten ilustrado os libros: *Polgariño, Chinto e Tom, A festa no faiado, A valente bailarina de plástico, El loco de la ría, De punta a Punta, Los libros de la almohada, Un esqueleto en el armario, Sumergirse en el agua, La guerra de Amaya, El corazón del sapo, Frases ingeniosas, El árbol de Julia, Oro de Indias; Pantaleón, en todo como un león; Los inventores de cuentos e De punta a punta* (Premio Álbum Ilustrado do Gremio de Libreros de Madrid 2010).

irenefra.com

GALLIO, RENATA

Udine
Italia
1963

Ilustradora premiada no Concorso di Bordano, 2003 e 2005; seleccionada para a feira do libro infantil de Boloña no 2005 e 2006 e na Bienal de Ilustración de Zagabria. Ademais de ilustrar libros en italiano, faino en galego (*Valentino e As dentaduras de Paco Palma*), en castelán (*La princesa que no sabía reir*) ou en inglés (*Don't Call Me Sidney*).

LIMA, TERESA

Lisboa
Portugal
1962

Licenciada en Belas Artes na especialidade de pintura, é profesora de Deseño e Historia da Arte no ensino secundario. A partir de 1994 dedicase á ilustración de libros infantís e xuvenís. Dende entón foi distinguida con diversos premios, nomeadamente o Prémio Nacional de Ilustração de Portugal 2006 polo libro *Histórias de Animais*. As ilustracións de *Os sete cabritiños* foron seleccionadas para formar parte da mostra da IV Bienal Internacional de Ilustração para a Infância 2009, *Ilustrarte*. Outros libros ilustrados por ela son *Se os bichos se vestissem como gente, Ovos duros e Fiz, o coleccionista de medos*.

LÓPEZ, NOEMÍ

Lugo
1974

Estudou deseño gráfico e traballa neste campo así como no da animación, escenografía e, fundamentalmente, ilustración de libros de texto e de literatura infantil. Varios dos seus carteis resultaron premiados. Ilustrou, entre outros, os seguintes libros: *As porcas porquiñas, Xogar Cangas e asociados, María está a pinta-la mar, Olo-íepu-íepu, Os catro amigos, Adiviñas para xogar, Os ladróns de tixolas, A alfombra falsa, A raposa na galiñeiro, A viaxe a Compostela de Rato Ratoní, Guía ilustrada da Galicia invisible, Xela volveuse vampira e O vixilante dos soños*.

www.agpi.es/ilustrador.php?id=50

LUCIANI, REBECA

La Plata
 Arxentina
 1976

Estuda Belas Artes. Desde o 2000 reside en Barcelona onde colabora en prensa e traballa como ilustradora, con máis de vinte libros no seu haber, como *O sorriso de Daniela*, *Os oficios de Xan*, *La nube de Martín*, *La torre de la donzella*, *Carnaval*, *25 cuentos populares de Europa*, *El cuento del cafecito...*

www.rebecaluciani.com

MAGUTIS, JORGE

Madrid
 1967

Licenciado en Belas Artes, traballa como deseñador gráfico e ilustrador. Ata o momento, ten ilustrado *Aconteceu en marzo*, *A dama da luz* e *A casa azul*.

ODRIOZOLA, ELENA

Donostia
 1967

De familia de pintores, estuda arte e decoración. Traballou en publicidade ata que decidiu dedicarse exclusivamente á ilustración de libros como *A princesa que bocexaba a todas horas* (Segundo Premio do Ministerio de Cultura ás mellores Ilustracións de Libros Infantís e Xuvenís editados no 2005), *La historia de Noé*, *Un regalo del cielo*, *Marte y las princesas voladoras*, *El viento de los sauces*, *Cuando sale la luna*, *Bichos raros*, *La bella mandarina*, *El arca y yo*, *La Princesa y el guisante*, *Magali por fin lo sabe*, *Los despistes de Matías*, *Enid y el secreto del acantilado*, *Marlene y el taxizapato*, *Hortensia y el teatro de la vida*, *Rumbo sur*, *Aplastamiento de las gotas* (Premio Euskadi de Ilustración 2009) ou *Oda a una estrella* (Premio CJ Picture Book Award 2010 na categoría New Publications).

sol-e.com/bancorecursos/museo.php?id_tabla=1057&letra=O

OTERO "PEIXE", PABLO

Ourense
 1979

Licenciado en Belas Artes, os seus debuxos, esculturas e pinturas expuxéronse en diversas galerías galegas. A súa traxectoria artística tamén está vencellada ao cómic, as escenografías para teatro e o cartelismo. Creador do álbum *ABC diario*, como ilustrador de libro infantil ten publicado *Lolo* (con texto seu tamén), *Mateo*, *303 adiviñas*, *O príncipe das sombras*, *Cidades*, *Deseñadora de hora en hora*, *A raíña de Turnedó*, *Rato Pincho* ou *A cabana de Babaigá*.

sol-e.com/bancorecursos/museo.php?letra=O&id_tabla=316

PARRA MORACHO, BEATRIZ

Ilustradora do libro *Norocai*.

PINTOR, DAVID

A Coruña
 1975

É ilustrador, humorista gráfico, caricaturista e pintor. En 1993 empeza a traballar co guionista Carlos López e a publicar baixo o pseudónimo de Pinto & Chinto tiras cómicas en diversos xornais estatais; na actualidade publicanse diariamente no xornal *La Voz de Galicia*. Creador, xunto a Chinto, do personaxe de cómic *Tito Longueirón*,

publicado primeiro na prensa e logo en álbum; como ilustrador colaborou en revistas como *Golfiño* ou *BD Banda* e foi seleccionado para a mostra de ilustradores da feira de Boloña de 2007 e 2010, entre outras distincións e premios. As súas creacións ilustran libros infantís como *Suca*, *Historia de Román o bombeiro*, *O pequeno da familia fantasma*, *Unha bruxa ben rara*, *Miña avoa ten trece anos*, *A peripécia de Roi*, *Contos para nenos que dormen deseguida* ou *Encontros ás agachadas* (Premio Pura e Dora Vázquez de ilustración 2009).

www.davidpintor.com / davidpintor.blogspot.com

PRIETO, IVÁN

O Barco de Valdeorras
1978

Licenciado en Belas Artes, traballa como artista plástico, nos campos da pintura e a escultura, acadando diferentes bolsas, premios e mencións. *¡Manda narices!* e *A nena e o grilo* son as súas primeiras incursións na ilustración infantil.

ivanprieto-art.blogspot.com / www.ivanprieto.com

QUARELLO, MAURIZIO

Torino
Italia
1974

Deseñador gráfico e ilustrador, a súa obra mereceu variados recoñecementos internacionais e está publicada en diferentes linguas: *Titiriteso*, *Caderno de animalista*, *O papón*, *Míster Corvo*, *Marizul, que soña que soña que soña...*, *Ollobrusco*, *A bruxa regañadentes*, *Effets secondaires*, *Au bout des rails*, *Barbe-Bleue*, *Histoires naturelles*, *Le voyage de la Femme Éléphant*, *Babau cerca casa*, *Nato straniero*, *Una storia di magia* ou *Ciccio il maiale quadrato*.

www.quarello.com

QUESADA, MAIFE

Zamora
1957

Portadista e cartelista. Pioneira da ilustración de libros de literatura infantil galega. A súa obra, seleccionada para diferentes exposicións internacionais como a Bienal de Ilustración de Bratislava ou o Premio Internacional Catalonia e destacada pola revista CLIJ, componse de máis dunha trintena de libros de texto e dun cento de libros de literatura infantil, entre eles *Os Enredos de Olalla*, *Adiviñas*, *As Cinco Amigas*, *Xogos Infantís*, *Noite de Reis en Kalpankalá*, *A Nena Branca de Vilamaxín*, *Cincenta*, *Cantarolas*, *A Serea do Deserto*, *Los Cuentos de Maricastaña*, *El Collar del Rey* ou *¿Quen me quere adoptar?*

www.agpi.es/ilustrador.php?id=16

RAMOS, MARÍA TERESA

Tarragona
1948

Cursou estudos de Debuxo e Pintura, e de Deseño Gráfico. Licenciada en Música e Piano, é experta en publicidade gráfica e traballa como ilustradora de libros infantís. Entre outros, ilustrou *El diminut Piti*, *Els esclops de la sort*, *El verdadero final de la Bella Durmiente* (Premio Ciudad de Barcelona 1996) ou *O espello e o dragón*.

sol-e.com/bancorecursos/museo.php?letra=R&id_tabla=822&seccion=Biografia

RIESTRA, MARIANA

A Coruña
1975

Estudou Ilustración e Deseño Gráfico na Escola de Artes Pablo Picasso da Coruña. Traballa como deseñadora gráfica. É autora das ilustracións de *Alba de Vilalba*, *Un día de treboada*, *A casa de auga*, *Xiz de cor* e *El niño que dibujaba gatos y otros cuentos japoneses*.

SENDE, IVÁN

Vedra
1977

Estudou Ilustración na Escola de Artes Pablo Picasso da Coruña. Realizou instrumentos tradicionais de barro, vendeu acuarelas na rúa e impartiu clases na escola de Arte Altaira. Ilustrou *Bea* (de cuxo texto tamen é autor), *Lía e as zapatillas de deporte*, *O monstro das palabras* e *Usha*.

cadernodeapuntes.blogspot.com

TOMÁS, XOSÉ

Betanzos
1971

Traballa como profesor. Realiza murais, carteis, humor gráfico, deseño de mascotas e campañas... e, especialmente, banda deseñada (*Compañeiros, Tolos...*) e ilustración de libros infantís como a serie *Rodribico* ou as obras *Flis-fli-ris-flás*, *Contos de Reis e de Nadal*, *María é maior*, *O neno que tiña medo dos robots/O robot que tiña medo dos nenos*, *Xurxiño quere ser...*, *Cando eu saiba ler*, *O arco da vella*, *Carolina e os caracois*, *Sabeliña e os ratos* ou *O monstro dos Ancares*.

www.xosetomas.com/xosetomas.blogspot.com

UHÍA, MANUEL

Portonovo
1944

Comparte a pintura co deseño gráfico, o cartelismo e a ilustración de libros escolares e de literatura infantil. É un dos ilustradores máis recoñecidos do panorama galego, como o demostran as múltiples mencións recibidas: seleccionado polo Ministerio de Educación e Cultura para a exposición "A todo color" no 2000 e para a Bienal de Bratislava en tres ocasións; conta coa Mención Especial no Salón de Avignon 83 e Mención da Exposición de Otoño de Evian 84; ten o Premio do Concurso Mascota R.C. Celta de Vigo 1996 e o Primeiro Premio do Concurso de Imaxe Corporativa de Caixanova; está incluído na lista de Honra do XXXVI Premio CCEI 1997... Ademais de autor das imaxes, escribiu os libros infantís *Pinturiño*, *IPiratas na buguinal*; *Evaristo, un corvo moi listo*; *O paraestrelas*, *O caracol sen sol* e *O autobús da selva*. Entre os libros que ilustrou figuran *Pimpín e dona gata*, *As bruxas esdrúxulas*, *Imos xuntos camiñar*, *IlLumell*, *Trece anos de Branca*, *Isha, nacida do corazón*, *A galiña da paz*, *Lolo anda en bicicleta* (premio Rañolas de Ilustración 1997), *A vella quenlla perde os dentes*, *As de mosca para Anxo*, *Rabibranca* ou *A princesa que venceu a sombra*.

www.agpi.es/ilustrador.php?id=44

PRELECTORADO E LECTORADO INICIAL

Alba de Vilalba	10
Cabana de Babaiagá, A	12
Chocolata	14
Dulcinea, a nena cabaleira	16
Espello e o dragón, O	18
Manda narices!	20
Neno que tiña medo dos robots, O / Robot que tiña medo dos nenos, O	22
Petra	24
¿Quen me quere adoptar?	26
Sorriso de Daniela, O	28
Titiritesa	30
Tres princesas namoradas	32
Un día de treboada	34

LECTORADO AUTÓNOMO

Escola dos piratas, A	36
Gata con botas, A	38
Narradora do deserto, A	40
Ola, estúpido monstro peludo	42
Ovos duros	44
Princesa que venceu a sombra, A	46
Sedna, a deusa do mar	48
Si, son gorda	50
Tita	52
Tres irmás ladroas	54
Vacacións de Saida, As	56
Valentino	58
Xela volveuse vampira	60

LECTORADO MOZO

Casiña azul, A	62
Chamando ás portas do ceo	64
Cor gris vida	66
Lagoa das nenas mudas, A	68
Miña avoa ten 13 anos	70
Noite da raíña Berenguela, A	72
Norocai. Libro Primeiro. A illa durmida	74
Usha	76

LECTORADO DE FRONTEIRA

Cando era tempo de inverno	78
Cartas de amor	80
Casa dos Lucarios, A	82
Corredores de sombra	84
Diario vermello de Carlota, O	86
Diario vermello de Flanagan, O	88
Do outro lado do espello	90
Ela atopa un nome	92
Illa Soidade	94
Poetízate	96
Portal dos elfos, O	98
Rinocerontes e quimeras	100
Rúa Carbón	102
Saladina	104
Sombra descalza, A	106
Son das buguinas, O	108

escritoras e escritores

Abeleira, Xoán	48
Aleixandre, Marilar	102, 108
Alfaya, An	94, 106, 108
Alonso, Fran	96, 80, 108
Aneiros, Rosa	108
Arnal, Txabi	54
Arbat Serarols, Carles	50
Babarro, Xoán	46
Bansch, Helga	24
Barrios, Pepa	78
Blanco, Concha	52
Brennan, Herbie	98
Calveiro, Marcos S.	100
Carballeira, Paula	12
Carballude, Pepe	70
Casalderrey, Fina	60, 26, 42, 68
Comino, Sandra	62
Cuña Bóveda, Anxeles	38
Fariña, Anxo	16
Fernández Paz, Agustín	36, 84, 108
Ferrer, Anxeles	32
Fluixà, Josep Antoni	40
Gil, Carmen	28
Lienas, Gemma	86
Liván, Paco	20
López Rodríguez, Xavier	66
Lourenzo González, Manuel	92
Martín, Andreu	88
Mata, María de	34
Morandeira, Luísa	58
Moure, Teresa	82
Neira Cruz, Xosé A.	72
Núñez, Marisa	14, 44
Paz, Begoña	74
Peydró, Eva	56
Queipo, Xavier	18, 104
Quintiá, Xerardo	30
Reimóndez, María	76, 108
Ribera, Jaume	88
Ruíz, Dolores	108
Sierra i Fabra, Jordi	64, 90
Soriano Radío, Luz	10
Vázquez Freire, Miguel	22

ilustradoras e ilustradores

Arbat Serarols, Carles	50
Bansch, Helga	14, 24
Barros, Xulia	108
Castelao, Patricia	68
Clariana, Anna	40
Cordero Hermida, Sergio	56
Costa Muñoz, Antela	38
Da Silva, Kiko	72
Fariña, Anxo	16
Fernández Serrano, Jacobo	48
Ferrer, Anxeles	32
Filella, Luis	36
Fra, Irene	42
Gallio, Renata	58
Lima, Teresa	44
López, Noemí	52, 60
Luciani, Rebeca	28
Magutis, Jorge	62
Odriozola, Elena	54
Otero, Pablo	12
Parra Moracho, Beatriz	74
Pintor, David	70
Prieto, Iván	20
Quarello, Maurizio A. C.	30
Quesada, M ^o Fe	26
Ramos, Maite	18
Riestra, Mariana	10, 34
Sende, Iván	76
Tomás, Xosé	22
Uhía, Manolo	46

galix
asociación
gallega
de teatro
infantil e xovani



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE invierte no teu futuro"



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE POLÍTICA SOCIAL,
E IGUALDAD



XUNTA
DE GALICIA